

**Jean Froissart**

# **Crónica de Galiza no século XIV**

**Tradución, introdución e notas:  
Henrique Harguindey Banet**



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Froissart: Crónica de Galiza no século XIV. Tradución ao galego de Henrique Harguindey. <http://palabrasdesconxeladas.gal>

## INTRODUCCIÓN

### O autor

Nacido no condado do Hainao -hoxe case integramente en territorio de Bélxica lindando con Francia- Jean Froissart (ca. 1337- post. 1404) é de familia burguesa e abandona o comercio pola clerecía e as letras. Entra ao servizo da condesa Filipa de Hainao -futura raíña de Inglaterra ao casar con Eduardo III- e acompañaa á corte de Londres. Posteriormente, ao morrer aquela, muda de señores e desprázase moito ao longo da súa vida. A súa mobilidade entre os poderosos permítelle estar na cerna dos acontecementos máis relevantes da Europa do seu tempo e contactar cos persoeiros que tomaron parte nas decisións e viviron os principais feitos de armas. As súas voluminosas Crónicas, que se estenden de 1325 a 1400, mesmo se por veces semellan un relato cabaleiresco, son unha fonte impresindible para coñecermos a historia da Europa do século XIV.

### A crónica de Galiza

As crónicas de Froissart van debullando eses setenta e cinco anos da historia de Europa con épocas e países que por momentos se entrecruzan e se ensarillan. As referencias a Galiza pódense atopar en distintas ocasións (xeralmente vencelladas coa peregrinaxe a Compostela) mais é entre 1366 e 1388 cando o noso país “soa” coa guerra civil castelán e a da sucesión derivada dela. Son os textos que tratan deses momentos os que traducimos para formarmos esta “Crónica de Galiza”.



Escudo dos reis de Galyce,  
(Armorial Segar, Inglaterra, ca. 1282)

## A nosa edición

Pódense empregar con solvencia distintas edicións das Crónicas de Froissart, e nós temos utilizado a do barón Kervyn de Lettenhove (en 25 tomos: 1867-1877) que se atopa en liña na biblioteca dixital Gallica da Biblioteca Nacional de Francia. Certamente existen edicións posteriores mais no que se refire aos textos dos periodos que nos interesan non ofrecen maior seguranza. Velaí un exemplo: a edición de Siméon Luce –avalada pola Société d’Histoire de France e continuada posteriormente por outros historiadores- no seu tomo VI (París, 1876) e malia reproducir correctamente no corpo o texto do cronista que fala da promesa de Pedro o Cruel ao príncipe de Gales de facer rei de **Galiza** o fillo deste se lle axuda a recuperar o trono, fala na páxina LXXXVIII (introdución de Luce) de facelo rei de **Castela**. Lamentablemente, este tipo de erros repítense na mesma edición, pois no tomo 13 (1957) –ao coidado de Léon e Albert Mirot- en tanto que o texto de Froissart fala de Besances como « *la derraine bonne ville de **Galice** au lez vers le Portingal* », a introdución destes dous historiadores caracterízase como « *la dernière ville de **Castille** devers le Portugal* » (p. LIX). Tampouco edicións actuais máis « divulgativas » e doadas de atopar en librería son aconsellabeis nalgúns casos, tal acontece coas crónicas en curso de publicación por Éditions Paléo que están inzadas de erros e confusións produto do desleixo, e mesmo de numerosas incorreccións en lingua francesa.

## A Galiza de Froissart

A conquista de Galiza polas tropas do duque de Lancaster non foi tratada en profundidade polos historiadores, polo que resulta moi descoñecida e moitas veces transmítense informacións erróneas sobre ela remitíndose ás crónicas de Froissart<sup>1</sup>.

Para comezar, non hai constancia ningunha de que o cronista estivese na nosa terra, nin coas tropas de Lancaster nin noutra ocasión. Froissart non alude en absoluto a esta eventualidade.

Tampouco nas súas crónicas consta que o duque de Lancaster fixara a corte en Ourense. En todo momento dá Froissart como lugar de residencia Compostela. Só circunstancialmente, antes do paso a Castela co rei de Portugal e inmediatamente despois da precipitada retirada, se aloxa o duque en Ourense, antes de regresar, gravemente enfermo, a Santiago.

E nas crónicas non figura alusión ningunha a unha coroación do duque, nin como rei de Galiza nin como rei de Castela ou de España.

Tamén é frecuente mesturar reinados e guerras de períodos próximos, tomando polo mesmo momento o de Pedro o Cruel e Henrique de Trastámara e

---

<sup>1</sup> Fundamentalmente, só é correcta a información de Anselmo López Carreira en *O reino medieval de Galicia* (Edicións A Nosa Terra . Vigo, 2005, pp.412 a 414).

mais o de Lancaster e Juan I<sup>2</sup> de Castela. Por exemplo: a fortaleza de Celme, en Rairiz de Veiga, non puido ser tomada polas tropas de Lancaster en 1366 senón vinte anos despois.

### Escuridades e erros das crónicas

Tense sinalado que a parte referida aos enfrontamentos entre Castela e Portugal e os de Inglaterra e Castela é a máis imprecisa e mesmo suxeita a erros entre as crónicas de Froissart. Galiza significaba para el un territorio afastado e descoñecido, de referencia indirecta e do que non posuía gran documentación; os mapas tampouco non fornecían moitos detalles. A estrañeza que lle producían os nomes refréndase coas palabras do duque de Lancaster a Lourenço Fogaça cando este, narrándolle a batalla de Aljubarrota, lle recita unha longa serie de cabaleiros portugueses:

*Entón comezou o duque de Lancaster a rir e Lourenço Fogaça preguntoulle:*

*- Señoría: Por que rides?*

*- Por que? -dixo o duque- É ben razón. Nunca en xamáis teño ouvido tantos nomes tan fortes e estraños como os que agora ouvín nomear.*

É natural a confusión de Froissart ante nomes de localidades afastadas e -para el- misteriosos ecos. Máxime cando os informantes británicos lle transmiten xa deturpados eses nomes. Isto provoca que moitos dos lugares sexan para nós ilocalizables hoxe.

O cronista sitúa *Rueullès* a sete leguas de Compostela e semella imposíbel identificar ese lugar (diante do que os ingleses pasan ao iren por forraxe) con Roales de Campos (Valladolid) -onde sabemos que no ano seguinte estivo Lancaster ao entraren en Castela as tropas anglolusas- ou con Roales del Pan (Zamora) ao estaren ambas localidades distantes de Compostela máis de 350 e de 400 quilómetros.

Pola mesma razón da distancia, a vila de *Cloppès* -que Froissart sitúa expresamente en Galiza, a unha boa xornada de distancia a cabalo de Compostela- tampouco pode ser identificada co Villalobos de Zamora, a uns 375 quilómetros.

---

<sup>2</sup> Utilizamos a práctica habitual de empregar nos nomes de persoas estranxeiras moi coñecidas (reis e raíñas, papas, etc) o nome traducido e non o orixinal (Henrique, Eduardo, Ricardo, Filipa, etc. e non Enrique, Edward, Richard, Philippa, etc.). Só cando podería producirse confusión, como no caso dos dous reis enfrontados que levan o mesmo nome (Xoán I de Castela e Xoán I de Portugal) mantemos o nome na lingua orixinal, distinguindo Juan I e João I. Nos nomes dos personaxes menos coñecidos usamos o seu nome inglés, francés, galés, etc. actual (William, Henry, Jean, Renaud, , Evan, etc.) e nos nomes portugueses empregamos a forma que aparece na *Crónica de D. João I* de Fernão Lopes.

Despois de tomaren Ribadavia, os ingleses diríxense a *Maurès/Marès, unha boa vila tamén en Galiza*, en palabras de Froissart, quen asegura que para parlamentaren cos ingleses saíron da vila cincuenta homes de entre os máis notábeis. En canto que a maior parte dos editores modernos das Crónicas optan prudentemente por non se arriscaren nunha hipótese, outros propoñen a vila (hoxe portuguesa mais de dominio cambiante nas derradeiras décadas do século XIV) de Guimarães.

Da cidade que el denomina *Besances* di Froissart rotundamente que *é nun dos recunchos de Galiza a derradeira boa vila cara ao reino de Portugal e está no camiño dereito ao Porto e a Coímbra*. Non se trata, logo, da capital da terra das Mariñas, aínda que algúns editores a identifiquen como Betanzos, pois xa Kervyn de Lettenhove estableceu inequívocamente que se trata de Braganza<sup>3</sup>. Hai constancia documental da presenza de Lancaster nese momento e alí, na aldea de Babe, tras o casamento da súa filla co rei de Portugal, Xoán de Gante e Constanza de Castela renuncian aos dereitos que lles puidesen corresponder sobre terras portuguesas

E a outra vila que resta por identificar é *Noye/Noie*. De primeiras cómpre descartar que se trate do porto das Rías Baixas. O propio Froissart dános a clave ao afirmar de xeito claro que se atopaba en Galiza cara a Castela:

- *Sería ben que enviásedes ata cen lanzas á vila e o castelo de Noye, porque se eles tivesen estes e mais o castelo da Coruña dominarían os dous lados da entrada de Galiza.*

E reitera en diante:

- *Do mesmo xeito que a Coruña é unha das chaves de Galiza pola banda do mar, o castelo de Noye é pola banda de Castela outra chave*

Pode resultar esclarecedor o que sinala o cronista: nunha xornada cabalgando chégase de Besances/Braganza ou de Ourense a Noye. Pensariamos en principio que, dependendo das características do grupo viaxeiro e da dificultade do terreo, a distancia podería oscilar entre os 60 e 100 quilómetros. Iso situaría o castelo e a vila de Noye, partindo de Ourense ou de Braganza, na zona de Verín. Alá atopábase o castelo de Monterrei, de contrastada importancia estratéxica e de marcado protagonismo histórico na época (guerra entre Pedro o Cruel e Henrique de Trastámara, concesión por Juan I dos dereitos sobre o castelo, etc.).

Non é menos certo que outros dous detalles poderían facer pensar en Allariz como a vila do castelo de Noye: o hidrónimo Arnoia e mais a alusión a Noye ser unha das dúas *chaves* de Galiza cando Allariz fora nomeada por Sancho IV no século XIII “chave do reino de Galiza”.

---

<sup>3</sup> Nótese que se tiña como antecedente de Betanzos o *Brigantium* román e que *Flavia Brigantia* foi a antiga denominación de Bragança, de aí podería vir a confusión.

As escuridades e dúbidas das crónicas de Froissart son ás veces explicabeis pola falta de medios do seu tempo, mais non sempre son xustificabeis algunhas informacións contraditorias.

### Galiza e Portugal

No século XIV, os lindes dos territorios incorporados á coroa de Castela non eran ás veces moi precisos agás cando facían fronteira con outro reino diferente , e mesmo nese caso podían ser cambiantes en función das guerras.

O que sí é claro é que o territorio de Galiza se estendía máis do que na actualidade e que, independentemente da oficialidade das fronteiras dos reinos e dos acasos que coñecían largas terras e vilas como Tui, Melgaço, Bragança ou Guimarães, Galiza e Portugal tiñan naqueles momentos conciencia de constituíren un país. Isto latexa nas Crónicas de Froissart na percepción dos habitantes e na conciencia de teren a mesma fala, igual que na permeabilidade das poboacións. En Portugal instálase, de xeito permanente ou transitorio, unha fracción da nobreza galega, e é de supór que o intercambio mutuo se producise nas distintas camadas sociais. Resulta revelador que no sanguento choque pola sucesión do rei Fernando I se enfronten o nobre galego Xoán Fernández Andeiro e o mestre de Avis, o futuro rei don João I, que era fillo bastardo do rei e da dama galega Teresa Lourenço.

### Dimensión europea de Galiza

No século XIV a peregrinaxe a Compostela seguía con forza. Froissart deixa constancia da viaxe de varios nobres como Jean de Mauny, Jean de Werchin ou a condesa de Bisciaia, Mais non todos os cabaleiros que ultrapasaban os Pirineos ou atravesaban o mar ían cumprir a promesa a Santiago; ás veces movíanos os feitos de armas, como ao bulideiro Thierry de Robersart ou ao señor escocés William Douglas<sup>4</sup>, que desembarca na Coruña camiño de Burgos e se une ao rei de Castela en batalla contra os mouros na que perde a vida.

E naturalmente, os peregrinos non eran só nobres: habíaos de toda condición social, unidos polo ofrecemento ao apóstolo.

Neses arriscados tempos de guerra os peregrinos eran respectados polos combatentes dos bandos enfrontados e só eles eran autorizados a transitar por determinados territorios vedados ás demais persoas. De aí que -para poderen circular libremente ou para non seren recoñecidas- houbese xentes que se facían pasar por peregrinos sen selo. É o caso do rei e a raíña de Escocia ao desembarcaren nos Países Baixos e se presentaren como peregrinos a Santiago de Galiza.

Con todo, ben anecdótica e pouco novedosa sería a presenza do noso país

---

<sup>4</sup> Segundo Kervyn de Lettenhove, Froissart engánase no nome pois non sería William (Guillaume, como o identifica o cronista ) senón James (Jacques).

nas voluminosas *Crónicas* de Froissart de se limitar á peregrinaxe a Compostela. Son outros dous asuntos entroncados directamente na longuíssima guerra medieval europea, a Guerra do Cen Anos, os que fan que o cronista lle adique ducias de páxinas a Galiza. O primeiro é a guerra entre o rei de Castela Pedro I o Cruel e o seu irmán bastardo Henrique de Trastámara, que se resolve en prol deste, e o segundo –secuela do anterior– a conquista da nosa terra polas tropas inglesas comandadas por Xoán de Gante (John of Gaunt), duque de Lancaster, na súa disputa pola coroa de Juan I de Castela. Son episodios históricos pouco coñecidos, que imos ler tal e como os foi narrando un escritor-cronista que, a maiores das limitacións dos historiadores da época, amosa unha concepción máis próxima a dos gabadores da mentalidade cabaleiresca feudal.<sup>5</sup> Tamén é certo que Froissart ten ao seu favor unha metodoloxía baseada no manexo de fontes diversas, no coñecemento directo a través das súas viaxes e o contacto persoal con moitos dos protagonistas, coa preocupación por escoitar a versión de cada un dos bandos enfrontados e o coidado en distinguir o comprobado do sinxelamente ouvido.

---

<sup>5</sup> Como ben amosa o episodio do torneo de Besances.

**PEDRO O CRUEL vs HENRIQUE DE TRASTÁMARA**

O rei Pedro I<sup>o</sup> de Castela (1334-1369) é coñecido pola Historia como Pedro *o Cruel*. Os seus partidarios tentaron popularizar o alcume de *O Xusticieiro* mais o certo é que ao longo do seu reinado, que comezou en 1350, o número de partidarios do rei foi minguando a pasos axigantados ata se ver practicamente só. As súas falcatrúas e crimes, executados con particular saña e arbitrariedade, e o seu carácter vertolán, levárono a un final trágico e esperado. De calquera xeito, é imprescindible situarmos os feitos dentro das loitas intestinas pola coroa de Castela.

Pedro I<sup>o</sup>, neto do rei Afonso V de Portugal, mantivo boa relación con este país. Tamén ao comezo do seu reinado as relacións foron boas con Francia e casou con Branca de Bourbon, filla do duque de Bourbon e irmá da raíña de Francia, mais aos dous días da boda Pedro repudiou á súa muller –ao parecer porque a familia dela non pagara a dote acordada- e logo mantívola presa ata que, uns anos despois, foi liberada e asasinada por orde do monarca.

Lembremos o contexto europeo nese momento:

A Guerra dos Cen Anos, (1337-1453), protagonizada por Francia e Inglaterra e os aliados dos dous bandos, iniciárase pola vontade de Francia en recuperar a fachada sudatlántica (a Aquitania, Gascoña ou Güiena) en mans dos ingleses dende moito tempo atrás por vella herdanza da dinastía Plantagenêt. En 1360 o tratado de Brétigny pon fin á primeira fase desta guerra, que se reiniciará poucos anos despois.

Moitos dos que participaran nos dous bandos deciden, chegada a paz, seguir vivindo da pillaxe e orgánzanse nun exército; son as “Grandes Compañías” ou “Compañías Brancas” que asolarán todo o territorio da actual Francia e ameazarán o mesmo papa de Aviñón, quen lanza contra delas unha cruzada.

A realidade é que nas guerras que entón se dan (entre Francia, Borgoña e Navarra, principalmente, e despois novamente entre Francia e Inglaterra) segue sendo moi importante o número de mercenarios. Nobres e xentes do pobo de variadas procedencias xeográficas enfróntanse mesturados nas batallas. Vasalaxe e cobiza, honra e pillaxe tamén están mesturadas.

A presenza de bretóns nestes sucesos é constante. Nela destaca Bertrand du Guesclin<sup>6</sup>, que se fora convertendo en líder do bando francés. En 1365, rematado o primeiro período de guerra, as compañías dos mercenarios son tan fortes que o rei de Francia e o papa de Aviñón -a quen as Compañías chegan a asediar- deciden afastar o perigo desviándoas cara ao reino de Castela en apoio de Henrique de Trastámara, o irmán bastardo de Pedro que lle disputa a coroa. O papa excomunga a Pedro, e o rei de Francia, o pontífice e mais Henrique pagan o rescate de du Guesclin —daquela preso— para que dirixa as tropas enviadas a Castela, nominalmente mandadas por Jean de Bourbon. Nelas intégranse as Compañías, que atravesan os Pireneos a finais dese ano.

Leamos, logo, a crónica de Froissart:

---

<sup>6</sup> Que en vida era coñecido como Bertrand Claiequin.

*Podían estes homes armados ser uns trinta mil. Alá estaban todos os xefes das compañías, a saber o señor Robert Briquet, Jean Carsuelle, [...] e moitos outros. todos nun acordo e alianza e con gran vontade de botar fóra do reino de Castela o rei don Pedro e de poñer nel o conde de Asturias, seu irmán o bastardo Henrique. E cando eses homes armados entraron en Aragón enviaron, para pintar de cor e afermosar o seu feito, algunhas mensaxes súas ao rei don Pedro, que xa estaba informado de que esa xente armada quería vir contra del no reino de Castela. Mais non contaba deixalos senón que reuníu á súa xente para lles resistir e combater ben e afoutadamente na entrada do país. Eles pedíronlle que tivese a ben abrir os pasos e as portelas do seu reino e administrar víveres e provisións aos peregrinos de Deus que por devoción emprenderan entrar e ir ao reino de Granada para vengaren o sufrimento de Noso Señor e destruíren os descrentes e exalzaren a nosa fe. O rei don Pedro botouse a rir ante estas novas e respondeu que non había facer nada diso e non ía obedecer a esa grea de moinantes.*

*Cando esta xente armada e estas compañías souberon a súa resposta tiveron o rei don Pedro por moi orgulloso e fachendoso, e apuraron e avanzaron tanto como puideron para lle faceren o máis mal. Pasaron polo medio do reino de Aragón e atopárono aberto e abastado, e con víveres e provisións a bo prezo e en abundancia, pois o rei de Aragón estaba moi ledo da súa chegada para que esa xente lle tirase e reconquistase axiña ao rei de Castela toda canta terra o rei don Pedro lle conquistara no pasado e dominaba pola forza. E pasou esa xente armada o gran río que separa Castela e Aragón e entraron no chamado reino de España. Cando tiveron reconquistado todo (vilas, cidades, fortes, castelos, portelas e pasaxes do reino de Aragón que o rei don Pedro se atribuíra), o señor Bertrand du Guesclin e as súas tropas volvéronllos ao rei de Aragón, que no entanto xurou que dese día en diante había axudar e confortar de todas as maneiras a Henrique o Bastardo contra o rei don Pedro.*

*Chegáronlle ao devandito rei de Castela estas novas de que os franceses, bretóns, normandos, ingleses, picardos e borgoñóns entraran no seu reino e pasaran o groso río que separa Castela e Aragón e reconquistaran todo o que estaba alén a auga, que tanto traballo lle costara a el conquistar. Encarraxouse moitísimo e dixo que a cousa non había quedar así, e fixo un mandado e orde especial por todo o seu reino dicíndolles e significándolles a aqueles aos que o seu escrito e mensaxe se dirixía que quería axiña e sen retardo ir combater esa xente armada que entrara no seu país e reino de Castela. Moi pouca xente obedeceu os seus mandados, e cando coidou que ía ter unha gran xuntanza dos seus homes non houbo ninguén senón que o abandonaron e o refugaron todos os baróns e cabaleiros de España e viráronse cara ao seu irmán o bastardo Henrique. E cumpríulle fuxir, outramente eles botaríanlle a man enriba, tanto o odiaban os seus homes. Ningún permaneceu nese tempo con el agás un leal cabaleiro que se chamaba Fernando de Castro<sup>7</sup>. Este non quería abandonalo, por cousa que acontecese e foi con don Pedro a Sevilla, a mellor cidade de España. Cando chegou alá non se sentiu moi seguro, polo que fixo cargar e*

---

<sup>7</sup> Da nobreza galega dos Castro, señores de Lemos. Fernando era irmán de Xoana, que casou en 1354 con Pedro o Cruel tras o abandono e a polémica anulación do casamento deste con Branca de Bourbon, a súa primeira muller. Fernando e Xoana eran medio irmáns de Inés de Castro, protagonista da trágica lenda de "Reinar despois de morrer" que casou co rei de Portugal Pedro I<sup>o</sup>.

*embarcar en grandes navíos o seu tesouro, a súa muller e as súas fillas e partiu de Sevilla. Chegou o rei don Pedro a Galiza, en mingua de compañía e como un home vencido e derrotado, a un porto que chaman A Coruña, onde hai unha grande e firme fortaleza. Metéronse dentro o rei don Pedro, a súa muller e dúas fillas moi novas que tiña, Constanza e Isabel, e de todos os seus homes e do seu consello só tiña o devandito cabaleiro don Fernando de Castro.*

*Agora vos diremos como perseverou seu irmán Henrique o Bastardo.*

*Así como dixen antes, o rei don Pedro era tan odiado polos seus homes en todo o reino de Castela de cabo a cabo, por causa das grandes e asombrosas punicións que fixera e da morte e destrución dos nobres do seu reino que el matara pola súa man, que tan axiña como os condes, baróns, cabaleiros e nobres do devandito reino viron a Henrique, seu irmán bastardo, entrar en Castela con gran forza, dirixíronse xunto a el e recibírono como señor, e cabalgaron por todas as partes ao seu carón, mandando abrir cidades, burgos, vilas e castelos e toda caste de xente render homenaxe. E gritaban a unha voz os españois: “Viva Henrique e morra don Pedro que nos foi tan cruel e ríspeto!”. Así levaron o dito bastardo polo medio de todo o reino de Castela o señor Gómez Carrillo, o gran mestre de Calatrava, e mais o mestre de Santiago, e mandaron toda a xente obedecerlle, e coroárono rei na cidade de Asturias, e todos os prelados, condes, baróns e cabaleiros fixéronlle reverencia como rei e xuráronlle que lle habían ser sempre fieis, que o servirían e obedecerían como seu señor e rei, e nesa condición, se fose preciso, habían morrer.*

*[...]*

*Ben ouvistes lembrar como o rei don Pedro se metera dentro da fortaleza da Coruña-riba-do mar, e só con el a súa muller, as súas fillas e don Fernando de Castro, entrementres que o seu irmán bastardo, pola forza da xente armada que atraera de Francia, conquistaba Castela e todas as terras se rendían a el, como foi dito enriba. Tomara moito medo e non se sentía seguro no devandito castelo da Coruña porque temía grandemente o seu irmán o bastardo, e ben sentía que alá ondeoubesen que se atopaba iriano pillar pola forza e prender. Daquela non agardara ese perigo senón que partira pola noite e embarcara con el nunha nave a súa muller, as súas fillas e don Fernando de Castro, e todo canto ouro, prata e xoias tiña, mais tiveron o vento tan contrario que nunca se deron arredado da Coruña e cumpríulles regresar e volver de novo á fortaleza. Entón o rei don Pedro, laiándose de que a fortuna lle era tan contraria, pediulle consello a don Fernando de Castro, seu cabaleiro, de como se había manter.*

*- Meu señor –díxolle o cabaleiro- antes de partirdes de aquí sería ben que enviásedes cabo do voso curmán<sup>8</sup> o príncipe de Gales, para saberdes se vos quería acoller e por Deus e por piedade entenderse convosco, pois nalgunha maneira está obrigado por grandes alianzas que o rei seu pai e mais o voso fixeron xuntos en*

---

<sup>8</sup> Os reis dos distintos países empregaban entre eles o tratamento de “curmán” aínda que non existisen vencellos familiares. Este costume aínda perdura.

*tempos. O príncipe de Gales é tan nobre e xentil de sangue e de sentimento que, ao que estea informado das vosas coitas e tribulacións, hase doer moito, e se é que vos quixera axudar e vos repor no voso trono, non habería hoxe señor que lle puidese facer fronte, tan temido e receado é por todo o mundo e amado por toda a xente de armas. Aquí aínda estades ben e nunha boa fortaleza como para estardes un tempinho en tanto que vos cheguen de volta novas da Aquitania.*

Pedro acepta o consello de Fernando de Castro e envía por mar emisarios a Baiona portando cartas para o príncipe inglés.

Como dixemos enriba, a Aquitania, Gascuña ou Güiena estaba nas mans da coroa inglesa dende o século XII por herdo da dinastía Plantagenêt. No momento ao que se refire Froissart era duque de Aquitania Eduardo de Woodstock -príncipe de Gales, coñecido tamén pola alcuña de O Príncipe Negro- e seu pai Eduardo III reinaba en Inglaterra.



Eduardo de Woodstock ,príncipe de Gales

O príncipe de Gales (ou príncipe de Aquitania) recibe os enviados de Pedro e decide mandar á Coruña un barco con cabaleiros seus para buscar o rei Pedro e escoitar directamente cal é a situación e a petición, mais cando os homes do

príncipe inglés van zarpar, chega en barco Pedro a Baiona. Corre o mes de xullo de 1366.

*Sir Thomas de Felton e o outro sir comunicaronlle a chegada do rei don Pedro a Baiona ao príncipe, que se aledou todo. Non se demoraron moito en Baiona os devanditos cabaleiros e conduciron o rei Pedro de Castilla cara a cidade de Bordeus, e correron tanto que logo chegaron. Mais o príncipe, que desexaba moito ver ese rei don Pedro, seu curmán, para honralo e festexalo máis, saíu de Bordeus ben acompañado por cabaleiros e escudeiros e foise ao encontro do rei e fíxolle gran reverencia. Cando o atopou, honrouno con feitos e palabras moi grandemente, pois ben o sabía facer, ningún príncipe no seu tempo o facía mellor ca el. E des que se deron a acollida e se renderon cortesía como cumpría, cabalgaron ata Bordeus, e situou o príncipe ao rei Pedro con maior rango ca el, sen querer nen consentir que fose doutro xeito. Alá, cabalgando, relatáballe o rei don Pedro ao príncipe, diante do que moito se abaixaba, as súas mágoas, e como o seu irmán bastardo o botara e banira do seu reino de Castela, e queixábase tamén grandemente da deslealdade dos seus homes, pois todos o abandonaran non sendo un cabaleiro que alá estaba, chamado don Fernando de Castro, e amosoullo. O príncipe, moi sabiamente e cortesmente reconfortábao e rogáballe que non se deixase abalar nin desalentar porque, se agora perdera, estaba no poder de Deus tirarlle a perda toda máis en diante e tomar vinganza dos seus inimigos.*

O príncipe de Gales, aínda sabedor das desfeitas do rei Pedro, considera que debe axudalo a recuperar o trono, maiormente ante as promesas que este lle fai:

*O devandito rei abaixábase moito diante del e prometíalle que había dar grandes dons e proveitos, e dicía que faría rei de Galiza o seu fillo mociño, Eduardo<sup>9</sup>, e había repartir con el e cos seus homes unha fortuna moi grande que deixara atrás súa no reino de Castela.*

O príncipe de Gales pídelle ao rei de Inglaterra, seu pai, directrices sobre o que debería facer e Eduardo III, ouvido o seu Consello, decide que debe repor no trono a Pedro. O Príncipe Negro fai daquela en Bordeus unha gran xuntanza dos baróns de Aquitania que dá a súa conformidade á decisión do soberano de Inglaterra mais quere ter seguridade sobre o pago dos gastos da guerra: don Pedro, que se atopaba ali, responde:

*- Tanto como poida estenderse o meu ouro, prata e todo o meu tesouro que trouxen aquí – e que non é nin a trintava parte de grande do que está alá- douno de grado para repartir á vosa xente.*

*Entón dixo o príncipe:*

---

<sup>9</sup> O único fillo que tiña o príncipe contaba nese momento un ano de idade e morrerá en 1372, con sete anos. En xaneiro de 1367 nace Ricardo, o seu segundo fillo, que reinará en Inglaterra a partir de 1377, co nome de Ricardo II, sucedendo ao seu avó Eduardo III por ter morto o príncipe de Gales.

*- Falades ben, e por riba diso eu cubrirei a débeda con eles e o equipamento e vos prestarei todo o que sexa preciso ata o momento en que esteamos en Castela.*

O príncipe da Aquitania manda regresar todos os seus vasalos que estaban nas Compañías en Castela axudando a Henrique de Trastámara. Con dificultade –e tras cesións territoriais de don Pedro e pago dunha importante cantidade– acada o permiso de o rei de Navarra autorizar o paso das tropas do príncipe. E, para poder facer fronte á soldada e as despendas, convirte en moeda de ouro e prata as tres cuartas partes da súa vaixela. Malia iso, vese aínda obrigado a solicitar cen mil francos ao rei de Inglaterra, seu pai.


O príncipe de Gales forma un exército e recibe a axuda de seu irmán o duque de Lancaster, Xoán de Gante. O exército cruza os Pireneos en febreiro de 1367 e en abril ten lugar a batalla de Nájera ou Navarrete, na que as tropas inglesas e gasconas vencen ao exército de Henrique de Trastámara. Pedro o Cruel é reposto no trono de Castela.

Mais entón Pedro alega que non pode polo momento cumprir os compromisos adquiridos en Baiona e o príncipe de Aquitania, tras sucesivas esperas, volve para a Gascoña encarraxado e moi tocado políticamente e mais economicamente. Isto revira a situación pois Henrique de Trastámara recupera a iniciativa e derrota a Pedro na batalla de Montiel, en 1369. Pedro, que lograra escapar, é capturado por du Guesclin quen o entrega a Henrique e este mátao nun combate corpo a corpo onde é decisiva a axuda de du Guesclin, que pronuncia a célebre frase de “Nin quito nin poño rei mais axudo o meu señor”. Henrique II recupera definitivamente a coroa de Castela.

E non houbo rei de Galiza inglés.

## **O DUQUE DE LANCASTER vs XOAN Iº DE CASTELA**

As dúas fillas de Pedro o Cruel que o acompañaran no seu exilio casan con dous fillos do rei Eduardo III de Inglaterra: Constanza en 1371 co duque de Lancaster (o Xoán de Gante do que xa falamos) e Isabel en 1372 co conde de Cambrigde, Edmundo de Langley



Escudo de armas do duque de Lancaster

Aínda que a mais nova e seu marido renuncian aos seus dereitos ao trono de Castela, non é o caso de Constanza e o duque de Lancaster, que son recoñecidos polo rei Eduardo III como reis de Castela en 1372.

Presionaba Portugal para que Inglaterra se comprometera máis na súa axuda contra a coroa de Castela, en mans de Henrique de Trastámara ou Henrique II, e desembarcase o seu exército na península. Unha activa fracción da nobreza galega –parte dela instalada en Portugal- tamén apoiaba esta opción. Mais o tempo pasaba sen se concretar a acción militar.

Finalmente ten lugar o desembarco. Reina xa en Inglaterra Ricardo II, sobriño do duque de Lancaster, cando un potente exército, embarcado maiormente en barcos enviados dende Portugal mais tamén en barcos ingleses e bretóns, chega á Coruña o 25 de xullo de 1386. Realmente, o primitivo destino deles non era o territorio galego:

*O duque de Lancaster e o seu exército estiveran aloxados en campos fóra de Brest. Formaran consello xuntos (o duque e os señores de Inglaterra e os mariñeiros de Portugal que foron chamados) para saber a que lugar se habían dirixir e en que terra e porto habían desembarcar: se habían ir a Lisboa ou ao Porto, ou ben se habían tomar terra en Biscaia ou no porto chamado A Coruña. Sobre este asunto estiveron moito tempo reunidos en consello o duque e os señores, e pedíuselle o seu*

*parecer a Afonso Furtado, que tiña o mando dos navíos de Portugal. Este respondeu e dixo:*

*- Meus señores, na miña calidade de enviado para pedir a vosa axuda, transmito a Inglaterra a través vosa que o rei de Portugal, meu señor, vos escribe que a calquera parte do seu país á que chegarades seriades benvidos, e terá el moita alegría porque desexa grandemente que veñades e podervos ver.*

*Estívoise falando deste asunto ben unha hora e decidiuse que irían tomar terra no Porto, a trinta leguas de Lisboa, mais despois desbotouse, pois díxose que o mais honroso era sen comparanza tomar terra no país dos inimigos mellor que no dos amigos, “e que os inimigos, cando saiban que chegamos a eles, han tomar moito máis medo”.*

*Daquela acordouse tomar terra na Coruña, en Galiza. Cara a esa banda viraron os mariñeiros os seus navíos, que gozaban de vento e tempo desexado, e non botaron, dende que partiron de Brest, máis ca nove días no mar ata chegaren diante da enseada da Coruña, e alá, agardando a maré, ancoraron, porque coa maré baixa non se daban achegado a terra tanto como quererían.*

*Un grupo de cabaleiros franceses que estaban na corte de Castela apoiando o rei, fixera a peregrinaxe a Compostela e soubo do inminente desembarco inglés.*

*Falareivos agora dos señores Barrois des Barres, Bracquet, Jean de Bracquemont, Jean de Chastel-Morant, Pierre de Villaines, Tristan de la Gaille e os outros que viñeran con eles en peregrinaxe á cidade de Compostela con gran devoción ao señor Santiago. Despois de teren feito a peregrinaxe e cadaquén a súa ofrenda e se retiraren á morada, chegaronlles novas – polos vixías das fronteiras e da banda do mar- de que os ingleses pretendían tomar terra na Coruña. Os cabaleiros colleron os seus cabalos e a xente que os acompañaba e correron tanto que chegaron esa noite á Coruña, distante ben catorce leguas, a través de distintas poboacións, e metéronse tan a tempo na cidade e na fortaleza que os ingleses estaban vindo. Entraron na cidade e na fortaleza (polo que houbo moita alegría) antes de os ingleses entraren na enseada, e durante toda esa noite os seus portadores estiveron a descargar os seus equipamentos.*

## **A CORUÑA**

*Cando chegou a mañá, moi fermoso foi ver entrar na enseada da Coruña estas galeas e estas naves e barcos cargados e armados de xente, artillaría e provisións, e ouvir tantas trompetas que soaban por todas as partes, e as trompetas da cidade e da fortaleza, que soaban do outro lado a se bateren unha contra a outra. Axiña coñeceron os ingleses que había moita xente armada e boa gornición na Coruña e que os franceses se apoderaran da vila e do castelo.*

*Entón baixaron os señores garridamente- e tamén toda caste de xente- fóra*

*dos navíos e das galeas e andiveron polos campos sen se achegaren á cidade; non podían facelo pois era forte e pechada de máis, e moi provista de boa xente armada, ben se vía na aparencia.*

*Fóra da cidade da Coruña había algunhas moradas e casas de pescadores e mariñeiros. Alá se dirixiron e se aloxaron os señores, mais cumpríu facer moitos outros aloxamentos pois eran demasiado poucos para todos. O primeiro día que chegaron ao porto da Coruña, o segundo, o terceiro e o cuarto, estiveron todos atarefados, como se ordenara, en descargar as galeas e os navíos, tantas eran as provisións e as cousas traídas que cumpría botar fóra das naves. E tiraron xeitosamente os cabalos, que botaran nos barcos máis de quince días. Estiveran entalados e apertados duramente, aínda que foran ben coidados e aprovisionados de herba seca, avea e auga doce, mais failles dano, a eles tanto como ás persoas, o cheiro do mar, polo que os levaron e pasearon, dándolles provisións novas e auga fresca.*

*Cando todo foi tirado das galeas, as naves e os barcos, preguntáronlle ao duque o que quería dispor tocante aos navíos, e el respondeu:*

*- Quero que todos os mariñeiros sexan pagos polo seu labor e que despois cada un deles faga o que lle pareza, pois doulles licenza e quero que cadaquén saiba que endexamais hei eu cruzar o mar para Inglaterra en tanto non teña pleno gozo e satisfacción do reino de Castela, ou hei morrer no empeño.*

*A orde do duque foi entón cumprida: pagáronlles aos mariñeiros tan ben que estiveron contentes, e despois partiron cando lles apraceu, saíndo dende o porto da Coruña. Algúns fóronse a Lisboa, outros a Portugal ou a Baiona, ou a Le Bay<sup>10</sup>, ou á Bretaña ou Inglaterra. Sabede que ningún deles ficou atrás, e o duque de Lancaster e os ingleses aloxáronse na Coruña, non na fortaleza, senón fóra, en casiñas que por alá atoparon, e tamén fixeron outras novas, de madeira e follas, como aquelas onde se aloxan a miúdo a xente de armas.*

*Arredor dun mes ou máis estivo o duque de Lancaster na Coruña sen partir, non sendo para andar ás aves ou ir de cazata, pois el e algúns señores de Inglaterra fixeran vir cans e paxaros para os seus leceres e gabiáns para as damas. Tamén trouxeran nos navíos muíños para moer e moas para facer fariña, e fornos para cocer. De tais cousas non estaban faltos, malia non seren habituais porque polos países en guerra camíñase. Os seus forraxeiros ían todos os días apañar forraxe, mais non a atopaban pois estaban aloxados nunha terra pobre e deserta. Cumpríalles, logo, ir moi lonxe para se prover.*

*Un día, reuníronse os compañeiros<sup>11</sup> que estaban na Coruña : Barrois des Barres (que tan ben cabalgaba e facía recuar os seus inimigos cando era preciso) Jean de Chastel-Morant, o señor Jean e o señor Robert de Bracquemont, o señor Tristan de la Gaille e outros. Cando souberon que os forraxeiros ingleses cabalgaban tan ás tolas cavilaron que un día se lles habían adiantar e lles habían facer pagar de*

---

<sup>10</sup> Denominación que Froissart lle dá á baía de Bourgneuf, situada ao abeiro da illa de Noirmoutier, perto de Saint-Nazaire.

<sup>11</sup> Membros das Compañías que cruzaran os Pireneos en axuda do rei de Castela. En xeral, cando Froissart fala de *compañeiros*, refírese a estas tropas.

vez todo o que tiñan apañado no país e facían cada día. Así, un serán armáronse e montaron a cabalo, e partiron uns dous centos, levando guías que de noite os conducisen polo medio dos bosques e das montañas, e dirixíronse ao riscar o día a un bosque e unha montaña que lle chaman a Espineta<sup>12</sup>, e alá, na pasaxe, agardaron. Ben sabían –porque llelo dixeran– que os forraxeiros ingleses andaban a cabalgar e pillar no país e que, de certo, eran ben tres centos.

Cando eses forraxeiros tiveron procurado por moitas terras, nas que ficaban dous días para mellor pillaren e teren máis forraxe, deron volta atrás para volveren á Coruña, e non podían pasar por outra parte senón pola pasaxe e montaña da Espineta. Cando se meteron nela, Barrois des Barres e os outros cabaleiros e escudeiros franceses que os agardaban emboscados sobre da pasaxe caíronlles enriba gritando: “Vitoria para Barrois!”. Abraíáronse moito os forraxeiros porque os máis deles non levaban armadura ningunha. Había uns vinteseis arqueiros que se puxeron axiña á defensa e comezaron a disparar frechas ordenadamente e magoaron coas súas setadas unha chea de homes e de cabalos. Cando remataron as frechas tiraron cos seus arcos e algúns puxeron a se defender co que tiñan namentres outros se esgueiraban e agachaban para se salvaren. Para que vos alongar o relato? Dos tres centos forraxeiros ingleses que estaban alá, houbo ben dous centos mortos, e o resto salvouse o mellor que puido polo medio de bosques e bouzas polos que se botaron e nos que non podía entrar a xente de a cabalo.

Volveron os ingleses fuxidos á Coruña onde contaron as novas de como Barrois des Barres e os seus se lles botaran enriba. Conmocionouse a hoste do duque, que fixo armar ao señor Thomas Moreaux, o mariscal do exército, con máis de cinco centos homes. Montaron a cabalo, levando o propio mariscal o pendón de San Xurxo, e puxéronse en camiño con moi gran desexo de atoparen os franceses. Cabalgaron tanto que chegaron ao lugar da Espineta, e na pasaxe atoparon a súa xente morta, o que os encarraxou todos. Os franceses retiráranse xa e regresaran polo camiño polo que viñeran; endexamáis, sen que os tiveran guiado, serían quen eles de volver.

Deron volta, daquela, os ingleses sen facer cousa ningunha, e cando estaban como a unha media legua da súa hoste dexergaron ao lonxe os guerreiros franceses que volvían ao castelo da Coruña mais xa non puideron pór remedio. E ese día foi moi criticado o mariscal porque enviara forraxeear consentindo que a súa xente fose tan sinxelamente, sen gardas armados, cando os inimigos estaban aloxados tan perto e eran fortes abondo para abateren cinco centos ou seis centos forraxeiros. E dígovos que o propio duque e o condestábel o censuraron, tanto que se avergoñou todo, mais desculpouse dicindo que tiñan os forraxeiros ido outras dez veces máis sen recibiren dano ningún.

- Sir Thomas –díxolle o duque– tende máis conta noutra ocasión, porque acontece nunha hora ou nun día o que non acontece en cen.

Cando o duque de Lancaster tivo permanecido diante da Coruña arredor dun mes, como vos contei, e os seus homes e cabalos estiveron frescos de novo, acordouse

---

<sup>12</sup> O nome utilizado por Froissart é *L'Espinette*, que nós excepcionalmente transcribimos por ser unha palabra que en francés antigo ten significado: 1) espiñiña, 2) espiñeira, 3) tipo de moeda, 4) tipo de xusta. Chamarálle Froissart *L'Espinette* a *A Espenuca*?

*que partirían de alá e toda a hoste iría cara a Santiago de Galiza, onde a terra era mellor, máis farturenta e máis chá para cabalgar. Des que se ordenou, fíxose. O duque partiu da Coruña e púxose logo de camiño, tan axiña como cargaron todo. Cabalgaron en tres batallóns: primeiro o mariscal con tres centas lanzas e seis centos arqueiros, logo o duque con catro centas lanzas e todas as damas que o acompañaban, e na retagarda o condestábel, sir John Holland, con máis de catro centas lanzas e sete centos arqueiros. Ían ao paso e tardaron tres días en ir da Coruña ata a vila de Santiago.*

## **COMPOSTELA**

*Sabede que a terra de Galiza estaba moi asustada coa chegada do duque de Lancaster pois temía grandemente o seu poder. O mariscal da hoste, que ía á vangarda, achegouse á cidade que no país chaman Compostela, onde xace e está o corpo do Señor Santiago, o apóstolo, a onde se peregrina de tan lonxe. Atopouna pechada, e era razón que así fose, mais non había moita gornición fóra os homes da cidade porque ningún cabaleiro de Francia quixo correr perigo en defendela nin gardala honrosamente ata o extremo, pois, falando verdade, non era moi forte contra a xente que o duque de Lancaster tirara de Inglaterra ao país de Castela e de Galiza.*

*O mariscal enviou por diante un heraldo para saber o que os de Santiago habían dicir. O heraldo chegou ás barreiras e atopou o capitán da cidade, que se chamaba Alfonso de Soria, a quen lle dixo:*

*- Capitán, escoitade un pouco: pertiño de aquí está o mariscal da hoste do señor de Lancaster, que me envía ata aquí e de grado falaría convosco.*

*O capitán respondeulle:*

*- Estou de acordo. Dicídelle que se adiante e falaremos de grado con el.*

*O heraldo volveuse e díxolle ao mariscal estas novas, polo que el partiu só con vinte lanzas da súa tropa e foi diante da cidade de Compostela, encontrándose nas barreiras co capitán e algúns homes da cidade que alá se trasladaron. O mariscal puxo pé en terra levando ao seu carón o señor de Basset e sir William Farringdon, eran só tres en total con el. Entón dixo:*

*- Capitán, e vós xente desta cidade, o duque e a duquesa de Lancaster, a vosa señora, que foi filla do rei don Pedro, o voso señor natural, envíanme aquí falar convosco para saber o que queredes facer: se garridamente os acolledes, como a boa xente debe acoller o seu señor e señora, ou se queredes facervos asaltar e tomar pola forza a vosa cidade. Sabede que se sodes tomados pola forza, seredes todos pasados pola espada aí dentro para que todos os outros vos teñan como exemplo.*

*Entón respondeu o capitán:*

- Queremos obrar con siso, polo que quixeríamos desvencellarnos lealmente daqueles aos que temos obriga. Ben sabemos que a señora de Lancaster, dona Constanza, foi filla do bon rei don Pedro de Castela, e que se o rei tivese ficado acougadamente no país, ela era a herdeira. Porén as cousas mudaron de xeito ben diferente, porque todo o reino de Castela ficou acougadamente e rapidamente para o rei seu irmán pola batalla que houbo en Montiel, e todos neste país xuramos ter o rei Henrique por rei e señor tanto tempo como el vivise, e tamén xuramos ter por rei e señor o rei Juan, seu fillo que agora reina. Tede a ben dicirnos, logo, que acordo trataron e pasaron convosco os da Coruña, pois non é posíbel que neste mes no que permanecestes e vos aloxastes diante da cidade non fixerades con eles trato ningún.

Entón respondeu o señor Thomas Moreaux:

-Tedes razón, fixémolos de certo. Outramente endexamais partiríamos dela así, aínda que A Coruña sexa dúas veces máis forte ca esta cidade. Vouvos dicir o que fixeron tocante a nós. Os homes da cidade pactaron tranquilamente connosco e dixeron que de grado han facer todo o que vós fagades: que se vós vos resistides e vos asaltan eles non han obedecer, e que se o país de Galiza se rende ao señor e a señora, tamén eles se renden. De todo isto temos nós prendas que coidamos suficientes.

- Está ben –respondeu o capitán- nós estamos de acordo nese trato. Hai aínda dentro do reino de Castela moitas cidades e boas vilas. Se cabalgades cara a diante e nos deixades en paz, faremos como farán eles, entregándovos prendas e bos reféns.

-Ai non! –respondeu o mariscal- Eses tratos que poñedes por diante non lle abundan ao señor duque nin tampouco á señora duquesa porque queren aloxarse nesta cidade e ter a súa dignidade, tal e como o señor e a señora deben ter no seu herdo. Respondédenos decontado o que queredes facer: se nos recibiredes amigabelmente e con agarimo ou senón asaltarémosvos e tomarémosvos pola forza e vos destruiremos totalmente.

- Meu señor –dixo o capitán- dádenos un pouco de vagar para falarmos entre nós e axiña vos habemos responder.

- De acordo –dixo o mariscal.

Tras estas palabras, retirouse o capitán para dentro da cidade e foi á praza na que a xente tiña o costume de se reunir e mandou vir a ela os habitantes todos, e de que estiveron todos relatoulles polo miúdo todo con moito siso, e contoulles de cabo a cabo todas as palabras que tedes ouvido. E paréceme que finalmente estiveron eles contentes de recibir o duque e a duquesa de Lancaster acougadamente como o seu señor e señora, e que os acollerían na cidade tanto como lles apracese estar, se é que o poder do rei de Castela non os tiraba e botaba de alá. Mais se acontecese que, despois de eles botaren residindo na cidade un ou dous anos ou o tempo que quixesen, partían do país e se trasladaban a Inglaterra, a Bordeus, a Baiona ou a outra parte á que quixesen mellor ir, se é que o duque non os deixaba moi ben e moi fortemente provistos de boa xente armada que os puidese defender contra os inimigos, e que por tal falta se vían desgornecidos e rendían a cidade pódose nas mans do rei Juan de Castela ou dos seus mariscais, querían ser liberados da súa promesa.

*Ese tratado acordouno ledamente o señor Thomas Moreaux e dixo que eles falaban ben e que o duque e a duquesa non pedían máis ca iso. Daquela volveu o mariscal cabo dos seus e despois foise cara ao duque e a duquesa, que estaban a agardalo na campía. Lembroulles todo o que tratara, que eles non contradiciron senón que tiveron por ben feito. Así cabalgaron ledamente ata a cidade de Santiago, cos batallóns na orde que antes dixemos, en tres corpos.*

*A arredor de case dúas leguas francesas da cidade de Santiago de Galiza, saíron fóra cara á chegada do duque e da duquesa o clero todo da cidade portando dignas reliquias, cruces e mais gonfalóns, homes, mulleres e rapaces, traendo os homes con eles as chaves da cidade, que presentaron con semblante de boa vontade para o duque e a duquesa (non sei se o finxían ou era certo), e axeonlláronse todos, acolléndoos como seu señor e señora.*



Entrega das chaves de Compostela ao duque e a duquesa de Lancaster  
(Manuscrito das *Crónicas de Froissart*, Bruxas, 2ª metade do séc. XV)

*Así entraron ese día na cidade de Santiago, e na primeira viaxe que fixeron foron dereitiños a pé á igrexa de Santiago. Entón o duque e a duquesa e todos os*

*seus fillos<sup>13</sup> puxéronse en oración e de xeonllos diante do corpo do señor Santiago e fixeron alí grandes ofrendas e dons. Dixéronme que o duque e a duquesa e as súas dúas fillas casadeiras, Filipa e Catarina, se aloxaron na abadía e na casa que hai nela, situando alá os seus apousentos. Os outros señores, o condestábel John Holland, o señor Thomas Moreaux e as súas mulleres aloxáronse na cidade, como os baróns, cabaleiros e escudeiros que puideron, e os soldados nos campos que rodean a cidade de Santiago. E os que non daban atopado casa fixeron cabanas con polas e troncos que cortaban, porque había bosques de abondo no país, e estaban ben contentes co que podían ter.*

*Carnes e viños fortes atopaban abondo, dos que bebían en especial os arqueiros, e tanto bebían que os máis dos días se deitaban totalmente bébedos. E moitas veces, ao beberen demasiado -pois era o tempo da vendima- andaban os máis esforricados, e pola mañá doíalles tanto a testa que non se daban remexido no día todo.*

Diante da nova situación, os cabaleiros franceses que estaban na Coruña, consideran o que deben facer e deciden dirixirse a Burgos para se presentaren ao rei de Castela e reforzaren as súas defensas:

*Cando o señor Barrois des Barres, o señor Jean de Chastel-Morant e os outros cabaleiros e escudeiros franceses que se mantiveran dentro da fortaleza da Coruña ouviron que o duque e a duquesa de Lancaster entraran acougadamente na cidade de Santiago de Compostela e que foran amigabelmente recibidos, faloron entre eles e tiveron consello para decidiren o que cumpría facer. E faloron así:*

*- Non nos val de nada ficarmos aquí nin resistirmos; non habiamos ter bo resultado ningún. Retirémonos a Burgos cabo do rei para sabermos o que lle aprace facer. É imposible que non corra contra estes ingleses, porque se os deixa que se vaian comendo e aloxando, e que vaian reunindo país, pouco a pouco irano conquistando e han ser decontado señores de toda Castela. É moito máis honroso para nós irmos cabo del que ficarmos aquí.*

*Tomouse esta decisión e preparáronse para partir, cargando todo, e despois saíron do castelo da Coruña a cabalo, encomendándoo aos que nel atoparan cando entraran. Colleron guías que coñecían o país, e ben o precisaban porque outramente terían sido localizados, Tanto e tan prudentemente cabalgaron polo país de Biscaia, costeando Galiza, que chegaron a León, en España, onde eses días estaban o rei e a raíña coa súa xente.*

---

<sup>13</sup> Froissart emprega no orixinal a palabra *enfants*, que en francés tanto denomina o xénero masculino como o feminino, polo que non sabemos de certo a quen se refire. É verdade que nunca cita na expedición descendentes masculinos de Lancaster senón Filipa e Catarina e mais Isabel, esposa de John Holland, condestábel do duque. Sorprende un pouco que, inmediatamente antes de nomear as dúas primeiras, fale de *todos os fillos* (ou *todas as fillas*). Victoria Armesto (*en La Galicia feudal*) afirma que Lancaster viña acompañado por Xoán de Castela, de 33 anos, fillo de Pedro o Cruel e Xoana de Castro, que en todo caso tampouco era fillo del.

*Ao que estes cabaleiros de Francia chegaron xunto ao rei, este quixo velos axiña, e foi razón. Recibiunos con moito agarimo e preguntoulles as novas, aínda que ben as sabía. Contáronlle o que sabían, e como chegaran oportunamente á Coruña, xusto cando os ingleses querían entrar na enseada, e como atoparan oitos galeas de Biscaia cargadas de viño, que lle aproveitou aos ingleses ao vendérenllelo decontado os mercadores. Entón dixo o rei:*

*-Así vai a guerra. Non tiveron siso nin foron ben avisados ao non iren a outra parte cando sentían que o exército de Inglaterra estaba no mar.*

*- En nome de Deus, maxestade –responderon os cabaleiros- entraran alá para se poren a salvo e dicían que os viños e mercadurías que levaban cargáranas para as levar a Flandes. Ben lles escoitaran dicir a mariñeiros de Santander que os ingleses andaban no mar pola banda de Biscaia, mais coidaban, polo rumor que corría e que é certo, que o rei de Portugal lles enviara galeas e grandes navíos que emprendesen camiño ao Porto de Portugal ou a Lisboa, mais fixeron o contrario, como se pode ver, e entraron en Galiza pola Coruña .*

O rei, daquela, pídelle consello aos cabaleiros franceses:

*- E entre vós, cabaleiros franceses, que coñecedes as armas e sabedes cabalgar e guerrear máis que a xente desta terra (pois máis o tedes feito e practicado): que podedes supor ou imaxinar de como se comportarán os ingleses no tempo que ven?*

*- A fe, maxestade, –responderon algúns falando cada un en por el- malamente podemos saber o que han facer ou onde han ir, non sendo por suposición pois os ingleses son reservados. Supoñemos así que o duque de Lancaster ha permanecer todo este inverno que ven na cidade de Santiago, e a súa xente nos arredores, e ha percorrer o país de Galiza e conquistar pequenas fortalezas esixíndolles rescates á xente e pillando víveres e provisións. Entrementres que este tempo pasa e que volve o verán, han preparar e asinar tratados o duque de Lancaster e o rei de Portugal, e hanse concertar e aliar entre eles se é que se chega a facer algunha alianza. Porque hai un punto no que nós cremos que se fará maiormente alianza, e é que o duque de Lancaster trouxo de Inglaterra as súas fillas casadeiras, que son dúas; nós supoñemos que unha será para o voso adversario de Portugal.*

*- E que debo eu facer? –preguntou o rei.*

*- Ímosvolos dicir, maxestade –responderon os cabaleiros franceses- Nas fronteiras de Galiza facede gardar as vosas cidade e fortalezas mais fortes e boas de conservar, e facede abater as pequenas. Damos a entender que ao través deste reino a vosa xente está a fortificar mosteiros e campanarios, e a eles levan dende os campos os seus bens. Sabede que isto é todo en perda e dano do voso reino porque cando os ingleses cabalguen, estes fortiños, estas igrexas, estes campanarios, estes mosteiros e estas torres non os han deter senón que se han refrescar e nutrir dos víveres e provisións que han atopar no seu interior e así han avanzar na súa guerra conquistando o país pouquiño a pouco. Dicímosvos, logo, que fagades abater todos os fortiños en canto que tedes vagar e abandonedes todo o que se atopa dentro se non se pon fóra e se leva para as boas vilas, cidades e castelos de aquí ao día de Santos, ou,*

*cando máis tarde, ao de Santo André. Entregádeo á vosa xente armada, pois é mellor que estes vivan deles a que o proveito sexa para os vosos inimigos. E dádlle a coñecer, dun xeito especial e por medio de homes do voso Consello, a vosa situación e o estado do voso reino ao rei de Francia e aos seus tíos os señores de Berry e de Borgoña, para que lles informen de que, chegada a nova estación na que se ha poder cabalgar, se albisca a guerra máis forte que endexamaís houbo en España, nin polo príncipe de Gales nin por outro. Escribídlle cartas conmoventes e tenras suplicándolles ao rei e aos seus tíos de vos confortaren nesta gran dificultade con tanta xente armada que poidades resistir contra dos vosos inimigos e gardar o voso reino. Que, vistas e consideradas as grandes alianzas e confederacións que tedes mutuamente o rei de Francia e vós (igual que voso pai que vos precedeu), non vos falle nesta necesidade o rei de Francia e o nobre reino que máis pode que toda Inglaterra e Portugal xuntos. E estade certo, maxestade, que cando o rei de Francia e os seus conselleiros estean informados acaídamente e cumpridamente de todas as vosas dificultades, hano entender tan ben que axiña vos habedes decatar e non habedes ter dano ningún nesta guerra. Sabede que os cabaleiros e escudeiros do reino de Francia, que moito degoran medrar, con poucas falas, non piden outra cousa senón as armas, e han vir aquí para as empuñar no prazo máis breve que poidan, pois agora non saben onde facelo e ímosvos dicir por que: os franceses e os flamengos están en paz entre eles, o que dende hai moito tempo non acontecía, mais tamén o están os franceses e os ingleses de alén o río Loira ata o próximo día de San Xoán Bautista. Habedes, daquela, ver vir por aquí gran cantidade de cabaleiros, escudeiros e xente armada de Francia, con moita arela tanto por empuñar as armas como por ver este país e ver os ingleses (serán uns tres mil) aos que nunca viron senón cando estes vencían. Mais, maxestade, nós queremos e vos aconsellamos polo voso proveito que todos eses fortiños, torres, igrexas, mosteiros e campanarios das campías sexan abandonados se queredes gozar do restante.*

Concorda o rei de Castela cos cabaleiros franceses e manda facer o que estes lle aconsellan:

*Estas falas que deu entón o rei de Castela fixéronlle moito ben á xente de armas, en especial aos cabaleiros e escudeiros de Francia, pois supúxolles aos compañeiros dous centos mil francos de proveito, especialmente a aqueles que entraran os primeiros en Castela cando o duque de Lancaster chegou á Coruña e de foi á cidade de Santiago de Galiza.*

*Cando o rei de Castela lles tivo concedido aos cabaleiros franceses a demolición dos fortiños da campía, bótaronse eles decontado e comenxaron a abater, como vos relato os fortiños, igrexas, torres e campanarios todos, especialmente aqueles que non tiñan posibilidade ningunha de resistir en por eles. Ficaron daquela pillados os campesiños das aldeas, que fortificaran as súas igrexas e campanarios e meteran neles os seus bens móbeis e as súa provisións de viño, trigo, carne de porco salgada, orxo, avea e outras cousas como utensilios e e roupa, e as súas huchas e arcas cheas de toda caste de bens. Querían e coidaban conservalos alá, gardándooos dos inimigos na guerra, mais aconteceulles todo o contrario pois eses cabaleiros e escudeiros, e eses capitáns das tropas enviaban alá a xente súa, que collía todo; e as provisións que atopaban mandábanas levar e deixar nas súas moradas, mais o ouro*

*e a prata que atopaban e lle esbullaban á boa xente do país ou co que esta tiña que rescatar os seus bens, non ía en beneficio nin coñecemento de ninguén senón dos que os chimpaban na súa bolsa. E todo iso fíxoo un número de compañeiros pobres moito máis solertes e aventureiros (pois sempre os hai mellor dotados uns ca outros) e os que saíran das súas casas e moradas montados ben baixamente e pobremente, tiveron dende aquela cinco ou seis corceis e cabalos andaluces e de paseo, e grosos cintos de prata e mil ou dous mil francos na súa bolsa, cando se cadra antes andaban na súa terra a pé ou enriba dun faquiño.*

*Así se conduciron os pequenos compañeiros que se encontraron en Castela na primeira incursión, e todo o pagou a campía, pois foi esbullada, percorrida e comesta, e máis pola xente propia que por outros como franceses e berneses, polo motivo de que non querían que os seus inimigos tirasen ledicia e beneficio.*

*Cando chegaron a Francia, aos compañeiros, as novas de que os pequenos e pobres cabaleiros e escudeiros estaban ricos en Castela, sentiron o proído de partiren das súas casas e iren a España, pois corría a sona de que alá tanto se pillaba na terra dos amigos como na dos inimigos.*

O rei de Portugal fora quen posibilitara a expedición inglesa ao enviar os barcos, e quen dende hai anos pedira a implicación de Inglaterra na guerra entre os reinos da Península. Daquela, en canto soubo do desembarco do duque de Lancaster na Galiza entrou en contacto con el:

*Sabedes -así como se conta ao longo desta historia- que o duque de Lancaster, con moita compañía de soldados e de arqueiros, chegara por mar ao porto da Coruña, en Galiza, e por acordo coa cidade (non coa fortaleza) esta se rendera a el dicindo que farían o que as outras cidades e castelos de Galiza fixesen; e que con esta condición non foran combatidos nin asaltados despois de que fixeran tal promesa. O duque e a duquesa, coas súas fillas, foran despois para a cidade de Santiago, que chaman Compostela, e nela se mantiñan coa intención de permaneceren ata que tivesen novas do rei de Portugal, que por entón estaba en Coimbra.*

*Cando o rei de Portugal soubo de certo que o duque de Lancaster permanecía na cidade de Santiago coa súa muller e as súas fillas púxose moi ledo e pensou que entre eles dous habían facer unha boa guerra contra o reino de Castela. Así mandou escribir cartas moi doces e moi amigabeis, con grandes saúdos. E enviou axiña polos seus mensaxeiros as cartas e amizade ao duque e á duquesa; estes recibíronas con moito agrado pois ben sabían que dependerían moito do rei de Portugal e que sen el e a súa axuda non poderían actuar nin triunfar en Portugal nin en Castela. Déronlles o duque e a duquesa fermosos dons aos mensaxeiros e escribiron grandes saúdos e grande amizade ao rei de Portugal, amosando o duque polas súas cartas que vería con moito pracer o rei de Portugal e falaría con el de vagar.*

O rei de Castela, pola súa banda, solicitaba insistentemente a axuda do rei de Francia:

*Entrementres que estes grandes amores, estas cartas e estes saúdos corrían entre o rei de Portugal e o duque de Lancaster, pasaba o tempo e o rei de Castela aprovisionábase e fortificábase canto podía. E relatava a miúdo a súa situación a Francia por medio de cartas e mensaxes acreditativos rogando que lle enviasen tropas para axudar a gardar e defender o seu reino. E relatava e escribía tamén que cando chegase de novo o bo tempo esperaba que houbera unha guerra moi forte, porque o rei de Portugal e os ingleses estaban a se concertaren e terían forza abondo para percorreren todo o reino de Castela e dominaren a campía, que non lles había resitir.*

*O rei de Francia e o seu consello respondíanlle ao rei de Castela que non se preocupase nin temese cousa ningunha porque ata o mes de xaneiro habíanlles eles dar aos ingleses tanto que facer que estes non habían saber o que atender. E cando toda Inglaterra estivese perdida e destruída, habían dirixirse por mar, no verán, a Galiza e Portugal, e se os ingleses e portugueses dominaban os campos, faríanos retirarse de a feito, co que no prazo dun ano estas guerras estarían rematadas.*

*O rei de Castela calmábase no entanto pois non podía facer outra cousa ao non lle vir de Francia xente armada ningunha, non sendo a que tiña pasado ao primeiro.*

Regresemos a Galiza para seguir as tropas de Lancaster.

#### **RIEULLÈS / RUEULLÈS\*<sup>14</sup>**

*Entrementres que o duque de Lancaster e a duquesa, coas súas fillas e mais varios grandes señores, se aloxaban na cidade de Santiago de Galiza, e que os cabaleiros e escudeiros e a súa xente andaban ao chou pola bisbarra alá onde daban atopado, aconteceu que sir Thomas Moreaux, mariscal da hoste, e os seus acompañantes, sir Maubrun de Linieres, sir John d'Ambreticourt, Thierry e William de Soumain, cunhas dúas centas lanzas e seis centos arqueiros, cabalgaban polo país de Galiza adiante e chegaron a unha boa vila pechada, a sete leguas de Santiago, que no país é chamada Rieullès. Sentiran dicir que a boa xente que dentro estaba non se quería virar senón que toda era rebelde e se guindara enriba dos seus forraxeiros, que pasaran por diante das súas barreiras ao regresaren de forraxearen, pois aqueles estragaran e atrancaran os camiños de tal xeito que ninguén podía cabalgar senón de diante das barreiras súas; e cando vían que era o mellor momento saían eles fóra e botábanselles enriba, como xente guerreira que eran, a todos os que pasaban, fosen forraxeiros ou non. Chegáranlle queixas diso ao mariscal e el quería solucionalo pois que era cousa razoábel e lle pertencía ao seu cometido.*

*Cabalgou, daquela, o mariscal a esa cidade de Rueullès e botou pé a terra,*

---

<sup>14</sup> Ante un nome –sexa de persoa ou xeográfico– que non estea totalmente esclarecido ou non teñamos identificado, optamos por manter a forma que escribe Froissart marcándoa cun asterisco a primeira vez que aparece. Tocante a *Rieullès / Rueullès*, véxase o que dicimos na Introducción.

*(como tamén fixeron todos os da súa tropa) diante das barreiras. A garda soara ben o corno avisando da súa chegada polo que a xente toda estaba avisada e preparada e pechara as portas e barreiras, sen ficar ninguén fóra –pois non era asinado para eles– senón que subiran enriba das murallas.*

*O mariscal, cando viu a disposición de eles se enfrontaren ao asalto, ficou todo calado e díxolles a sir John d'Ambreticourt e a Thierry de Soumain:*

*- Montade nos vosos cabalos e cabalgade de arredor desta cidade; mirade e considerade por onde poderemos nós atacalos máis doadamente sen a nosa xente se ferir.*

*E eles responderon:*

*- Con gosto o facemos.*

*Montaron, pois a cabalo e cabalgaron ben acompañados de arredor da cidade, Non era un circuito moi grande, polo que o fixeron axiña e examinaron os lugares todos e despois volvéronse cabo do mariscal e os compañeiros que agardaban por eles e dixéronlles:*

*- Sabede, señoría, que de arredor desta cidade só hai dúas portas. Vós estades nunha e a outra está no lugar oposto, do outro lado. Son os dous sitios que nos parecen menos perigosos para a nosa xente asaltar, porque todo de arredor da cidade os foxos son moi profundos e difíciles de descender, e aínda máis de gabear, debido ás silvas e as espiñas que os enchen.*

*- Ben volo creo -respondeulles o mariscal- eu hei ficar aquí cun grupo da nosa xente e vós, Maubrun, iredes á outra banda comezardes o asalto. Non sei como nos ha ir, mais vexo moi decidida esta boa xente que se apoia nas ameas e está a axexar o que facemos. Mirade para eles: dan máis noxo que uns macacos ou uns osos a comer peras todos esfameados.*

*As palabras que dixo o mariscal fixeron botarse a rir os compañeiros mirando todos cara a arriba para mellor dexergaren os viláns, pois aínda non o fixeran. E logo volvéronse con Maubrun os do seu pendón, que eran máis de cen lanzas e tres centos arqueiros, e fóronse a paso tan lixeiro que chegaron á porta na que tiñan que estar, e alá se detiveron.*

*Axiña comezou o combate dos dous bandos, grande e duro, sen aforraren esforzo. Os homes de Rueullès estaban enriba das portas e lanzábanlles dardos aos de fóra con tanta destreza que ningún arqueiro nin besteiro se daba comparado con eles e ferían a moitos co seu tiro de dardos. Como non ficara xente armada ningunha nas barreiras para as defender (pois todos se pecharan dentro da cidade e estaban a se defender dos proxectís e das frechas) os ingleses e os compañeiros de fóra cortaron e esnaquizaron os valados e barreiras e achegáronse á porta. Nela petaron e mallaron, facéndoa abanear e brandear. E que fixeron os de Rueullès? Cando viron a desfeita que os ameazaba, pois a porta estaba en perigo de se vir abaixo, baixaron das defensas e achegáronse á entrada levando a ela un eito de bancos, tallos e móbeis,*

*que apoiaron na porta, e logo comezaron as mulleres e os nenos e toda caste de xente a levar pedras e terra e a encher pipos que apoiaban contra a porta. E des que pousaran os primeiros, cheos de terra, no cabo, chegaban xa outros cheos que puñan enriba daqueles coidando de encher axiña outros para reforzar. E tamén había nas defensas de riba das portas unha chea de homes afoutados que lanzaban grosas barras de ferro de xeito que ninguén ousaba situarse embaixo, onde os acadaran as pancadas, se non querían ser mortos. Así mantivo a boa xente de Rueullès a súa vila deica a noite contra os ingleses, que non conqueriron nada, antes ben moitos deles foron moi feridos e mancados. Cumpriulles logo aos ingleses volvérense cara a atrás unha boa legua do país para chegaren a unha aldea na que non ficara ninguén, e alá se aloxaron ata o outro día.*

*Nesa noite tomaron xuntos consello os homes de Rueullès para decidiren como se habían manter contra estes ingleses. Enviaron os seus espías aos campos para ver onde se retiraran, e se regresaran a Santiago ou se aloxaran no país. Os enviados contaron que de certo se aloxaran na vila baixa de Fenasse e pensaban que no outro día habían volver ao asalto. Daquela dixeron entre eles:*

*- Teimar na tolería é aínda peor que comezala, e a nós endexamais nos han poder reprochar de nos rendermos ao duque de Lancaster ou ao seu mariscal pois un día enteiro combatimos e resistimos por nós mesmos, sen termos consello nin axuda de fidalgo ningún. Mais ao cabo non daríamos durado contra deles, pois que xa nos asaltaron e saben cal é o camiño. É mellor rendérmonos que facer que nos ataquen de novo, porque se nos tomaran pola forza habíamos perder corpos e bens.*

*Todos foron desta opinión: que se os ingleses regresaban pola mañá habían tratar con eles e habían render a súa cidade salvando as súas vidas e os seus bens,*

*De certo regresaron os ingleses pola mañá cediño, cando o sol estaba entre prima e terza<sup>15</sup>, frescos e novos, para asaltaren a cidade. Cando os desta sentiron que viñan, mandaron fóra catro dos seus homes encargados de faceren os tratados. Cabalgaba o mariscal baixo o seu pendón cando mira e ve polos campos catro homes, e di:*

*- Teño para min que eses son homes de Rueullès que queren falar connosco. Traédeos para aquí.*

*Fixérono, e ao que eles chegaron diante do mariscal axeonlláronse todos e dixéronlle:*

*- Señor, os homes de Rueullès enviánnos para vos falar. Querédesnos ouvir?*

*- Si- respondeu o mariscal- Que queredes dicir?"*

*- Dicímosvos, señor, que estamos todos preparados para vos recibir na cidade*

---

<sup>15</sup> As divisións horarias da xornada eran: *matinas* (as 00) , *laudes* (as 03), *prima* (as 06), *terza* (as 09), *sexta* (as 12), *nona* (as 15), *vísperas* (as 18) e *completas* (as 21).

*de Rueullès, se nos queredes tomar e recibir ficando salvos nós e os nosos bens. E recoñecemos ao duque e a duquesa de Lancaster da mesma forma e maneira que os da Coruña e de Santiago fixeron.*

*- Si –respondeu o mariscal- respectareivos a todos os vosos corpos e bens, mais non vos aseguro as provisións, porque a nosa xente ten que vivir.*

*E os homes respondéronlle:*

*- É ben de razón, víveres temos abondo neste país. Entón agardade aquí un pouquiño, nós imos volver á cidade e vos daremos resposta ao que vós nos dixestes, habedes manter a vosa promesa, confiamos nela.*

*- A fe que si –respondeu o mariscal- Ide e regresade tan axiña como teñades rematado.*

*Volveron logo os catro homes cabo da súa xente e dixéronlle que falaran co señor Thomas Moreaux, mariscal da hoste, que, polo tratado que dixera e fixera con eles déralle á cidade total seguranza, agás os víveres. E os habitantes respondéronlles:*

*- Foi moi bo resultado. Louvado sexa Deus!*

*Entón libraron a porta, que estaba moi atrancada con bancos e con sellas e grosos pipos cheos de area, pedras e terra, e abrírona de a feito e foron ás barreiras portando as chaves das portas nas mans. Alá foi o mariscal que desceu. Daquela a boa xente da cidade axeonllouse diante del e presentoulle as chaves dicindo:*

*- Señor, sodes enviado aquí, ben o sabemos, polo duque e a duquesa de Lancaster. Entregámosvos as chaves e e dámosvolas en posesión na maneira e condición que os nosos homes nos comunicaron.*

*- Así as tomo -respondeu sir Thomas Moreaux.*

*Entón entraron os ingleses na cidade sen oposición e aloxáronse todos, uns acá e outros acolá, o mellor que puideron. E alá se mantivo o mariscal todo ese día, e antes da súa partida díxolle a sir Maubrun de Linieres:*

*- Maubrun, entrégovos esta cidade para vós e a vosa xente. Habedes ter unha moi fermosa praza forte.*

*- Por San Xurxo, dicides ben, –dixo el- porque a praza gústame moito!*

*Así ficou Maubrun de Linieres de gornición en Rueullès de Galiza, tendo baixo o seu mando sesenta lanzas e cen arqueiros, e o mariscal volveu xunto do duque e da duquesa en Santiago, apoiándose mutuamente.*

*Bastante axiña despois de ter regresado de Rueullès, o mariscal ergueu arredor de tres centas lanzas e seis centos arqueiros, e partiu do seu lugar de residencia, tal como vos digo, acompañado pola súa xente. E cabalgou en Galiza unha boa xornada lonxe de Compostela e chegou a unha cidade que chamaban Cloppès, que só estaba gardada por bos homes que nela vivían. Cando chegou o mariscal, preguntoulle aos seus compañeiros se a cidade se daría pillado ao asalto, e díxolles que examinasen o asunto. Tras consideráreno entre eles dixéronlle que si. Daquela puxéronse todos a pé, mandando que os seus criados retirasen os cabalos e distribuíronse en catro grupos coas súas libreas<sup>17</sup>, como sabe facer a xente que coñece o oficio de armas. Colleu para el o primeiro sir Thomas Moreaux, o segundo sir Evan Fitzwarren, o terceiro sir John d'Ambreticourt e o cuarto o mariscal da hoste. Cada un deses catro cabaleiros tiña baixo o seu mando para o asalto oitenta homes de armas e cento corenta arqueiros. Entón achegáronse á cidade e metéronse no fondo de todo dos foxos baixando a paso rápido. Como non había auga comezaron a subir e a gabear contra enriba, ben cubertos con adargas e protexidos con escudos, e os seus arqueiros ficaron nas lombas dos foxos disparando a esgalla, tan forte e seguido que ninguén apenas ousaba asomarse á muralla. Porén, malia as frechas e o asalto, aqueles bos homes defendíanse arrizadamente e moi ben porque eran moitos e había xudeus a oito. Uns lanzaban e botaban dende enriba a embaixo dardos emplumados e ferrados con ferros tan fortes e tesos que o que era acadado de cheo cumpría que levase boa armadura pois outramente resultaba morto ou ferido de morte. Porén, cabaleiros e escudeiros desexosos de medrar achegáronse ao pé das murallas e comezaron a petar e a picar con picos e petas que trouxeran, e aínda que lles botasen sobre deles e dos cascos pedras e croios, seguían a asaltar e facían grandes feitos de armas.*

*Foron moi bos asaltantes dous escudeiros de Hainaut<sup>18</sup>, que alá estaban: Thierry e William de Saumain fixeron grandes feitos de armas. Cos seus axudantes furaron un gran buraco na muralla e loitaron, así, man a man, cos de dentro. Os dous irmans pillarón ata sete dardos dos que lanzaban ao través do buraco contra deles e tiráronlles das mans e dos puños. Estes valentes escudeiros do Hainaut estaban baixo o mando do señor Evan Fitzwarren. Por outra banda, o señor John d'Ambreticourt non perdía o tempo senón que amosaba boa cara e boa disposición de bo cabaleiro, e mantíñase ao pé da muralla, co seu pendón de armiño con dúas hamaidas de goles<sup>19</sup> chantado na terra ao seu carón, e sostiña coas dúas mans un pico de ferro co que traballaba arreo para fender o muro e abatelo.*

---

<sup>16</sup> V. Introducción.

<sup>17</sup> Roupón exterior que, a xeito de uniforme, reproducía as armas e as cores do señor.

<sup>18</sup> O condado de Hainaut, situado na área do Países Baixos, forma actualmente parte da rexión belga da Valonia. En 1328 Philippa, filla do conde de Hainaut, casa co rei Eduardo III de Inglaterra. Froissart, natural da rexión e membro da corte de Philippa, seguiu a nosos desprazamentos e acompañouna a Inglaterra, o que lle forneceu numerosos e importantes contactos e un posto chave para captar o acontecer da época.

<sup>19</sup> Termos de heráldica: *goles* é a cor vermella e a *hamaida* é un conxunto de tres barras horizontais paralelas que non chegan a tocar o beiril do escudo.

*Pódese e débese un maravillillar de como os bos homes de Cloppès non tremían ao se veren asaltados por todas partes. Finalmente non darían durado moito, pois eran demasiados homes valentes os que alá estaban, atacando con gran vontade, polo que, cando viron a forza e que o asalto non cesaba, decidiron renderse. Foi alá o rexedor da vila, que os mantivera nese estado e os fixera combater porque a vila estaba baixo o dominio do rei de Castela. Preguntou, logo, o rexedor quen era o mariscal e díxolle:*

*- Señor, facede, por favor, parar o asalto da vosa tropa, pois que a xente desta vila quere tratar con vós.*

*O mariscal respondeu:*

*- Moi de grado.*

*E mandou decontado un heraldo cabalgar arredor da cidade polos foxos dicíndolles a todos:*

*-Parade, parade en canto non ouzades a trompeta do mariscal chamar ao asalto, porque estamos en tratos cos da cidade.*

*Ante as falas do heraldo pararon os asaltantes todos e descansaron. Ben lles cumpría a algúns, que estaban mancados e cansos de atacar tan forte. Entraron en tratos cos da cidade, que dixeron que se rendían moi de grado, ficando a salvo os seus corpos e bens así como fixeran os das outras cidades de Galiza.*

*-O que? –respondeu o mariscal- Sabede que non habedes ter tan boas condicións como tiveron os outros, porque vos nos destes moito traballo e feristes os nosos. E ben vedes que non podedes conservar máis tempo este forte. Tedes que mercar a paz e a nosa benquerenza ou volveremos ao asalto e axiña vos tomaremos pola forza.*

*-E en canto poñedes o rescate? –preguntou o rexedor.*

*- San Xoán me valla! En dez mil francos.*

*-Pedídesnos de máis – dixo o rexedor- Dareivos dous mil. A vila é pobre e tivo que pagar moitas tallas<sup>20</sup>.*

*-Nin res! –dixo o mariscal- Déixovos lecer para que vos reunades en consello. Xuntádevos, mais con tres ou catro mil francos non ides escapar, porque todo é noso e xa os compañeiros andan a me criticar que faga trato convosco. Apurade logo a aceptalo ou rexeitalo.*

*Daquela partiu de alí o rexedor e foise para a praza, a onde chamaron aos homes da cidade. E díxolles:*

---

<sup>20</sup> Imposto antigo.

*- Que queredes facer? Se nos asaltan, os ingleses vannos conquistar pola forza, seremos todos mortos e apoderaranse do noso, non ha ficar nadiña. Pídenos dez mil francos e eu ofrecín dous mil. Ben sei que é pouco e non han aceptar endexamais. Cómpre aumentar a cantidade en dous ou tres mil francos.*

*Daquela responderon algúns xudeus que tiveron moito medo a perder corpos e pertenzas:*

*-Rexedor, non deixedes de facer acordo con eles porque entre nós, antes de que nos sigan a asaltar, pagaremos ben contentes catro mil.*

*- Moi ben –dixo o rexedor- vou logo facer trato con eles.*

*Despois destas falas foise onde o mariscal estaba a agardalo e chegou a un trato; paréceme que se fixo a paz e a vila reendeuse por seis mil francos, dos que a cidade pagou dous mil e os xudeus catro mil. Daquela abriron as portas e entrou toda caste de xente e aloxáronse onde puideron e refrescáronse durante dous días. Déronlle a gornición da cidade ao señor Evan Fitzwarren, que se aloxou nela cun total de dúas centas lanzas e catro centos arqueiros e a mantivo durante máis de oito meses, mais os cartos da redención foron en proveito do duque de Lancaster, agás mil francos que foron para o mariscal.*

*Logo de que a cidade de Cloppès se rendeu ao señor Thomas Moreaux, mariscal da hoste, do xeito e disposición que escoitastes, volveuse el para Santiago e mantívose alá: era a súa residencia principal porque o duque quería telo á súa beira. Ao mesmo tempo cabalgaba polas fronteiras de Galiza e de Castela para amedoñar os franceses. Mais naquel tempo, os ingleses dominaban os campos de Galiza e ninguén se metía con eles porque o rei fora aconsellado de non cabalgar en hoste senón guerrear por gornicións, e mais tamén de agardar polo socorro que tiña que vir de Francia.*

Aconséllanlle nesa situación ao duque de Lancaster que plasme cunha alianza as súas boas relacións epistolares co rei de Portugal, para o que sería preciso que se visen o máis axiña posíbel. Outramente podería Francia auspiciar un acordo entre o rei de Portugal e o de Castela, vendo así Inglaterra frustrada a súa expedición. Por outra banda, Lancaster non podería esperar reforzos de tropas do seu país, ocupado en guerras con Francia e Escocia. Morto seu pai, Eduardo III, reina agora Ricardo II, sobriño do duque e segundo fillo do Príncipe Negro Eduardo de Woodstock, o príncipe de Gales xa finado.

Prepara, daquela Lancaster unha expedición cabo do rei de Portugal - mandada por grandes señores ingleses- para organizar un encontro entre eles dous a fin de concertaren os seus exércitos. Mais no entanto – como xa adiantamos enriba<sup>21</sup>- chegan a Compostela, enviados polo rei luso, Vasco Martins de Cunha e Ferrant Martin de Merlo\*, que son aloxados alá e presentan as súas mensaxes ao duque e a duquesa.

---

<sup>21</sup> Ver p. 24.

Concluída a misión, parten para Coimbra cabo de João I estes seus enviados e mais os de Lancaster: os señores Poinings, Bancel, Ambreticourt e Sounder. Alá son recibidos polo rei portugués, que lles transmite o seu grande interese no encontro co duque.

*Acordouse que o rei de Portugal iría a unha cidade chamada Porto e que o duque de Lancaster cabalgaría toda a Galiza, e que no límite entre Galiza e Portugal se atoparían e falarían entre eles.*

*Tras isto, partiron de xunta o rei os cabaleiros ingleses, e despois de estaren tres días en Coimbra regresaron a Galiza e cabalgaron toda a fronteira, tal como viñeran, e volveron a Santiago. Contáronlles ao duque e a duquesa como acadaran o seu obxectivo, polo que o duque de Lancaster se aledou moito, e era razón, porque os seus asuntos comezaban a ir de par.*

*Non pasou moito tempo ata que o rei de Portugal enviou cabo de Lancaster, a Santiago, algúns membros do seu consello como João Fernandes Pacheco e outros. De chegados, contáronlle ao duque que o rei de Portugal partira de Coímbra e fora para a cidade do Porto, e que alá había agardar a entrada do duque no seu país para falaren entre eles. Destas novas aledouse todo o duque de Lancaster e fíxolles moi boa acollida aos cabaleiros, dicíndolles que axiña partiría de Santiago, tan logo como a duquesa, súa muller, curase dunha febleza pequena e dunha dor á cabeza que tiña; e díxolles que, de non ser por iso, xa tería partido e estaría pertiño de Portugal. Os cabaleiros contentáronse, e despois de pasaren un día co duque partiron e volvéronse para o Porto, onde se encontraron co rei e lle transmitiron a mensaxe.*

*O rei de Portugal –que moito desexaba ver ao duque de Lancaster, polo gran valor deste e porque pensaba que tamén lle podería valer a el- mandou chamar o arcebispo de Braga, o bispo de Lisboa e os máis sabios prelados do seu reino, para telos rentes del e honrar mais ao duque de Lancaster, pois que xa encetaran tratos para que casara con dona Filipa, filla que foi da duquesa Branca de Lancaster. E para cumprir mellor esa acollida, mandou facer gran aprovisionamento na cidade do Porto e en todas as cidades onde pensou que o duque de Lancaster habería pasar e aloxarse. Así comezaban a ir de par os seus asuntos.*

*A duquesa desexaba moito que se fixese o casamento entre o rei de Portugal e a filla do duque, pois ben sabía que deste xeito as alianzas faríanse moi grandes e fortes, e coa mesma máis feble o inimigo deles, o rei de Castela. Porque a devandita dama esperaba que antes do regreso habían conquistar todo o país de Castela e que para conquistalo non habería máis ca unha xornada de batalla. A dama exhortaba ao seu marido, o duque, todo canto ela podía e aconselláballe a alianza e o casamento da súa filla co rei de Portugal. O duque non lle contaba á súa muller todos os seus pensamentos, pois non sabía aínda o que ía facer en tanto non tivera visto aquel rei e a súa maneira e disposición. E había a maiores unha cuestión que o duque consideraba importante: o rei de Portugal era bastardo e fora eclesiástico, cousa que o duque tiña moi presente. Certo que estaba informado de que era home de armas, moi sabio en todas as materias e afoutado.*

Parte, finalmente, de Compostela o duque de Lancaster cara á fronteira de

Galiza, acompañado por tres centas lanzas e seis centos arqueiros.

*O rei de Portugal, que permanecía no Porto, sabedor de que viña o duque saíu do Porto con ben seis centas lanzas e foi pola fronteira portuguesa ata unha vila que no país chaman Monção, a derradeira vila de Portugal por aquela parte. O duque de Lancaster foi a outra vila, a primeira de Galiza na banda de cara a Portugal, chamada Melgaço. Entre Monção e Melgaço hai un río e un fermosísimo prado todo chan, e unha ponte que lle chaman a Ponte do Mouro.*

*Unha quinta feira pola mañá atopáronse nesa ponte, entre os dous reinos, o rei de Portugal e o duque de Lancaster con toda a súa xente. Fíxose unha grande e fermosa recepción pois o rei de Portugal mandara erguer nos campos grandes tendas e enramadas. Alá estivo o duque co rei nun xantar moi ben organizado, sentando o bispo do Porto, o de Coimbra e o arcebispo de Braga, portugueses, na mesa do rei, logo situábase o duque de Lancaster e un rapaciño fillo do rei, e despois sir John Holland e sir John Beaumont, ingleses; e houbo menestreis a oito. Estiveron desfrutando ata a noite. Ese día, o rei de Portugal vestiu escarlata<sup>22</sup> branca cunha cruz de San Xurxo vermella –que é a divisa da casa chamada de Avís en Portugal, da que era cabaleiro– e todos os seus ían vestidos de branco e vermello, pois cando a xente do seu país o escolleu como rei dixo el que había levar sempre a divisa en nome de Deus e de San Xurxo. Cando se fixo tarde, tomaron todos licenza para regresaren no outro día. O rei foise para Monção e o duque para Melgaço; entre os dous lugares só hai que pasar o río.*

*No outro día, que era sexta feira, despois de ouviren misa, montaron todos de a cabalo e foron á Ponte do Mouro ao lugar onde estiveran no día de antes e alí se atoparon. Dígovos que fixeran o mais fermoso aloxamente que xamais houbo. O rei e o duque tiñan os seus cuartos tapizados de panos, cortinados e alfombrados, tan ben como se o rei estivese en Lisboa e o duque en Londres. Antes de xantar tiveron unha entrevista sobre o estado dos seus asuntos e para saberen como levar adiante a súa guerra e en que momento ían facer a cabalgada. Decidiuse que durante o inverno o rei de Portugal se había manter no seu país e o duque de Lancaster en Santiago e no entanto os seus mariscais poríanse de acordo. E que, chegado o mes de marzo, o rei e o duque, coa súa xente, reuniríanse e entrarían en Castela e irían combater o rei onde queira que estivese e tivese a forza que tivese, pois entre os ingleses e os portugueses xuntaríanse ben trinta mil.*

*De que isto estivo acordado e totalmente decidido, o consello do rei de Portugal abordou o trato de casamento para o rei ter muller. Porque era ben tempo e o seu país quería que fose casado nun lugar que lles fornecese honra e proveito, conforto e alianzas para o tempo vindeiro e non coñecían arestora –dicían eles– lugar que lle fose máis propicio nin axeitado ao rei, ou a toda terra e comunidade, para tomar muller, que a casa do duque de Lancaster. O duque, que vía o afecto do rei de Portugal e a súa xente – e que se vía tamén en perigo ao estar fóra de Inglaterra, chegado á fronteira e marcas<sup>23</sup> de Portugal para reconquistar o reino de Castela–*

---

<sup>22</sup> Pano de moi boa calidade e que podía ter distintas cores.

<sup>23</sup> Aquí a palabra *marca* denomina unha unidade territorial situada na fronteira dun país, e de aí procede a palabra *marqués*, inicialmente a persoa que goberna unha marca. Relacionada con este

*respondeu a estas palabras con agarimo e rindo, dicindolle ao rei alá presente:*

*- Maxestade, teño na cidade de Santiago dúas fillas. Douvos e concedo dende agora unha das dúas, a que mellor vos apraza tomar. Enviade alá o voso consello e vola enviarei.*

*- Moitas grazas –respondeu o rei- Ofrecédesme máis do que eu pido, deixareivos a miña curmán de Castela, Catarina, mais pedireivos a Filipa, filla do voso primeiro casamento, hei casar con ela e facela raíña de Portugal<sup>24</sup>.*

*Con estas falas rematou o consello e foi hora de xantar. Sentáronse á mesa tal como o fixeran na quinta feira. Servírono moi abondosamente e moi ben, como é o costume do país. Despois do xantar volveu o duque para Melgaço e o rei de Portugal para Monção.*

*No sábado, despois da misa, montaron de novo o rei e o duque e regresaron á Ponte do Mouro onde tiñan estado denantes os outros días con gran festín e gran preparao, e ese día ofreceulles o xantar o duque de Lancaster ao rei de Portugal e aos seus. Salas e cuartos estaban por todas as partes ornados con tapices de alto lizo e bordaduras co escudo do duque tan ricos e en gran cantidade como se fose na cidade de Londres, Hertford, Lime, Winchester ou outra das súas fortalezas ou casas de Inglaterra, e todos apreciaron niso os adornos e o feitío.*

*Nese xantar houbo tres bispos e sete arcebispos: na mesa alta o bispo do Porto, o de Lisboa e o de Coímbra e mais o arcebispo de Braga, portugueses, co rei de Portugal no medio da mesa e o duque de Lancaster un pouco máis embaixo, e por baixo do duque o conde de Novaire\* e o conde de Angousse\*, os dous portugueses. Na outra mesa sentábase primeiro o mestre de Avís e despois o gran mestre de Santiago, de Portugal, e o mestre de San Xoán, e despois Diogo Lopes Pacheco, João Fernandes Pacheco, seu fillo, Lopo Vasques da Cunha, Vasco Martins da Cunha, Lopo Dias de Azevedo, Vasco Martins de Melo, Gonçalo Vasques de Melo, era a segunda mesa con todos os altos baróns de Portugal. Na terceira sentában como primeiros o abade da Alcobaça de Aljubarrota e o abade de Santa María de Évora, e despois o señor Álvares Pereira, mariscal de Portugal, João Roiz Pereira, João Gomes de Silva, João Roiz de Sá e varios outros cabaleiros e escudeiros portugueses, pois nunca ningún inglés sentou ese día nas mesas do xantar; polo contrario, servíano todos os cabaleiros e escudeiros ingleses. Houbo alí un eito de menestreis que exerceron o seu oficio. O duque deulles cen nobres<sup>25</sup>, e outros cen aos heraldos.*

*Despois do xantar, e rematadas as tarefas, os señores tomaron licenza con grande amizade e ata se veren noutra ocasión. O rei partiu e foise nunha dirección e o duque en sentido oposto pois o rei volveu cara ao Porto e o duque cara a Melgaço,*

---

sentido está a palabra galega *marco*, “pedra chantada na terra para sinalar o límite entre propiedades”.

<sup>24</sup> Sobre o tratamento de curmáns entre reis (aquí para unha neta de rei) ver o dito na nota 7 Catarina, que nese momento tiña 13 anos, era filla de Constanza de Castela, duquesa de Lancaster, sendo logo neta de Pedro o Cruel. Filipa, entón de 26 anos, era filla de Branca de Lancaster, a primeira muller do duque.

<sup>25</sup> Antiga moeda de ouro inglesa.

*collendo o camiño de Galiza. Acompañouno con cen lanzas o conde de Novaire, e conduciuno ata aquel estar fóra de todo perigo, tomando logo licenza do conde e volvendo atrás a Portugal cabo do rei. Este preguntoulle onde deixara o duque e el díxollo. Volveu, logo o duque a Santiago de Galiza.*

En Compostela a duquesa estaba ansiosa do regreso do seu marido para saber as novas de como fora a acollida e, de chegado, preguntalle ao duque a súa opinión sobre o rei de Portugal.

*- A fe –dille o duque- que é príncipe donoso e de corpo, maneiras e porte de home afoutado; espero que reine con forza pois é amado pola súa xente, que di que dende hai máis de cen anos non tiñan un rei que tan ben lles caise no corazón e tan donoso fose. E só ten vinte cinco anos de idade. É forte e cernello, conforme a natureza dos portugueses, e está ben feito de corpo e de membros para aturar e sufrir traballos*

*- E o do casamento? – preguntou a dama- Como vai?*

*E o duque respondeu:*

*- Concedinlle unha das miñas fillas.*

*- E cal? –preguntou a dama*

*- Deille a escolla entre Filipa e Catarina –dixo o duque- e el agradeceumo. Con todo decidiuse por Filipa.*

*- Ten razón –dixo a dama- porque a miña filla Catarina aínda é nova de máis para el.*

*Así pasaron o día e o tempo o duque e a duquesa. Ben lles cumpría, porque o inverno estábase achegando. Ora ben, nese país de Galiza e en Portugal non saben o que é o inverno. Alá, vai calor todo o tempo e madurecen as sementes novas, e moitos froitos xa están todos maduros en marzo. Coma os chícharos, as fabas e as cereixas, e a herba nova xa está alta en febreiro. En moitos lugares vendiman antes de San Xoán. Agosto enteiro pasou a San Xoán.*

## **PONTEVEDRA**

*Aínda que o duque de Lancaster morase na vila de Santiago de Galiza –e mais a duquesa e as súas fillas- a súa xente non moraba nela senón que cabalgaba a miúdo pola campía de Galiza conquistando vilas e castelos, e das conquistas que fixeron neste tempo e como as fixeron heivos lembrar eu a verdade e mais os nomes de todas as vilas que tomaron, porque fun informado diso cumpridamente por cabaleiros e escudeiros de Inglaterra e de Portugal que participaron en todas as conquistas, e especialmente polo xentil cabaleiro de Portugal do que tratei enriba, que moi agarimosamente e amigabelmente, en Meldebourg na Zeelandia –con ocasión da súa*

*viaxe a Prusia, onde el ía nese momento- me informou. Xa vos dixen o nome dese cabaleiro e vóuvolo repetir : chámanlle ou chamábanlle João Fernandes Pacheco*

*Así, di o relato que Súa Señoría Thomas Moreaux –que daquela era mariscal da hoste do duque de Lancaster- cando o duque regresou de Portugal e de Ponte de Mouro e volveu para a cidade de Santiago, dixo que non quería permanecer nela, pois que estaba en país de conquista, senón que ía cabalgar e facer proezas de armas e ía empregar os compañeiros, que tamén tiñan gran desexo de cabalgar.*

*Fixo, logo, os preparativos e as disposicións, e dixo que quería penetrar en Galiza máis adiante do que tiña feito, e que non había deixar vila nin castelo que non puxese baixo a obediencia do duque. E partiu un día da cidade de Santiago con máis de seiscentas lanzas e mil douscentos arqueiros, e tomou o camiño dunha boa vila de Galiza que lle chaman Pontevedra e que lles era rebelde, e tanto fixo que alá chegou coas súas tropas. Os de Pontevedra estaban ben avisados da chegada dos ingleses porque os campesiños fuxían diante deles e púñanse a salvo nas boas vilas. Estaban nesas reunidos en consello para decidiren o que ían facer, se se habían defender tanto como puidesen durar ou se se habían render, e non había acordo entre todos. O pobo miúdo era partidario da rendición, o rexedor que gobernaba a vila e que fora enviado e encarregado polo rei de Castela, xunto co seu consello e os ricos homes da vila, querían que se resistise e dicían que de se renderen decontado non habían ter proveito nin honor.*

*Estaban aínda na praza debatendo cando a vixía que estaba na garita deu o son para advertir de que os ingleses se achegaban. Daquela desfíxose a asemblea e todos gritaron : « Ás defensas ! Ás defensas ! ». Tiñades que ver aos de Pontevedra ocupados en correr ás murallas e levar pedras e grosos madeiros, dardos, bancos e xavelinas. E ben amosaban que se ían defender con gran vontade e que non se habían render doadamente.*

*Cando o mariscal do duque e as súas tropas chegaron diante de Pontevedra, puxeron pé a terra e entregáronlles os seus cabalos aos criados, e logo ordearon os seus bandos para asaltar. Dispuxeron arqueiros todo de arredor da vila, cos arcos tendidos e dispostos para tirar, e nos foxos entraron soldados ben protexidos con escudos e provistos de todas as armas. Entón fixeron soar a trompeta do mariscal para asaltar. Daquela puxéronse mans á obra, e os que estaban dentro dos foxos gabearon contra enriba, levando nas mans picos ou barras de ferro nas que se apoiaban para picar e furar a muralla.*



Ataque ás fortificacións de Pontevedra polas tropas inglesas  
(Manuscrito do século XV das *Crónicas de Froissart*. Biblioteca Bodleiana, Oxford)

*Enriba estaban os homes da vila, que lles botaban sobre a testa cantos madeiros, pedras e croios podían e feríanos moi grandemente. E teríano feito moito máis de non ser polos arqueiros que se mantiñan na beira dos foxos e disparaban con tanta intensidade que ninguén ousaba amosarse na muralla e feriron e mancaron moitos dos do interior. Especialmente resultou magoado o rexedor da vila por unha frecha que lle furou o capacete e mais a testa e tivo que abandonar a defensa e ser levado para a casa. A xente miúda da vila non se encarraxou por iso pois el non quería que a vila se rendese. Endebén, non foi a vila tomada, despois de aquel ser mancado, senón que a defenderon con maior acritude e coidado que dantes e ben lles cumpría. Así durou o asalto até a noite, en que soaron a retirada, e houbo feridos polas dúas partes. Os ingleses abandonaron o asalto e volveron para as súas moradas, coa intención de no outro día á mañá volveren ao asalto sen deixaren a vila, que había ser tomada ou rendida..*

*Esa noite formaron consello xuntos os de Pontevedra e dixeron :*

*-Somos xente tola ao nos facermos ferir e mancar deste xeito por nada. Por qué non facemos igual que fixeron os de Rueullès e Cloppès, e tamén os da Coruña – non sendo o castelo- que se renderon ao duque de Lancaster e a dona Constanza, a súa muller, filla do rei don Pedro, coa condición de que se as boas vilas de España se renden ao duque eles tamén se han render ? Ao facéreno así, fixeron o mellor, pois permanecen en paz.*

*-De certo –dixeron outros- Queremos facelo así e dende onte tiñamos esa boa vontade, mais o noso rexedor desaconsellóunolo. Agora recibiu o pago por iso, pois moita sorte ha ter se non morre da ferida que ten na testa.*

*-Vamos falar con el –dixeron uns – e preguntarlle qué sería ben facermos agora, pois o certo é que mañá cediño os ingleses han estar de volta e non nos han deixar en paz : han ter a vila pola forza ou de grado.*

*A este consello se ativeron os de Pontevedra, e até doce homes dos máis notables da vila foron á casa do rexedor, que se chamaba, paréceme, Dieu Tale de Lyon\*. Atopárono deitado sobre dun leito no medio da súa casa ; axiña lle fixeran cura na ferida e na testa, e como a cousa era moi recente non lle doía moito aínda. Púxolles boa cara aos que coñecía e o viñeran ver e preguntoulles polo asalto e como resultara. Eles dixéronlle :*

*- Moi ben grazas a Deus, non sendo canto a vós. Non tivemos outro dano. Mais pola mañá ven o forte, porque todos estamos convencidos de que haberá asalto e nós non somos xente de defensa senón xente sinxela que descoñecemos o relativo a aquela. Vimos, logo aconsellarnos convosco para saber que debemos facer. Estes ingleses ameázannos moi duramente, porque, se somos tomados pola forza pasaránnos a todos pola espada sen mercede, e a maiores habemos perder corpos e bens.*

*-De certo –dixo Dieu Tale de Lyon- nunca podedes ter deshonor por vos renderdes, mais tratade con eles sabiamente e facede, se podedes, que non sexan os vossos señores, co dominio desta cidade, senón dicídelles que vos colocaredes moi de grado baixo a obediencia do duque de Lancaster, e igualmente da señora, como fixeron os da Coruña, pois nunca inglés ningún entrou na cidade. Eles enviáronlles fóra provisións para tomar e pagar cos seus cartos. Así habedes vós facer se vos é posíbel, se me facedes caso, e eu creo que eles aceptarán de grado a toma e a obediencia porque aínda hai en Galiza moitas vilas que conquistar. E han pasar ben lixeiros.*

*-Dicides moi ben –responderon eles- Habémolo facer así pois que vós nolo aconsellades.*

*A este consello se ativeron os que alá foran e mais a cidade toda, e pasaron a noite o mellor que puideron. E cando chegou a mañá e se ergueu o sol, escolleron homes que enviaron fóra da vila, encargados e informados para faceren tratados co mariscal. Estes homes eran sete e non ían moi ben vestidos senón moi mal, cos pés descalzos e a testa descuberta, mais sabían falar ben e foron cabo do mariscal que se estaba a preparar para volver ao asalto. Leváronlle eses homes, que se axeonllaron diante del. Saudárono e dixéronlle na súa linguaxe española<sup>26</sup> :*

---

<sup>26</sup> A frase *na súa linguaxe española* non aparece en todos os manuscritos, pola contra a inmediata que precisa que os de Pontevedra lle falaban ao mariscal en lingua galega si que aparece en todos. Dado que Froissart manifesta inequivocamente que os pontevedreses falaban *en linguaxe galega*, pensamos que cómpre entender a anterior como “na súa linguaxe hispánica”.

*-Señoría, enviáronnos os da vila de Pontevedra, que manifestan así, e nós por eles, que de grado se han pór baixo a vosa obediencia, quer dicir a obediencia do duque de Lancaster e a señora, na forma e maneira que fixeron os da Coruña. Dos bens e provisións da vila teredes a fartar para collerdes cortésmente polo voso diñeiro pagando o que cada alimento vale no seu lugar. A intención dos que nos envían aquí é que non empreguedes máis a forza contra deles : nin vós nin home voso ningún ha entrar armado, mais se vós e algúns dos vosos queredes ir con toda sinxeleza, habedes ser benvidos.*

*O mariscal tiña á súa beira un inglés que entendía moi ben a linguaxe galega, e lle dicía en inglés todas as palabras consonte aqueles llas ían expresando. O mariscal respondeulles brevemente e díxolles :*

*- Volvede á vila e mandade vir ás barreiras os que vos enviaron para me faldades. Doulles a seguranza, todo o día de hoxe e mais o de mañá, se estamos de acordo, ata saír o sol.*

*-De acordo, señor –responderon eles.*

*Ao que partiron e volveron para a vila de Pontevedra atoparon nas barreiras a maior parte dos da cidade, aos que lles deron resposta e relación da súa embaixada, dicindo :*

*-Axiña o mariscal vai vir rente das barreiras para falar convosco. E se non sodes xente abondo podedes reunir aquí todos cantos queirades.*

*Entón reuniron nese lugar todos os homes notables da cidade en multitude e axiña viron chegar Súa Señoría Thomas Moreaux, o mariscal e a súa tropa nun total de corenta cabalos. Tan axiña como chegou, baixou diante da barreira, e toda a súa xente tamén, e logo falou e dixo deste xeito :*

*-De entre vós, homes de Pontevedra, enviástesnos sete, e eu pola miña parte, creo que lles destes a vosa confianza. Dixeron, así, que de grado habíades recoñecer por señor e señora o duque de Lancaster e a súa esposa, da forma e maneira que fixeron os da Coruña mais que non queredes ter outros gobernantes fóra vós mesmos. Orabén, dicídeme : que señorío había ter aquí Súa Alteza se dentro non houbese xentes súas ? Cando vós quixerades seriades del e cando non quixerades, non. Sabede que a miña intención e a dos meus compañeiros é nomear un bo capitán que vos governe e defenda e faga xustiza a todos ; e todos os oficiais do rei de Castela han ser cesados. E se non queredes que sexa así, dicídeme, pois iso foi o que nós decidimos.*

*Daquela solicitaron un tempinho para se reuniren en consello e decidiren, e logo falaram e dixeron :*

*-Señoría, confiamos grandemente en vós e na vosa palabra, mais tememos por riba de calquera cousa os saqueadores, pois moito mallaron en nós tais xentes no pasado que aínda nos lembramos ben deles. Cando don Bertrand du Guesclin e os*

*bretóns viñeron por primeira vez a estas terras<sup>27</sup>, fixeron tanta pillaxe que nada nos deixaron e por esa razón os receamos.*

*-Non é caso –respondeu sir Thomas- Xa non ha entrar saqueador ningún na vosa vila e non habedes perder cousa ningunha por nós. Non vos pedimos máis nada que a obediencia.*

*Con estas palabras estiveron eles de acordo.*

*Entón entrou o mariscal na cidade e as súas xentes, moi discretamente, e a súa hoste mantívose acampada fóra de todo. Enviáronlles vintecatro cargas de bo viño e outras tantas de pan, e gran cantidade de aves de corral para os señores. E o mariscal permaneceu ese día na vila e puxo oficiais en nome do duque de Lancaster, e situou como capitán un galego, home de ben, que estivera sempre en Inglaterra con dona Constanza, polo que os de Pontevedra se puxeron moi contentes. E alí permaneceu o mariscal a noite toda, e no outro día pola mañá volveu xunto da hoste.*

## **VIGO**

*Daquela decidiron que irían diante doutra vila que tamén lles era contraria e rebelde chamada Vigo, a seis leguas de ali, en terras de Galiza. Preparáronse e puxéronse en camiño, e fixeron tanto ese día que, cando chegaron a dúas leguas dela, enviaron por diante aviso de que se rendesen igual ca os de Rueullès, de Ville-Cloppès e de Pontevedra ou no outro día cediño os habían asaltar. Os de Vigo non fixeron caso destas ameazas e dixeron que xa outras veces foran asaltados sen que os deran conquistado.*

*Cando lle deron tal resposta a sir Thomas Moreaux, dixo :*

*- San Xurxo me valla, habémoslos asaltar ben asaltados ! É ben fachendosa esa xente para responder así !*

*Pasaron a noite todos contentes coas provisións que levaban, e no outro día, ao raiar o sol, desaloxaron a acampada e puxéronse en camiño decontado. Era xa a terza cando chegaron diante da vila de Vigo. Puxeron pé en terra e distribuíronse para asaltar a cidade, e o mesmo fixeron os de dentro para a defenderen.*

*A vila de Vigo non é moi grande, mais é forte abondo, e coido que, de ter boa xente de armas, cabaleiros e escudeiros que a tivesen sabido gardar, os ingleses non a darían capturado tan axiña como o fixeron. Porque tan logo como os de Vigo se viron asaltados e sentiron as frechas dos arqueiros de Inglaterra que ferían e mancaban os seus homes mal armados, abraiáronse todos e dixeron :*

*- Por que nos facemos ferir ou matar en prol do rei de Castela ? Tanto nos ten como señor o duque de Lancaster (que ten por muller a filla que foi do rei don Pedro)*

---

<sup>27</sup> Du Guesclin, con Henrique de Castela, fixera unha rápida incursión en Galiza en 1367 sen atopar – polo que parece- moita resistencia.

*coma o fillo do rei Henrique. Ben sabemos e vemos que se nos toman pola forza seremos mortos todos, e perderase o noso, polo que non vemos beneficio para nós por parte ningunha. Hai arredor dun mes que enviamos mensaxe cabo do rei noso señor, a Burgos, en España, e espuxémoslle ao seu consello o perigo en que estabamos e que habían vir os ingleses, como arestora viñeron. O rei falou do asunto cos cabaleiros de Francia que se encontran en España a carón del mais non acordaron que ninguén viñese aquí en gornición, nin a lugar ningún da terra de Galicia. Polo que o rei de España e o seu consello amosan, tanto lles importa gañalas como perdelas. Respondéronlles aos nosos enviados : « Volvede e facede o máis que poidades ! », o que ven sendo dar a entender que non nos deixemos matar nin tomar por forza .*

*Nestas falas foron os homes á porta e subiron ao alto, a unha fiestra. Fixeron acenos de que querían falar e chegar a un trato e ouvíronos. Daquela o mariscal achegouse e preguntoulles o que querían, e eles responderon :*

*- Mariscal, mandade parar a vosa xente, queremos tratar convosco en nome do señor de Lancaster e de dona Constanza da forma e maneira que fixeron e han facer as outras vilas de Galiza. E se queredes ter provisións da nosa vila, teredes graciosamente para vos refrescardes, mais armado ninguén ha entrar para cousa ningunha. Tal é o tratado que nós queremos facer e manter.*

*O mariscal aconsellouse para a resposta e dixo :*

*- Concédovos manter o que pedides, mais heivos poñer un bo capitán que vos garde e aconselle se o precisades.*

*E eles responderon:*

*- Tamén estamos de acordo.*

*Así, chegados ao trato, cesou o asalto pois a tropa retirouse para atrás, mais o mariscal e sir Evan Fitzwarren, o señor de Talbot, sir John Burnel, sir John d'Ambreticourt, e algúns cabaleiros entraron na cidade para se refrescaren e alá estiveron o día todo. E os compañeiros que estaban fóra tiveron da cidade pan e viño e outras provisións a fartar.*

## **BAIONA**

*Despois da toma da vila de Vigo, en Galiza, e que os señores se refrescaron a pracer -porque está en país ricaz e nela atoparon plena satisfacción- e de que deixaron nomeado capitán (un escudeiro inglés chamado Thomas Albery, home asinado e valente, ao que lle deixaron doce arqueiros) partiron de alá e se puxeron en marcha - tomando o camiño que entra en Galiza bordeando España e os montes de Castela- e chegaron a unha importante vila que no país chaman Baiona.*

*Cando se achegaron a unhas dúas leguas dela, acamparon e permaneceron alá aquela noite ata o outro día, no que foron en formación perto da vila,*

*distribuíndose en dous corpos, e logo enviaron por diante un heraldo para ver e saber o que ían facer e dicir os de Baiona, se ían obedecer sen asalto. O heraldo non tiña moito que percorrer e chegou ás barreiras, onde había unha chea de habitantes da vila moi mal armados e comezou a lles falar transmitíndolles a súa mensaxe porque coñecía ben a lingua deles (era un heraldo portugués chamado Coímbra e pertencente á casa do rei):*

*- Homes desta vila –dixo- que cousa pensastes entre vós facer? Deixarvos asaltar ou rendervos manseliñamente? Obedeceredes ao voso señor e a vosa señora os duques de Lancaster? O señor mariscal e os seus compañeiros enviáronme aquí para saberen o que queredes facer.*

*Os homes de Baiona reuníronse axiña en consello e comezaron a tratar, a murmurar e falar preguntándose uns a outros: “O que faremos? Renderémonos sinxelamente ou defenderémonos?”.*

*Aí falou un home vedraño que vira máis cousas que calquera outro e tiña moita experiencia, e dixo:*

*- Benqueridos señores, cómpre unha decisión rápida. Aínda nos fan os ingleses gran cortesía ao deixaren en suspenso o asalto ata que teñamos decidido. Vedes que non se albisca conforto por parte ningunha, e que o rei de Castela ben sabe o estado no que nos atopamos, e sóuboo dende o momento en que o duque e a duquesa chegaron á Coruña. Non fixo cousa ningunha a prol de nós fóra aparentar que o facía. Se nos facemos asaltar, o certo é que esta vila ten moito contorno e pouca defensa, polo que non daremos atendido todo. Os ingleses son guerreiros expertos e se han esforzar a causa da pillaxe, pois son cobizosos (como toda a xente de armas) e esta cidade ten sona de ser bastante máis rica do que é. Así, aconséllovos como mellor cousa que nos poñamos manseliñamente á obediencia do duque e a duquesa de Lancaster e non sexamos tan rudos e rebeldes que nos vexamos perdidos, pois desexito non acadaremos a paz. É o meu consello.*

*Entón responderon os outros:*

*-Creremosvos, pois sodes considerado en Baiona home de lei por quen se debe facer moito, e rogámosvos que vós mesmo lle deades a resposta ao heraldo.*

*- De grado –dixo el- mais compre darlle diñeiro noso. Así hanos facer cortesía pón donos boa sona diante dos seus señores que aquí o enviaron.*

*Entón foise o asiado vedraño xunto do heraldo e díxolle:*

*-Habedes volver cabo dos vosos amos que vos aquí enviaron e dicirllles da nosa parte que queremos chegar polas boas e amigabelmente á obediencia do señor e a señora de Lancaster da forma e maneira que fixeron e han facer as outras vilas de Galiza. Ide, logo - díxolle o vello ao heraldo que, cando o escoitou falar e prometerlle vinte floríns e os viu axiña entregados, volveu todo contente cabo dos señores, o mariscal e outros, que lle preguntaron:*

*- Que novas hai? Que din os da vila? Prefiren o asalto?*

*- A fe, meu señor –respondeu o heraldo- de xeito ningún. Non o desexan, senón que me dixeron que viñerades cara a diante e que vos recibirían de grado e de bo corazón, e que se queren poñer totalmente á obediencia do señor duque de Lancaster e da duquesa, igual que as outras vilas de Galiza fixeron e han facer.*

*- Vamos, logo –dixo o mariscal- Énos mellor ese trato ca o asalto. Cando menos non teremos mortos nin feridos entre os nosos.*

*Daquela, o mariscal e toda a súa tropa foi devagariño ata a vila, baixaron dos cabalos e logo o mariscal foi á barreira e á porta onde estaba reunida moita xente - mais todas as súas armaduras non valían dez francos- para ver os ingleses. E con eles estaba un asisado vedraño da vila para facer o tratado..*

*Tan axiña como o heraldo o viu, díxolle ao mariscal:*

*- Meu señor, faládelle a este home que se inclina ante vós, porque está na súa man o recoñecemento da vila.*

*A estas falas, botouse adiante o mariscal e preguntou en voz alta:*

*- Veña, pois: que queredes dicir? Ídesvos render ao señor duque e á duquesa de Lancaster como o voso señor e dona?*

*- De certo que si, meu señor –dixo o vedraño- ímosnos render a vós en nome del e imos pór esta cidade á obediencia del na forma e maneira que fixeron e han facer as outras cidades de Galiza. E se a vós e á vosa xente vos apraz entrar nela habedes ser ben recibidos e co voso diñeiro pagardes as provisión se queredes.*

*O mariscal respondeu:*

*- É de abondo, non vos pedimos senón a obediencia e a estima do país, mais ídesnos xurar que se o rei de Castela viñese ou enviase tropa aquí vós habiades manter a cidade contra del ou dos seus.*

*Eles responderon decontado:*

*- Xurámolo de grado, e se el viñese con forza habíamos pecharnos contra del e mandarvos aviso. E se vós sodes máis forte ca el seguiremos sendo vosos: endexamais habedes atopar fraude en nós.*

*–E de abondo –dixo o mariscal- non pido cousa mellor. Antes de pasar un ano a determinación estará tomada, porque a coroa de Castela, de España, de Córdoba, de Galiza e de Sevilla ha ser para o máis forte. Albíscanse neste país, dende a entrada ou a fin de agosto, armas a eito e unha tan grande xornada de batalla como non ten habido en Castela en cen anos.*

*- Ben, meu señor, respondeu o vedraño, que aconteza o que ten que acontecer*

*e que o dereito vaia a quen o ten! Nós, neste país de Galiza imos ousar agardar.*

*Nestas falas trouxeron o santo e xuraron os que ían gobernar a vila de Baiona que habían ser por sempre xamáis fieis e leais, como deben ser os bos súbditos co seu señor e dona, é dicir o duque e a duquesa de Lancaster, e que os habían ter e recoñecer como señor e dona igual que as outras cidades de Galiza. E o mariscal, no nome do duque de Lancaster recibíunos así e xuroulles mantelos e gardalos en paz e xustiza.*

*Ao que todas estas cousas estiveron feitas e xuradas por unha parte e mais a outra, coa promesa de respectalas, abriron as portas e barreiras e entrou toda caste de xente que se espallou e aloxou pola cidade. Estiveron nela catro días para se refrescaren eles e os seus cabalos, e para agardaren tamén o bo tempo, porque neses catro días que estiveron alá choveu seguido polo que o mariscal e as súas tropas non querían partir. Os ríos ían moi cheos, e os ríos en España e en Galiza son moi perigosos, ao baixaren chuvias e enxurradas tan abundantes que axiña os enchen e os fan perigosos e arriscados para pasar por vaos.*

*Despois de tomaren Baiona, os ingleses sopesan cara onde seguir: se cara a Besances\*<sup>28</sup> ou cara a Ribadavia, e nos días de espera en Baiona, parados por causa da chuva, toman finalmente a decisión.*

*Tamén neses días decidiron cara a onde habían eles cabalgar. Se a Besances ou a outra cidade fortificada e fachendosa que no país chaman Ribadavia. Nesta vila mora a xente de máis arruallo e os homes máis traizoeiros do país de Galiza.*

*No quinto día fóronse os ingleses, partindo da vila de Baiona e avanzaron polos campos, atopando as terras asentadas de novo e os ríos retirados, coa volta do bo tempo que os aledou todos. Así cabalgaron (pois todos ían de a cabalo) cara a Ribadavia acompañados de bestas ben cargadas e de moitas provisións. Cabalgaron en total paz porque ninguén lles dificultaba o camiño: dominaban a campía e considerábanse señores de Galiza.*

## **RIBADAVIA**

*Tanto cabalgaron que chegaron perto da vila á que se dirixían e acamparon debaixo das fermosas oliveiras que hai nunha belida chaira a unha legua dela. Decidiron que habían enviar o seu heraldo para falar e tratar con eles, é dicir cos de Ribadavia, antes de faceren movemento de asalto., Ben sentiran dicir o mariscal e os outros señores que os de Ribadavia eran xente tan falsa e de tan estraña condición como non existe en todo o país e reino de Castela, que é moi grande, que practicamente non fan caso, nin nunca fixeron, do rei ou dos señores, só deles propios porque a súa vila é forte abondo. Daquela encargáronlle ao seu heraldo que fose falar con eles para coñecer a súa intención.*

---

<sup>28</sup> Ver Introducción.

*O heraldo partiu á carreira e cabalgou ata Ribadavia e achegouse ás barreiras. Non atopou ninguén, nin enriba nin embaixo, polo que se asombrou todo, mais as barreiras estaban choídas e ben pechadas, e tamén a porta. Daquela comezou a gritar e a berrar, mais ninguén respondeu. Ben vía xente ir e vir ás garitas mais por cousa que dixese ou aceno que fixese non se adiantou home ningún para lle dar unha fala. Estivo ben unha hora diante da porta, berrando e apupando. E cando viu que non había ter outra cousa, dixose para el: “Penso que esta xente de Ribadavia falou cos de Baiona e están encarraxados por aqueles me daren dez mouriscas<sup>29</sup> por tan pouco traballo. Quérenmas facer pagar. Santa María! Mellor quererían aforcarme que me daren eles outras tantas!”.*

*Nestas falas, cando viu que non había obter máis nada, botou atrás o seu cabalo e foise onde deixara o mariscal e a tropa. Ao que chegou alí, preguntáronlle:*

*-Entón: que novas hai? Esa xente de Ribadavia prefire o asalto ou vaise render coma os outros?*

*-De certo, meus señores –dixo el-, que non o sei mais teñen tanto arruallo que por moito que chamei e gritei, non me responderon cousa ningunha.*

*Entón díxolle sir John Burnel ao heraldo:*

*- E non viches ninguén riba das murallas? Se cadra fuxiron e abandonaron a cidade por temor de nós.*

*- Fuxir? –respondeulle este- Cos debidos respectos, non se dignarían a facelo porque antes de que os venzades, hanvos dar eles máis traballo que as outras cidades de Galiza todas. E sabede que dentro de Ribadavia hai xente a eito, pois eu vira ir e vir pola muralla. E cando eu chamaba por eles en voz alta dicindo “Escoitade! Escoitade! Son o heraldo que os señores envían aquí para falar e facer trato convosco!” eles non me respondían nin palabra senón que miraban para min e rían.*

*-Ah, os moi falsos! -respondeu o mariscal- Habémoslos castigar ben - San Xurxo me valla!- porque endexamais da bisbarra hei partir ata os poñer na obediencia do duque de Lancaster, se antes el non me chama ou non me acontece atranco maior. Preparémonos. Comamos e bebamos rapidiño un pouco e logo imos cabalgar ata alí para lles dar un asalto, porque quero ver Ribadavia máis perto e saber a fortaleza que ten, pois que os moradores son tan fachendosos que non fan caso de nós.*

*E fíxose o que mandou o mariscal.*

*Des que o mariscal e a súa xente comeu e bebeu un pouco (era no mes de xaneiro mais facía tanta sede coma en maio) subiron todos a cabalo e puxéronse en camiño resoando as súas trompetas que facían gran balbordo. Non estaban moi lonxe e logo chegaron diante da vila de Ribadavia e para comezar deron unha*

---

<sup>29</sup> A *mourisca* era unha antiga moeda de ouro española.

*carreira algúns cabaleiros e escudeiros facendo a súa mostra ata as barreiras sen atoparen unha alma, mais na muralla había un gran número de besteiros que se puxeron a disparar, e tanto fixeron que acadaron e feriron cabalos. Entón achegáronse os arqueiros ingleses que se situaron diante das barreiras e mais nos foxos e se puxeron a disparar a esgalla contra os besteiros e houbo un duro asalto, moi grande e forte que se alongou moito.*

*É certo que a vila de Ribadavia é forte abondo e que un dos seus lados non se pode conquistar porque pousa sobre de rocha onde ninguén pode subir. Pola outra banda, onde se facía o asalto, pousa en chan, mais hai uns grandes foxos moi difíciles de subir. Cabaleiros e escudeiros esforzáronse en gabear por eles e agatuñar, e levaban adargas na testa para romper o tiro e o lanzamento de pedras que viñan de enriba; os arqueiros colocáranse nos foxos tirando a eito tan mesto que apenas ousaba amosarse defensor ningún.*

*Houbo ese día en Ribadavia gran asalto e moitos de dentro e mais de fóra resultaron feridos. Cando chegou o serán e foi o momento da retirada tocaron a trompeta e os ingleses retiráronse para as súas tendas, das que viñeran, e atopáronse ben contentos co que trouxeran (que era abondoso) e curaron os feridos. Ese día, na barreira, resultou acadado por unha frecha no medio do brazo Thierry de Soumain de xeito que houbo que lla arrancar, e durante máis dun mes non se daba axudado co brazo, e levábao á estribeira cun pano.*

*Volverá máis adiante Froissart sobre o asalto a Ribadavia mais antes aludirá ao ánimo e propósitos do rei Juan I de Castela que segue a agardar reforzos do rei de Francia para se enfrontar cos ingleses e portugueses.*

*Entrementres que o mariscal da hoste do duque de Lancaster cabalgaba o país de Galiza, como podedes ouvir contar, e que facía virar á maxima obediencia do duque e a duquesa cidades, vilas e castelos, os duques e as súas fillas mantiñanse na cidade de Compostela, que chaman Santiago de Galiza, e nela ouvían a miúdo novas do rei de Portugal e mais do rei deles.*

*Por outra banda, o rei Juan I de Castela mantiñase por aquel tempo en Valladolid, e cabo del estaban diferentes cabaleiros franceses, cos que falaba moito dos seus problemas e se aconsellaba con eles, pois de todo o que os ingleses conquistaban na Galiza e como se comportaban era el sabedor e todos os días tiña novas da situación. Daquela dicíalles:*

*- Benqueridos señores, maraviállame moito que non veña máis grande conforto de Francia para me remediar nas miñas dificultades, porque o meu país pérdese e perderase ao non saír adiante, dado que os ingleses dominan a campía e sei de certo que o duque de Lancaster e o rei de Portugal estiveron xuntos na Ponte do Mouro e fixeron entre eles grandes alianzas. O meu adversario de Portugal debe ter por muller, mediante casamento, unha das fillas do duque de Lancaster, que llo prometeu, e tan axiña como a despose habedes ver esas dúas forzas unirse conxuntamente e entrar no meu país, o que me dará moito que facer.*

*Os cabaleiros de Francia, para acougaren e confortaren o rei Juan responderon:*

*- Non vos preocupedes de nada. Se os ingleses gañan dunha banda, da outra perden. Sabemos de certo que o rei de Francia con máis de cen mil homes armados entrou en Inglaterra e está a destruír e conquistar o país todo. E, de que todo estea concluído e teña percorrido dese xeito toda Inglaterra e a teña suxeitado tanto que endexamais se dará ergueito de novo, o rei de Francia e as súas forzas han embarcar na súa flota, tan grande e tan grosa, e han vir á Coruña no tempo da primavera e han conquistar nun mes máis do que levades perdido nun ano e o duque de Lancaster hase atopar tan entalado que o ides ver fuxir cara a Portugal. Así habedes tomar vinganza dos vosos inimigos. Estade certo de que se as dificultades dos franceses non foren arestora tan grandes, e non tiveren a viaxe a Inglaterra, xa habiades ter tres ou catro mil lanzas francesas, porque o rei e seus tíos e os seus conselleiros teñen gran interese en vos axudar e dar cabo á vosa guerra, aconteza o que aconteza. Non vos importe se os ingleses dominan agora a campía e collen un pouco do voso país. Sabede que antes do día de San Xoán Bautista, hana devolver, para o seu desgosto.*

*Esas ou semellantes falas dixéronlle daquela en Valladolid os cabaleiros franceses ao rei Juan de Castela e ao seu consello. O rei de Castela tomounas moi a ben e atribuíúlles gran verdade, confortándose moito, porque eles coidaban que o rei de Francia e a súa forza pasaran alén o mar de Inglaterra, como corría a sona por todos lados en España, en Galiza e en Portugal. E sabede que ao duque de Lancaster non lle dicían a cuarta parte do que a súa xente ouvía contar aos peregrinos e mercadores que viñan de Flandes, polo que o rei de Portugal, aínda que lle mandaba por escrito saúdos e amizades ao duque de Lancaster, gardábase moito de lle enviar a pedir rapidamente Filipa de Lancaster, coa que debía desposar, pois a súa xente dáballe por certo que, segundo as novas que chegaban de Francia e de Flandres, Inglaterra estaba en gran perigo de ser arrasada de a feito, e se o chegaba a ser, nin o conforto do duque de Lancaster nin o casamento coa súa filla habían valerlle de nada. Por iso ía levando os seus asuntos con discreción e devagariño, agardando ver como remataba, mais por cartas e mensaxes expresáballes amor ao duque e a duquesa de Lancaster.*

De certo que Francia preparara longamente a invasión de Inglaterra e concentrara unha flota impresionante no porto flamengo da Esclusa<sup>30</sup>, mais finalmente a expedición tivo que ser adiada ao seren as condicións invernais moi desfavorabeis para a travesía e para o aprovisionamento logo que o desembarco se fixese. A práctica totalidade da flota francesa abandona o porto zeelandés, o que aproveitan os ingleses para incendiaren os barcos que aínda se atopaban ancorados alá.

O rei de Francia comeza daquela os preparativos para enviar a axuda prometida ao rei de Castela e parten as primeiras tropas.

*É hora de volvermos aos problemas de Castela e de Portugal, e de falarmos de*

---

<sup>30</sup> En neerlandés Sluis.

*Lancaster, que se mantiña en Galiza, e dos problemas dese momento, que non foron pequenos, e de lembrarmos tamén a axuda que o rei de Francia enviou ao rei de Castela, pois sen o seu socorro os problemas deste terían decorrido mal. Quero que se saiba que, no ano en que o duque de Lancaster chegou á Coruña, tería perdido o seu reino todo enteiro se non chega a estar axudado polos nobres franceses que foron alá enviados polo rei de Francia.*

*Sabedes que as novas espállanse axiña ben lonxe. O rei de Portugal soubo decontado as novas do rei de Francia e do exército francés que debía ir por mar a Inglaterra. Porque neses días, o rei de Portugal moraba no Porto, que é unha boa cidade cunha das baías mellores e máis frecuentadas do reino en todos os tempos,. E que fixo o duque de Lancaster? Tan logo como aquel puido, a través dos mercadores que viñan do seu país, mandoulle relato de todo, polo que se puxo moi contente. Por outra banda déranlle a entender ao rei de Portugal que toda Inglaterra estaba perdida, razón pola que –a dicir verdade- el desvencellárase un pouco do duque de Lancaster non casando tan axiña coa súa filla. O que fixera foi seguir mantendo a relación co duque e a duquesa de Lancaster con palabras doces.*

*Cando foi xustamente informado da partida do rei de Francia e dos acontecementos da Esclusa, convocou o seu Consello e díxolle:*

*-Benqueridos señores, sabedes que o duque de Lancaster está na Galiza, e con el a duquesa, nosa curmá. Tamén sabedes como estivo por aquí en grande amizade e falamos entre nós e o resultado é que eu debo esposar a Filipa, súa filla. Quero perseverar nesa decisión e enviarlle honras a Galiza, como corresponde a un señor da categoría do duque de Lancaster e a min que son rei de Portugal, pois quero facela raíña.*

*- De certo, maxestade –respondéronlle aqueles aos que se dirixía, tedes razón, pois que así o xurastes e prometestes.*

*- Adiante, logo –dixo o rei de Portugal-. E a quen poderíamos enviar cabo do duque para traer a dama?*

*Nomearon o arcebispo de Braga e mais o señor João Roiz de Sá, e como non estaban presentes mandáronlles recado tan axiña como se fixo a escolla. Dispuxéronse eles ledamente a facer a devandita viaxe e destináronlles dúas centas lanzas para iren e volveren con eles.*

*Continúa, a seguido, Froissart o relato de asedio de Ribadavia.*

## **RIBADAVIA (2)**

*Teño para min que os de Ribadavia coidaban que habían ser axudados polo rei Juan de Castela e os cabaleiros franceses, que se mantiñan en Valladolid, porque outramente non terían resistido tan longamente. Mais non sei como os habitantes da vila, que non tiñan outros conselleiros senón eles mesmos, puideron durar tanto*

*contra a flor da xente de armas e de arqueiros asaltando unha boa vila e como non se amedoñaban nin miga, pois todos os días sen falta tiñan asalto. E os máis asisados cabaleiros da súa tropa aconselláronlle a sir Thomas Moreaux:*

*- Señoría, deixemos esta vila xa. Que o mal lume a queime! Vamos cara adiante polo país a Maurès<sup>31</sup>, Noye<sup>32</sup> ou Besances. A toda hora podemos volver aquí.*

*- Abofé que non vai acontecer que estes viláns nos derroten –dixo o mariscal- así morreramos todos, non sendo que o duque me ordene regresar.*

*Esa era a opinión de sir Thomas: manter o asedio de Ribadavia.*

*O rei Juan de Castela, que seguía en Valladolid e pedira insistentemente socorro a Francia, sabía ben e sentía dicir todos os días como os de Ribadavia resistían valentemente e non querían renderse.*

*- A fe que estou encarraxado por non ter posto uns franceses para axudaren aos da vila e despráceme moito non estar nela- dixo Barrois des Barres- Cando menos tería eu a mesma honra que teñen os viláns. E se de certo me tivesen dito que se trataba dunha vila tal, con tanta forza e tanta defensa, eu teríaa sen falta avituallado e provisto cumpridamente de víveres, artillaría e homes armados, e teríame lanzado á ventura. Ben quixera que Deus me tivese concedido a graza de defendela, como teñen os viláns.*

*Así se expresaban ao mesmo tempo na presenza do rei os cabaleiros franceses que desexaban as armas. E dixéronlle ao rei:*

*- Sería ben que enviásedes ata cen lanzas á vila e o castelo de Noye, porque se eles tivesen este e mais o castelo da Coruña dominarían os dous lados da entrada de Galiza.*

*- E quen poderíamos enviar? –preguntou o rei.*

*Alá se presentaron disstintos cabaleiros: os señores Tristán de Roye e seu irmán Renaud, Robert de Bracquemont, Tristan de la Gaille, Jean de Chastel-Morant e Barrois des Barres. O rei ouviunos falar e presentárense e estívolles moi agradecido:*

*- Benqueridos señores –dixo o rei- moitas grazas pola vosa boa vontade. Non podedes ir todos alá, cómpre que fiquen algúns comigo polo que puidese acontecer. Rógolle ao aquí presente señor Barrois des Barres que se encargue, pois que el se propón e o asunto lle aprace.*

*Barrois aledouse todo por ese presente, e nomeadamente porque permanecera ocioso demasiado tempo a desgusto, e dixo:*

*-Maxestade, moitas grazas, sabede que hei gardar a fortaleza con toda a miña capacidade, e vola hei volver sá e salva a vós ou a quen mandedes; e eu, que entrara*

---

<sup>31</sup> Ver Introducción.

<sup>32</sup> Ver Introducción.

*nela, sairei cando mo ordenedes.*

*- Deus me valla! –dixo o rei- Coido que imos ter axiña grandes novas de Francia.*

*Aínda non sabían nada aqueles cabaleiros franceses do abandono da Esclusa, mais o rei ben o sabía porque o duque de Borgoña escribíralle todo o acontecido e como ían os asuntos en Francia e como o duque de Bourbon ía vir a Castela con tres centas lanzas, mais antes tiñan que lles abrir o paso a esas tres centas lanzas o señor Guillaume de Lignach e o señor Gautier de Passac, E os cabaleiros dixéronlle ao rei que desexaban ouvir as novas:*

*- Ei, señor! Contádenos as novas de Francia, pois desexamos de as ouvir.*

*- De grado o farei – respondeulles o rei.*

*E o rei de Castela díxolles aos cabaleiros que alá estaban:*

*- Sabede que o duque de Bourbon foi escolleito para vir á cabeza desta viaxe polo rei de Francia e mais o seu consello e os seus dous tíos, e ten que traer con el seis centas lanzas, e para o primeiro paso son escollidos como capitáns dous valentes cabaleiros, o señor Guillaume de Lignach e o señor Gautier de Passac. Eles virán diante, cun total de dúas centas lanzas, e xa están en camiño, pois trasacordouse a viaxe do rei de Francia por mar e adiouse para a primavera, cando o condestábel de Francia, o conde de Saint-Pol e o señor de Coucy irán por mar a Inglaterra, cun total de catro mil lanzas, no vindeiro mes de maio. Que me dicides? –preguntoulles o rei.*

*- Que habemos dicir –responderon os cabaleiros franceses, que se puxeron todos ledos- respondemos que son moi boas novas. Non as podemos ter mellores, pois no voso país, na primavera que ven, hanse enfrontar as armas, como é manifesto, e se se pediron seis centas han vir nove centas. E sen falta habemos combater os ingleses. Arestora dominan os campos mais nós habémoslles tirar antes do San Xoán Bautista.*

*[...]*

*Partiu, logo, Barrois des Barres cun total de só cincuenta lanzas e deixou o rei en Valladolid e foise cabalgando cara a vila e o castelo de Noye. Ao mariscal do duque chegaronlle novas (non sei quen as levou) de que os franceses cabalgaban e eran ben cinco centas lanzas, e que viñan para levantaren o asedio de Ribadavia. Mais cando o señor Thomas Moreaux escoitou esas novas creunas decontado, porque os que llas contaban afirmabáno así, e que de certo eles víranos cabalgar alén do río Douro e írense aloxar en Villalpando. Entroulle temor ao mariscal ao crer estas falas e decidiu comunicarlle a súa situación ao duque de Lancaster, seu señor. Así o fixo, enviando ao señor John d'Ambreticourt e mais o heraldo que coñecía todos os camiños do país de Galiza; e dende aquela púxose moi en garda pois temía ser sorprendido de noite, polo que puxo moita vixía por toda a súa hoste. E sempre velaba a metade da hoste en canto que os outros repousaban nas súas tendas.*

*Chegaron o señor de Ambreticourt e mais o heraldo á vila do apóstolo Santiago, na que permanecían o duque e a duquesa de Lancaster. Ao que o duque soubo que chegaran, dixo:*

*- Hai novas.*

*Mandounos presentar diante del e preguntoulles:*

*- Que novas hai?*

*-Señoría, moi boas –dixo o señor John d'Ambreticourt, mais o marescal envíame cabo de vós para saber o que queredes que faga porque o informaron como cousa certa que os franceses se reuniron en Castela e cabalgan moito e queren cruzar o Douro para combateren as nosas tropas diante de Ribadavia. Velaí as novas que vos traio.*

*- De certo que son novas importantes –dixo o duque- Sabede, sir John, que enviaremos axuda.*

*Coa mesma ollou para sir John Holland, seu condestábel, e para o seu almirante, sir Thomas Percy, e díxolles:*

*- Collede na nosa xente tres centas lanzas e cinco centos arqueiros e ide diante de Ribadavia cabo dos compañeiros: temen que os franceses non os vaian atacar.*

*Entón responderon estes:*

*-De grado o faremos.*

*Parten, logo de Compostela os reforzos ingleses e chegan diante de Ribadavia, onde se reúnen coas tropas que intentaban o asalto.*

*- Mariscal –preguntou sir John Holland- Que din os de Ribadavia? Non se queren render?*

*- A fe que non, señoría –respondeu sir Thomas- son viláns orgullosos. Ven que o país enteiro se está a render de arredor deles e mantéñense deste xeito na súa opinión. E mais dentro non teñen mesmo fidalgo ningún senón que todos son viláns.*

*- Calade –dixo sir John Holland- que de aquí a catro días habémolos poñer en tal punto que han querer renderse, rogando que lles fagan graza. Mais dicídeme ao almirante e a min: Veñen os franceses en cabalgada?*

*O mariscal respondeu:*

*- Así me informaron un día; que viñan cabalgando cinco centas lanzas nun escadrón; e sería moi posíbel porque non deixa de chegar xente armada de Francia. Dende aquela souben que é Barrois des Barres, que veu meterse con cincuenta lanzas*

*na vila e o castelo de Noye, e sobre eles ningunha outra aparencia de verdade tivemos nin soubemos.*

*Niso deixaron as súas falas sobre este asunto e todos os recién chegados aloxáronse xuntos o mellor que puideron, facendo carrexar con eles grandes provisións das que se serviron.*

*Uns catro día despois de que os señores John Holland e Thomas de Percy chegaran xunto á hoste do mariscal, tiveron os cabaleiros e escudeiros preparada unha gran disposición de asalto. Fixeran armar e erguer un gran enxeño de madeira sobre rodas que se podía empuxar conducindo nel moita xente a onde quixesen; podía ben doadamente acoller cen arqueiros ou homes con armadura se se quixese, mais para este asalto entraron nel arqueiros. E encheran os foxos no lugar polo que o enxeño tiña que ser levado.*

*Entón comezou o asalto, e achegáronse os enxeños con rodas a poder de os apuxar, e neles ían arqueiros ben fornecidos de setas que disparaban lixeiros contra os da cidade (e os viláns lanzábanlles a eles dardos) de xeito que asombra como desde tal enxeño se pode disparar tan dereitiño. Por baixo había mantelos recubertos de coiro de boi e de vaca polo lanzamento de pedras e o disparo de dardos, e por baixo destes mantelos con cuberta estaban os soldados, que se achegaban á muralla, ben protexidos polos escudos, e picaban con picos e petas no muro, e tanto bateron que o estragaron moito, pois os defensores non os podían acadar porque coa mesma os arqueiros feríanos coas súas frechas. Alí derrubaron un bo anaco de muro, que caiu enriba dos foxos.*

*Cando os galegos que estaban dentro viron o gran infortunio abraiáronse de a feito e puxéronse a berrar “Rendémonos!” mais ninguén lles falaba nin lles respondía. Rían moito os ingleses diante do que vían, dicindo:*

*-Estes viláns bouraron en nós e mancáronnos ben, e aínda fan bulra cando queren que teñamos mercede deles, arestora que a vila é nosa! Nada, nada! –dixeron os máis dos ingleses- Non sabemos o que dices! Non sabemos falar español! Falade bo francés ou bo inglés se queredes que vos entendamos!*

*E botaban sempre para adiante perseguindo os viláns, que fuxían ante eles. E matábanos a torto e a dereito: nese día houbo máis de mil cincocentos mortos, moitos deles xudeus, dos que había bastantes. Así foi gañada pola forza a vila de Ribadavia, e os que entraron nela colleron gran botín de ouro e de prata, especialmente nas casas dos xudeus.*

*Despois da toma de Ribadavia, que foi conquistada do xeito que dixemos, e de que os ingleses a tiveran rapiñado toda e se fixesen donos dela, preguntáronlle ao mariscal da hoste o que quería facer: se lle poñerían lume.*

*- Nada diso! –dixo o mariscal- Ímola conservar e reparala toda enteira, pois ímola ter longamente.*

*E consideraron onde iría nesora a hoste. Decidiuse que o exército cabalgaría*

*ata Marès\*<sup>33</sup>, unha boa vila tamén en Galiza, e logo determinouse quen habían ficar para a repararen e a gardaren, e deixaron a sir Peter Clinton, moi cabal e asisado cabaleiro, cun total de vinte lanzas e sesenta arqueiros.*

*Ao partiren, mandaron os señores cargar da vila de Ribadavia provisións a eito, pois atoparon delas a fartar, especialmente porcos salgados e moi bos viños, que eran tan fortes e tan ardentes que os ingleses case non podían bebelos, pois cando bebían moito non se daban remexido nos dous días de despois.*

## **MAURÈS / MARÈS**

*Fóronse os ingleses da vila de Ribadavia e cabalgaron cara á vila de Maurès en Galiza facendo levar atrás deles, por pezas, o gran enxeño que alá armaran, pois ben vían que lles causaba un forte espanto ás cidades.*

*Cando os de Maurès ouviron que os ingleses viñan cabalgando cara a eles para conquistar e someter á súa obediencia os habitantes e a cidade, e que Ribadavia fora tomada pola forza e os homes da cidade mortos, e que traían consigo un enxeño diabólico tan grande e abraiante que eles non o darían destruído, tomáronlle moito medo á hoste e a ese grande enxeño. Entón xuntáronse en consello para decidiren como habían conducirse e se deberían renderse ou defenderse. Non vían que fose mellor defenderse ca renderse porque se os tomaban pola forza ían perder corpos e bens, e non albiscaban axuda por ningures.*

*- Mirade -dicían os asisados- o que lles aconteceu aos de Ribadavia coa súa defensa, que eran tan fortes ou máis do que nós somos. Foron sitiados durante máis dun mes e ninguén os socorreu nin axudou. O rei de Castela, polo que sabemos, conta por perdido no inverno o país de Galiza ata o río Douro, e non habedes ver franceses entraren nel este ano. Polo tanto, rendámonos polas boas sen dano e sen rifa, na forma e maneira en que as outras vilas se renderon.*

*- Está ben –dixeron todos coa mesma opinión.*

*- E como habemos facer? – preguntaron algúns.*

*- A fe, saírémoslles ao encontro no camiño –responderon os asisados- Levaremos connosco as chaves da cidade e presentáremoslles pois os ingleses son xente moi cortés. Non nos han facer mal ningún senón que nos han acoller con agarimo e han estar contentes.*

*Todos estiveron de acordo e saíron fóra da cidade devandita cincuenta homes escollidos entre os máis notabeis. Tan axiña como os ingleses souberon que esta boa xente levaba, para llas presentar, as chaves da cidade, puxéronse todos ledos. Os de Maurès puxéronse en camiño, e entre a cidade e os ingleses, a unha media legua das portas, agardaron.*

---

<sup>33</sup> Ver introdución.

*Chegarónlles, logo, novas aos ingleses de que os da cidade de Maurès saíran ao campo, mais non para combater senón para se renderen, e que levaban con eles as chaves da cidade. Entón adiantáronse os señores e os cabaleiros para ver e saber o que lles querían dicir e mandaron permanecer atrás toda caste de arqueiros e homes armados, achegándose eles aos galegos que estaban a esperalos. Un deles díxolles:*

*- Velaí os tres principais señores da hoste inglesa enviados polo duque de Lancaster para conquistar o país, podédeslles falar.*

*Entón axeonlláronse todos e dixeron:*

*- Señores cabaleiros, somos os pobres homes de Maurès, que queremos entrar na obediencia do señor duque e a señora duquesa de Lancaster. Rogámosvos que nos acollades con mercede porque o que nós temos é voso.*

*Os tres señores de Inglaterra, despois de se consultaren, responderon decontado:*

*- Boa xente, iremos nós e unha parte da nosa hoste –mais non toda- convosco á cidade e alá faredenos o xuramento, tal como a boa xente debe facerlle ao seu señor e señora, polo que a cidade de Maurès habedes recoñecer o duque e a duquesa de Lancaster. Ide, logo, diante e facede abrir as portas e seredes acollidos con mercede.*

*Daquela puxéronse aqueles en camiño, chegaron á súa cidade e fixeron abrir as portas e barreiras para a entrada do condestábel e dos señores, que podían ser tres centas lanzas, non máis. O resto aloxouse na campía, mais os que ficaran fóra tiveron con fartura bens da vila. E os señores fixeron que os homes de Maurès xurasen tal como se dixo enriba.*

## **CASAMENTO DE FILIPA DE LANCASTER**

*No outro día da rendición de Maurès, cando os cabaleiros ingleses se dispuñan para ir diante da cidade de Besances, chegarónlles cartas e novas do duque de Lancaster, que lles ordenaba –estivesen na situación que estivesen- que, lidas estas cartas, partiran e regresasen cabo del pois agardaba de alí a poucos días o arcebispo de Braga e o señor João Roiz de Sá, embaixadores os dous do rei de Portugal, que viñan desta vez para esposaren a súa filla e levala ao Porto, onde a agardaba o rei.*

*Cando sir John Holland e mais o mariscal e o almirante ouviron estas novas, volvéronse no seu camiño e dixeron que de certo cumpría que, ao recibir os embaixadores do rei de Portugal, o duque, seu señor, tivera a súa xente e o seu consello arredor del. Deron, logo, volta e deixaron gornición nas vilas que conquistaran e dixeron que non habían facer máis nada ata maio, regresando a Santiago como lles mandara o duque.*

*Tres días despois de eles vir, chegaron o arcebispo de Braga e o señor João Roiz de Sá e baixaron con máis de dous centos cabalos á cidade de Santiago. Todos foron aloxados porque llelo prepararan. Cando estiveron dispostos, o arcebispo e os cabaleiros e algúns señores que os acompañaban dirixíronse moi ben adoviados xunta o duque e a duquesa, que lles fixeron moi grande acollida con moita ledicia. Entón espuxeron o motivo polo que viñeran e o duque escoitou con moito agrado pois tiña que estar contente do proveito da súa filla e mais da alianza que tiña co rei de Portugal, que lle viña ben a punto no caso de que quixese entrar en Castela e conquistala.*

*O arcebispo amosoulles ao duque e á duquesa e ao consello como podía e debía casar por procuración en nome do rei João de Portugal a dona Filipa de Lancaster, filla do duque, o que satisfizo o duque, á duquesa e o consello, que lle deron creto. Daquela, nos días en que os embaixadores de Portugal moraron na cidade de Santiago, o señor João Roiz de Sá, en vertude da procuración que tiña, esposou dona Filipa de Lancaster no nome e polo rei de Portugal, que isto ordenara e establecera. Casounos o arcebispo de Braga e deitáronse cortesmente enriba dun leito, como deben estar esposo e esposa.*

*No outro día, a dama e o seu séquito tomou licenza para partir. E partiu des que ela tomou licenza de seu pai, súa nai e súas irmáns, e montou nunha hacanea<sup>34</sup> que cabalgaba moi ben, cunha chea de damiñas con ela, e mais a súa irmán bastarda, a muller do mariscal<sup>35</sup>. Ordenouse que as acompañasen sir John Holland, sir Thomas de Percy e sir John d'Ambreticourt, con cen lanzas inglesas e dous centos arqueiros. Puxéronse en camiño os señores e as damas, e todos xuntos cabalgaron ata a vila e cidade do Porto.*

*No Porto ten lugar, en febreiro de 1387, o casamento do rei João I e Filipa de Lancaster. As grandes cerimonias e festexos duran máis de dez días e, ao que rematan, os cabaleiros ingleses vólvense a Compostela e lévanlle ao duque as palabras do rei de Portugal coa súa disposición a acompañalo cun gran exército para entrar en Castela cando Lancaster dispoña.*

*Uns quince días despois de o condestábel e o almirante regresaren do Porto, do casamento do rei de Portugal, preparáronse o duque de Lancaster e a súa xente para cabalgar e ir conquistar cidades e castelos de Galiza, pois o duque non era aínda señor de todos os castelos nin de todas as vilas. Por consello do duque dispúxose –e cumpría que así fose– que ao partiren de Santiago o duque, a duquesa e a súa filla Catarina tamén partisen e fosen ao Porto, en Portugal, veren o rei e raíña moza. Foron así preparadas, segundo dixemos, as cousas do duque e mais as da súa filla moza. E foi a cidade de Santiago encomendada a gardar como capitán a un cabaleiro inglés chamado sir Lewis Clifford, deixando baixo o seu mando trinta lanzas e cen arqueiros.*

---

<sup>34</sup> Égua mais ben pequena, mansa e de andar tranquilo e lixeiro, moi utilizada para montaren as damas.

<sup>35</sup> Ver nota 12.

## **BESANCES**

*Partiu o duque de Lancaster e toda a súa compañía, pois non ficou ninguén na gornición non sendo aqueles que os capitáns mandaran ficar. Cabalgaron o duque e a duquesa cara á cidade de Besances, que é, nun dos recunchos de Galiza a derradeira boa vila cara ao reino de Portugal e está no camiño dereito ao Porto e a Coímbra. E como a señora de Lancaster e a súa filla tiñan que ir cabo do rei e da raíña, tomaron elas o camiño do Porto..*

*Os da vila de Besances ouviron que o duque e toda a súa hoste viña contra deles, polo que se axuntaron en consello para saber o que era mellor facer. Na xuntanza houbo distintos pareceres defendidos. Finalmente decidiron que o mellor era enviaren cabo do duque e da duquesa seis dos homes máis notabeis da cidade de Besances para solicitaren que a cidade non fose asaltada en oito días e durante ese tempo enviar mensaxeiros ao rei de Castela expóndolle que se non viña con forza para combater o duque eles se habían render a este sen máis.*

*Montaron, logo, a cabalo dous homes escollidos da cidade de Besances e cabalgaron ao dereito no camiño polo que viñan os ingleses. Atoparon de primeiras a vangarda do mariscal e foron detidos e apresados polos primeiros xinetes. Eles dixéronlles que eran de Besances e que traían mandato da cidade para falar co duque. Entón díxolle o mariscal a sir John Sounder que cabalgaba á súa beira:*

*- Levade estes homes rente de Súa Señoría. Precisan ser gardados porque os nosos arqueiros poderían por lixeireza matalos.*

*O cabaleiro respondeu:*

*- De grado.*

*Daquela díxolles o mariscal:*

*- Adiante, este cabaleiro havos levar cabo do duque.*

*Partiron e cabalgaron xuntos e atoparon o duque, a duquesa e a súa filla, sir John Holland, sir Thomas Percy e varios outros que pararan debaixo dunhas moi boas oliveiras e miraron a Sounder que ía cara a eles.*

*Preguntoulle sir John Holland:*

*- Meu cuñado Sounder, seica son teus, estes prisioneiros ?*

*- Non son prisioneiros, sir –respondeulle o cabaleiro- Son homes de Besances que o mariscal me entregou para que os levase a falar con Súa Señoría. Porque, polo que me pareceu, queren chegar a un trato.*

*O duque e a duquesa de Lancaster ouviron e escoitaron estas falas, pois estaban presentes. Entón Sounder díxolles aos homes:*

*-Achegádevos, boa xente, velaí tedes o voso señor e a vosa dona.*

*Daquela adiantáronse os homes e axeonlláronse, e un deles falou, dicindo así:*

*- Meu moi querido e temido señor, a comunidade de Besances envíanos aquí. Ouviu que vós vides ou enviades contra dela un exército para terdes o seu dominio. Por iso pídevos como graza especial que teñades a ben agardar tan só nove días sen dardes o asalto, para que mande enviados ao rei de Castela, que está en Valladolid, expóndolle o perigo en que Besances está, e que se nos nove días non son socorridos por xente abondo para vos combater, hase pór na vosa total obediencia, e se non tedes víveres e provisións abondo, os da cidade vos ofrecen, pagándollos cantos queirades para vós e para a vosa xente.*

*A estas falas non respondeu o duque, deixando falar a duquesa, que entendera moi ben a súa lingua pois era do país. Esta ollou para o duque e preguntoulle:*

*- Maxestade: que é o que dicides diso?*

*- E vós, miña dona: que vos parece a cousa? Vós sodes a herdeira, o herdo venme de vós. Daquela debedes ser vós a que responda.*

*- Maxestade, é ben que se lles conceda o trato que poñen por diante, porque coído que o rei de Castela non ten vontade de combater tan axiña.*

*- Non sei, dixo o duque, Queira Deus que veña decontado á batalla, así nos libraremos deles antes. Oxalá fose dentro destes seis días. E pois que o vós queredes, quéroo eu tamén.*

*Daquela virouse a dama cara aos homes e díxolles:*

*- Veña, triunfastes, mais entregádelle ao mariscal doce dos máis notabeis da cidade en prenda do cumprimento do trato.*

*- Ben, señora –responderon eles.*

*Entón erguéronse e sir John Sounder foi escollido -pois fora el quen os levara- e encargado de lle dar esta resposta ao mariscal, que se contentou moito cando volveron cabo del. E estes regresaron a Besances e contáronlle á comunidade como acadaran o que pedían.*

*Daquela colleron na cidade doce dos máis notabeis e enviáronos cabo do mariscal. Ficou así en paz a cidade de Besances coa condición que vos transmito, e axiña mandaron enviados cabo do rei de Castela, despois de se xuntaren e de decidiren como habían facer. E foron enviados cabo do rei de Castela non outros seis homes senón aqueles mesmos seis homes que trataran co duque de Lancaster. E tanto camiñaron que chegaron a Valladolid onde estaba o rei con parte do seu consello. O rei coñeceu a chegada deles e quixo velos e falarlles para preguntar as novas. Aínda non sabía nada do acordo ao que chegaran co duque de Lancaster nin que os ingleses*

*estivesen diante de Besances.*

Non lles fai moito caso o rei de Castela aos enviados da cidade pois, malia lles prometer unha resposta rápida, pasan os días sen saberen eles máis nada.

Entre tanto, o duque envía a duquesa e a súa filla ao Porto, xunto dos reis de Portugal. A filla máis nova ficará coa súa irmá, a raíña, mentres que a duquesa deberá regresar despois de obter do rei a promesa de dispoñibilidade cando Lancaster o chame.

Vencido o prazo, os ingleses reclaman o cumprimento do acordo ameazando, en caso contrario, con matar aos cidadáns que foran entregados en prenda e iniciar o asalto. Besances abre as súas portas. Días despois, regresan de Valladolid os emisarios, que tiveran que vir de volta ao non teren nova ningunha.

Bota ben tempo o duque de Lancaster en Besances. Alá chega un heraldo que ven de Valladolid enviado polo cabaleiro francés Renaud de Roye para desafiar nun torneo, en Castela ou en Besances, ao condestábel inglés John Holland. Acepta este e o duque concede o permiso e o salvaconduto para os franceses viaxaren á vila. Tempo despois chegan os franceses e a xusta ten lugar no medio dunha grande expectación; os mesmos reis de Portugal foron a Besances para presenciala.



Xusta de Besances

(Manuscrito das *Crónicas de Froissart*, Bruxas, 2ª metade do séc. XV)

Celebrado o torneo, a expedición francesa regresa a Valladolid, mais no primeiro día cabalga a Noye, onde fai noite para continuar no día seguinte.

Segundo o que comentamos na nosa Introducción, parece claro que a cidade denominada Besances por Froissart é Bragança, A maiores dos datos aportados pola narración do cronista (situación no extremo sur de Galiza antes de Portugal, e en liña recta cara ao Porto, habería unha proba importante pois Kervyn de Lettenhove fala da existencia dun documento firmado eses días en Bragança polo duque de Lancaster. Sen dúbida refírese ao Tratado de Babe, asinado o 26 de marzo de 1387 polos duques de Lancaster e o rei de Portugal nesa aldea de Bragança. Segundo tal tratado, Constanza de Castela e Xoán de Gante renuncian a calquera dereito que lles puidese corresponder sobre territorios da coroa portuguesa, o que significa que non so devolvían os territorios portugueses xa reconquistados, senón que se comprometían a devolver os que aínda estaban en mans de Castela

E segue Froissart:

*Rematada a xusta, tal e como vos deixo narrado, parlamentaron entre eles o rei João de Portugal e o duque de Lancaster, e penso que acordaron que de alí a poucos días habían cabalgar contra os seus inimigos. E como o rei de Portugal reunira toda a súa forza e a situara na campía, decidiuse que el e a súa xente habían percorrer unha fronteira do país e habían entrar en Castela por un lindeiro cara a Saint-Yrain<sup>\*36</sup>; e o duque de Lancaster e as súas tropas habían gardar o lindeiro de Galiza e conquistar as cidades e castelos que aínda eran do rei de Castela e se puidesen conquistar. E que se o rei Juan de Castela se lanzaba á campía con tanta forza como para pedir batalla, eles habían avantar ao tempo, porque se considerou e viu que as dúas hostes xuntas, reunidas nunha só, non se darían abastado de víveres para elas e os seus cabalos, nin se darían espaxado, e por esa causa eran de esperar que podería morrer de enfermidade gran número da súa xente, tanto pola dificultade da acampada como pola do forraxe. E mais porque os ingleses son moi orgullosos e precipitados nos campos, e os españois<sup>37</sup> quentes e fogosos e moi axiña levados polas falas e non son moi pacientes. Porén, para se enfrontaren a un gran perigo e unha gran batalla habían eles estar ben xuntos. Aí habíanse concertar moi ben, e igualmente os gascóns.*

*Tomouse esta decisión, e díxolle o rei de Portugal ao duque de Lancaster:*

*- Maxestade, cando eu saiba que vós vos pondeis en marcha, decontado me eu porei tamén, pois a miña xente está preparada e non pide senón batalla.*

*Entón respondeu o duque de Lancaster:*

*- Maxestade, sabede que eu non hei parar longo tempo. Dixéronme que existen aínda en Galiza algunhas vilas rebeldes que se negan a nos obedecer. Ireinas conquistar e despois cabalgarei cara o lugar onde coide atopar máis axiña os meus inimigos.*

*Neste acordo tomou licenza o rei de Portugal do duque de Lancaster e da*

---

<sup>36</sup> Algunhas edicións identifican a localidade como Santarem.

<sup>37</sup> Naturalmente, Froissart refírese aos portugueses. Ou ben trátase dun erro ou do uso do termo nun sentido largo, co significado de “hispanico”, que xa temos atopado outras veces (v. pp. 36 e 50).

*duquesa, e igualmente fixo a raíña Filipa, a súa muller, e tamén a mociña dona Catarina, filla do duque de Lancaster e da duquesa, pois dispúxose que durante a guerra e a estación que viña, a mociña se estaría coa raíña, súa irmán, no Porto, en Portugal (non podía estar mellor gardada) e a duquesa regresaría á cidade de Santiago de Compostela, en Galiza.*

*Como podedes ouvir, organizáronse para a estación entrante, e cadaquén foise onde tiña que ir: o rei de Portugal ao Porto e a duquesa á cidade de Santiago ben acompañada por cabaleiros e escudeiros. O duque permaneceu en Besances, e todas as súas tropas con el ou nos arredores, e fixeron os preparativos para cabalgaren axiña. Tiñan moitos desexos de partir porque era o mes de abril e as herbas estaban maduras en Galiza e mais en Castela, os trigos en gran e as flores en froito, porque alá o tempo é tan quente – en especial na campía- que o agosto pasou para o comezo de xuño. Querían, daquela, eles tomar as armas a toda presa en canto que facía tan bo e suave, pois daba gloria estar nos campos.*

No entanto chéganlle reforzos franceses ao rei de Castela: máis de dúas mil lanzas. Franceses e casteláns, despois de analizaren a situación, deciden agardar a que o duque de Bourbon veña co resto da tropa de axuda. Limitaranse a pequenas batallas defensivas en Castela, deixando que os ingleses dominen Galiza, pois xa ha ser no seu día recuperada. A maiores prevén importantes problemas e enfermidades nas tropas inglesas e nas cabalgaduras, derivadas das duras condicións moi diferentes ás que estaban elas afeitas: forte calor, ríos e fontes con augas moi frías, viños fortes, etc. Decídese, daquela, enviar gornicións francesas as vilas e fortalezas en poder do rei de Castela situadas na fronteira de Galiza:

*Así foi enviado o señor Olivier du Guesclin<sup>38</sup>, conde de Longueville, cun total de mil lanzas, a unha praza forte perto da fronteira de Galiza chamada Ville-Sainte\*, e os señores Renaud e Tristan de Roye a outra gornición a vinte leguas dela, tamén sobre a fronteira de Galiza, que nomean Aguilar de Campo, cun total de tres centas lanzas, o señor Pierre de Villaines cun total de dúas centas lanzas, a Ville en Bouelles\*, o vizconde de la Lune\* á la Maiolle\*, o señor Jean des Barres, cun total de tres centas lanzas, á vila de Noye na Galiza, os señores Jean de Chastel-Morant e Tristan de la Gaille, con outros capitáns e compañeiros, á cidade de Valencia, o visconde de la Barlière á cidade de Ribesde\* e os señores Jean e Robert de Bracquemort a Grenaude\*.*

Era o mes de maio de 1387, como Froissart nos precisa nunha das escasas ocasións nas que nos fornece datas que sitúan os acontecementos narrados.

## **OURENSE**

*Sir Thomas Percy e sir Evan Fitzwarren, cun total de dúas centas lanzas, escoltaron a duquesa ate a deixaren fóra de perigo. Despois volveron cabo do duque,*

---

<sup>38</sup> Era irmán de Bertrand, xa finado neste momento, ao que sucedeu na súa axuda ao rei de Castela. Bertrand e Olivier du Guesclin desempeñaron o máximo cargo militar do reino en tempos de Henrique II e Juan I.

*que xa estaba fóra de Besances e cabalgaba coas súas tropas cara a unha cidade de Galiza que chaman Ourense e lle era rebelde e non lle quería en absoluto obedecer. Porque era forte e tiña nela como gornición un gran número de bretóns que decidiran en por eles defendela e, como sentían que o duque e os ingleses habían ir por aquela banda fortificaráranse aínda moitísimo máis.*

*O mariscal da hoste sentira falar moito da gornición de Ourense en Galiza, que non quería obedecer ao duque e que todos os días estaba a se fortificar, polo que entre eles, co condestábel sir John Holland, decidiron ir alá. Dirixíronse, daquela, con toda caste de xente armada e cabalgaron desa banda, e tan ben o fixeron que chegaron pertiño e aloxáronse polo arredor cadaquén o mellor que puido.*

*A primeira noite, cando chegaron, facía tan bo e tanta calor que máis non se podía, pois era polo tempo da Ascensión. Mandaron os señores erguer tendas e trebellos nesas chairas largacías cabo das oliveiras, e así pasaron aquela noite e mais o outro día, sen asaltaren nunca, pois coidaban que os da cidade se habían render axiña sen que os atacasen.*

*De grado se tería rendido a boa xente natural da cidade e do arredor, mais non eran donos dela senón que os eran uns bretóns das compañías. Os capitáns destes eran dous bretóns: a un chamábanlle o bastardo de Auray e ao outro o bastardo de Pennefort. Eran guerreiros maravillosos, como se viu cando tan valentemente, sen espera de axuda ningunha, emprenderon a garda e defensa da cidade de Ourense en Galiza contra a hoste do duque de Lancaster.*

*No terceiro día en que os ingleses estiveron aloxados alá, e cando tiveron examinado a cidade e o xeito de mellor asaltala, os tres grandes señores (o condestábel, o mariscal e o almirante) mandaron resoar as trompetas para o asalto. Ao soaren elas toda a xente se armou e saíu fóra das súas tendas e botouse ao campo. Alá distribuírona ben distribuída en catro corpos para asaltaren por catro lugares; despois foron ao paso, moi ben formados e facendo resoar diante deles as trompetas, ata a cidade, onde pararon nos foxos. Neles non había auga, mais eran ben profundos e tiñan por diante das murallas altas empalizadas e estaban cheos de silvas e espiñeiros tan mestos que os soldados non eran quen de penetrar.*

*Comezou, daquela, o asalto por catro lugares e baixaron aos foxos soldados armados e fortes criados, empuñando machadas e podóns, fouciños e gadañas cos que cortaban silvas e espiñeiros a esgalla. Alá había galegos que lles guindaban dardos, pedras e proxectís de besta, botándollelos dende enriba contra os foxos. E se os que rozaban silvas, bouza e espiñeiros non estivesen ben cubertos por escudos, tería habido mortos e feridos a eito, mais a xente armada que estaba nas lombas dos foxos traballando tan rexamente tiña criados con escudos para cubrila e cubrírense eles tamén.*

*Por outra banda, sobre dos foxos había arqueiros en gran número que disparaban con forza e tan mesto contra os de dentro que poucos destes ousaban amosarse nas defensas.*

*Entón apareceu o duque de Lancaster, montado nun gran palafrén que o rei*

*de Portugal lle regalara, e detívose para ver o asalto e quen o mellor facía. Estivo alá ben tres horas mirando sen se dar ido, de tanto que lle apracía.*

*Con este primeiro asalto ficaron no primeiro día limpos os foxos de Ourense e as silvas e espiñas cortadas e rozadas, podéndose xa chegar á empalizada. Daquela tocaron a retirada, e o duque, que alá estaba, díxolle ao mariscal:*

*- A vosa xente e a nosa xa fixo abondo por hoxe. Cómpre que se retire pois están todos esfolados e moitos deles moi feridos.*

*- De acordo, señoría –respondeu o mariscal.*

*Entón tocaron a retirada e os que estaban a asaltar deixaron o asalto e volveron para as tendas, curaron a todos os que estaban feridos e pasaron así a noite. Tiñan viño canto quixeren mais non o mesturaban con auga polo que o resultado era que pola mañá non se daban remexido.*

*No outro día decidiron que non habían asaltar no día todo debido á calor que ía, porque aínda estaba a súa xente toda cansa e estomballada polo viño que bebera no serán, mais acordaron que no outro día, unha hora antes de o sol raiar, coa fresca, asaltarían de vez ata a terza. E avisaron á hoste que cadaquén se estivese ao xeitiño e ninguén se armase ata resoar a trompeta do mariscal. E fíxose así.*

*Ese día tivo o duque de Lancaster novas do rei de Portugal, que se botara á campía e saíra do Porto indo para Saint-Yrain, por onde quería entrar en Castela. As dúas hostes deberíanse reunir no río Douro<sup>39</sup>, diante da cidade de Padyen<sup>40</sup> ou diante de Villalpando. Iso decidiran os portugueses se é que o rei de Castela e os franceses que chegaran e estaban a chegar todos os días non lles saían adiante. Mais no caso de que estes se xuntasen e fixesen algún movemento de defender os campos e daren batalla cumpría que se visen máis cedo. Con estas novas alédouse o duque e mandou que lle desen dez nobres ao escudeiro portugués que as traía.*

*Falemos agora do asalto que pola mañá se fixo en Ourense, na Galiza, como o mariscal e os ingleses dispuxeran no serán do día anterior.*

*Cando riscou o día e o aire estivo limpo e claro, a trompeta do mariscal púxose a resoar diante das tendas para acordar toda caste de xente armada. Daquela preparáronse cabaleiros e escudeiros pondo os seus mellores arreos, cada un baixo do seu pendón, e botaron máis dunha hora longa en se prepararen antes de estaren dispostos. O duque de Lancaster estaba no seu pavillón e non se ergueu tan cedo pois non tiña cousa que facer niso. O mariscal dirixiuse aos acampamentos, como quería o seu oficio. E baixo o seu pendón situáronse todos aqueles que tiñan que estar alí para o ataque.*

*Dentro de Ourense chegaronlles novas aos bretóns e aos habitantes de que os ingleses estaban a se preparar para o asalto. Chegáronlles por medio dalgúns*

---

<sup>39</sup> Traducimos en todas as ocasións o *Derue* de Froissart por Douro, aínda que pensamos que ás veces o cronista non o sitúa ben.

<sup>40</sup> Algúns identifícano como Benavente.

*bretóns que se mantiveran á espreita pola noite e o souberan ao escoitaren as trompetas do mariscal. Entón foron espertando pola cidade toda caste de xente, homes e mulleres. E o capitán da gornición mandou que lles dixesen aos galegos:*

*- Señores, por Deus, sede xente boa e leal e non vos amedoñedes co ataque que vos fagan! Nin vós nin nós temos que temer. Estamos nunha cidade boa e forte e temos dardos e lanzas ferradas abondo para rexeitarmos os nosos inimigos e causarlles moito dano. E mesmo se eles fosen máis fortes ca nós, hannos perdoar. Cousa peor non nos poden facer. Tede azos e amosádevos firmes. Nós e os nosos compañeiros que están nesta vila para axudar e custodiar os vosos bens e honra temos estado outras veces en prazas máis febles ca esta sen recibirmos dano ningún.*

*Os galegos –quixesen que non- afoutáronse cos ditos dos bretóns, o que non terían feito de estaren sós pois se habían render axiña sen agardaren o asalto. Porque, falando a verdade, en Castela e en Galiza, as comunidades non valen nada na batalla. Están moi mal armadas e son de pouca obriga e valentía. Os nobres –aos que chaman fidalgos, son bastante bos se van de a cabalo, mais des que fan a acometida, viran as costas e fincan as esporas, fuxindo dereito diante deles.*

*Chegaron, logo, os ingleses todos aparelados e formados para atacaren arredor da hora de o sol se erguer, e botáronse todos dentro dos foxos que eran moi largos e fondos e sen auga. Foron ata as empalizadas sen apenas impedimento – porque como dixemos rozaran silvas, bouza e espiñeiras e todo o que lles impedía gabear- levando nos seus puños machadas de grandes ferros e largos gumes cortantes, cos que comezaron a botar abaixo a empalizada e guindala ao chan. Mais con todo non chegaran aínda á muralla da cidade, pois tiñan de volta que atravesar un foxo tan largo ou máis ca o que xa pasaran, e este estaba enlamado en moitos lugares, mais eles non dubidaban un momento, senón que se botaban no foxo e ían todos decididos ata o muro.*

*Cando os da cidade que estaban enriba da muralla os viron achegarse así tan perto deles, non se amedoñaron senón que se defenderon afoutadamente, lanzando os galegos dardos de ferros afiados, de corte moi perigoso porque aquel ao o que lle batían de cheo cumpríalle estar moi ben cuberto e levar moi boa armadura, outramente feríanlo gravemente. Entón decidiron os ingleses erguer escalas contra os muros e levantaron en varios lugares as que fixeran e armaran no día anterior cando estiveran sen asaltar. Teriades que ver cabaleiros e escudeiros avantaren para escalalas, cos escudos sobre as bestas e a espada na man, combatendo fronte a fronte. Os bretóns, a dicir verdade, moi ben e afoutadamente se defenderon e considero afouteza o feito de preferiren o asalto cando ben sabían que non lles había chegar axuda de ningures, dado que a decisión e a orde dos franceses e o rei de Castela era que ían deixar campar os ingleses por toda Galiza e mais fóra (se quixesen saír dela) sen combatelos. E os bretóns e os galegos mantiñanse firmes.*

*- Ah –dicían algúns cabaleiros ingleses- se todas as cidades de Galiza nos desen tanto traballo coma esta endexamaís dariamos rematado esta guerra.*

*E dicían outros:*

- Dentro hai un gran botín e unha grande pillaxe que reuniron nela e trouxeron das terras do arredor; por iso se defenden tan duramente, pois que buscan que se faga un trato para renderen a cidade e que todo fiquen nas súas mans sen devolveren cousa ningunha.

*Uns preguntaban:*

- *Quen son os capitáns da cidade?*

- *Son dous bastardos bretóns, bos guerreiros, que coñecen ben canto cómpre en asaltos e asedios. Son do oficio e víronse en moitas outras ocasión en situación máis difíceis. Un é o bastardo de Pennefort e o outro o de Auray.*

- *Sexan quen foren, son afoutados, pois para eles non hai asomo de socorro por lado ningún e máis mantéñense firmes.*

*Os que subían nas escalas, con boa experiencia en armas e moita valentía eran rexeitados e botados abaixo, na lama dos foxos, e había moita grita dos españois.*

*Ao que o duque de Lancaster se ergueu e ouvíu misa, dixo que quería ver o asalto. Montou nun corcel e ía sen armadura, levando despregado diante del o seu pendón de Francia e de Inglaterra, con tres lambeis de prata<sup>41</sup>, ondeando ao vento ao xeito dun estandarte pois as estremeiras caían pertiño do chan. E cando chegou o duque, o asalto redobrou en dureza pois todos os compañeiros avantaban para acadaren máis louvanza e aprezo. E tamén os que defendían a praza, a saber os bretóns e os seus capitáns, cando viron o pendón do duque ondear, souberon que estaba alí presente, polo que se esforzaron tanto máis en amosaren a defensa e faceren feitos de armas. Nese estado se mantiveron asaltantes e defensores ate á hora de terza e non había aparencia de que fosen conquistar a cidade de Ourense tan axiña, cando menos con eses asaltos.*

*Entón preguntou o duque:*

- *E quen son os capitáns de aí dentro?*

*Noméáronllos e dixo:*

- *Ídeslle dicir ao mariscal que trate ou mande tratar con eles para saber se queren render a cidade e poñela baixo a nosa obediencia. Penso que aínda non llelo preguntaron. Vamos, sir William –díxolle a un seu cabaleiro- avisade ao mariscal que veña falar comigo.*

*O cabaleiro foise de xunto o duque e cabalgou ata onde estaba o mariscal e díxolle:*

---

<sup>41</sup> O lambel (ou lambeau) é un amoblamento de Heráldica. Trátase dunha barra que atravesa o escudo de lado a lado na parte superior e da que penden verticalmente rectángulos (neste caso tres, e todo en cor prata, é dicir, branco). O escudo do ducado de Lancaster está partido en catro cuartos en cruz alternando as armas de Francia (flor de lis en fondo azul, mención á orixe na dinastía Plantagenêt) e as de Inglaterra (tres leóns rampantes en fondo vermello).

*- Sir Thomas, Súa Alteza chámavos, vide falar con el.*

*Daquela foi o mariscal cabo do duque, e ao que chegou preguntoulle este:*

*- Mariscal: sabedes se estes bretóns que manteñen a cidade contra nós estarían dispostos a se someteren á nosa obediencia. Nós dámoslle moito traballo á nosa xente, provocando que se firan, e esgotamos arreo a nosa artillaría, que ben habemos precisar, sen sabermos cando teremos máis. Facede o favor, achegádevos perto das barreiras e comunicádelles que queredes tratar con eles.*

*Entón sir Thomas respondeu:*

*- De grado, Alteza: pois que queredes telos na vosa benevolencia é razón que sexan escoitados, se só depende deles.*

*Entón partiu o mariscal de xunto do duque e foi ata o lugar do asalto e díxolle a un heraldo:*

*- Adiántate e fala cos bretóns da cidade, a nosa xente abrirache paso; dilles que quero tratar con eles.*

*O heraldo respondeu:*

*- De grado, señoría.*

*Entón botouse nos foxos, vestido cunha cota de armas que fora do duque de Lancaster e dixo:*

*- Abride, teño que lles falar aos bretóns pois envíame Súa Señoría o mariscal.*

*A estas falas abríronlle paso os que estaban alí. O bastardo de Auray viuuno achegarse, e xa vira dende enriba da muralla como o mariscal lle transmitía as instrucións ao heraldo. Viuse logo amosar nas ameas e preguntou en alta voz:*

*- Que queredes, heraldo? Eu son un dos capitáns da cidade, coido que vos envían falar comigo.*

*- De certo –dixo o heraldo, chamado Percy- Súa Señoría o mariscal pídevos que veñades ás barreiras falar con el, pois quere tratar e parlamentar convosco.*

*- De acordo –dixo o bastardo- mais que a vosa xente se retire e cese o asalto, pois outramente eu non iría.*

*- Coido que así se ha facer –dixo o heraldo- pois é de razón.*

*Daquela volveu o heraldo cabo do mariscal e díxolle o que ouvistes. O mariscal chamou o seu trompeteiro e díxolle:*

- Toca a retirada

*E este tocou.*

*Entón cesaron os ataques de todas as partes. E ao que cesaron, os dous capitáns se achegaron á porta e pasaron alén ata as barreiras. Alá foran o condestábel, sir John Holland, e sir Thomas Moreaux e gran número de outros cabaleiros ingleses.*

*- Como, meus señores?- dixo entón o mariscal- Ides facer que vos tomen pola forza, coa perda e morte de vós todos e da boa xente da cidade? Ben sabemos que a comunidade se rendiría de grado a Súas Altezas o duque e a duquesa, e teríano feito xa se vós non o tivésedes impedido. Sabede que vos pode acontecer moito mal pois, ocorra o que ocorra, nós non habemos partir de aquí e habemos dominar a cidade, quer mediante trato quer outramente. Reunídevos en xuntanza e tomade a decisión, porque eu teño unha encomenda clara.*

*- Señor mariscal –respondeu o bastardo de Auray, xa nos temos reunido todos e tomado a decisión. No caso de que nos conduzaades con seguridade -nós e as nosas pertenzas- para chegarmos a Villalpando ou outro lugar onde nós queiramos retirarnos, conducíndonos salvos e sen perigo, rendémosvos a cidade. Tamén queremos que todos os homes, mulleres e rapaces que queiran permanecer dentro, permanezan sen perigo e dano obedecendo ao duque de Lancaster do xeito e maneira que fixeron as outras cidades de Galiza, non de xeito diferente. Ben sabemos que vós sodes o mariscal do duque e que a vós vos corresponde facer o trato, e que o que fagades o duque hao aprobar.*

*- É certo –dixo o mariscal. Levade, logo, da cidade todo o que dicides, mais non quero que fagades pillaxe nela en absoluto e que despois pretendades facernos crer que eran conquistas que xa tiñades; había ser perigoso para vós enfrontárdevos á nosa xente.*

*- Non habemos levar nadiña non sendo o que é noso –dixo o bastardo de Auray- E se algún dos nosos compañeiros se ten apoderado dalgunha cousa ou a ten pagado mal, non queremos ter enfrontamento ningún; mais coido que tocante á comida e bebida, desde que nos temos ocupado da gornición desta cidade a nosa xente non ten pagado case nada.*

*- Non, non –respondeu o mariscal – iso non conta. Os víveres son dados, tamén os han ser para nós, nós falamos só do non perecedoiro.*

*- Non vou presumir de sermos tan honrados que non tivésemos collido algunha cousa pequena. –respondeu o bastardo de Auray.*

*Daquela dixo sir John Holland:*

*- Deixádelles pasar o que é deles se é que o é. Non é cousa de cachear nos arcóns.*

*- Así se ha facer –respondeu o mariscal.*

*Entón, ese día suspenderon todo para se iren no seguinte, e o duque, o condestábel e o mariscal, con toda a súa xente, volveu para o acampamento, desarmándose e pódose cómodos. Os bretóns empregaron ese día en cargar e meter en arcóns a grande pillaxe que colleran no país de Galiza e mesmo no de Castela, porque todo fora abandonado polo rei. Os primeiros en chegar a Castela acadaron moi grande proveito. E, por cima, carregando e metendo en arcóns na cidade de Ourense, botaban neles un eito de bos aneis, pertenzas dos habitantes da cidade, penas, tecidos, cintos de prata, vaixelas e moitas outras riquezas que atopaban. E cando algúns lles falaban do asunto dicindo “Ei, señoría, iso é noso! Vós non o traiades ao chegardes!”, eles respondían:*

*- Calade e non digades cousa ningunha, xente ruín! Nós temos do rei de Castela a encomenda de nos facermos pagar en todas as partes collendo prendas, e como non quixestes pagar cando vos temos servido tan ben e lealmente, cómpre que collamos máis prendas porque estas xa son do pasado.*

*Cando no outro día cediño o mariscal montou de a cabalo, foise, acompañado por unhas sesenta lanzas, ata as barreiras de Ourense e detívose alá un pouquiño. Chegaron os capitáns dos bretóns e o mariscal preguntoulles:*

*- Estadades preparados?*

*- Estamos –dixeron- entregádenos un salvoconduto que nos leve seguros sen perigo.*

*- Onde queredes ir? –preguntou o mariscal.*

*- A Villalpando – responderon.*

*- Moi ben –dixo o mariscal- Velaí alguén que vos ha conducir.*

*Daquela chamou por un cabaleiro inglés ao que chamaban sir Stephen Eastbury e díxolle:*

*- Tomade dez soldados nosos con lanzas e conducide estes bretóns a Villapando, regresando mañá.*

*- Ben, señoría –respondeu o cabaleiro.*

*E fixo o que o mariscal lle ordenaba, conducindo os bretóns, que partiron de Ourense moi cargados de cousas.*



Toma de Ourense

(Manuscrito das *Crónicas de Froissart*, Bruxas, 2ª metade do séc. XV)

*Ao que todos partiron da cidade, entraron dentro o mariscal e os seus. Os burgueses e os outros da cidade inclináronse ata o chan pois moitos coidaban que era o duque de Lancaster e facíanlle tan grande reverencia. Entón o mariscal preguntoulles a algúns:*

*- E eses bretóns que se van tan cangados e carregados: levan algo voso?*

*- Levan, señoría –respondéronlle eles- Levan unha chea de cousas, Deus nos asista!*

*- E logo como non mo dixestes – preguntoulles o mariscal- Eu faría que volas volvesen!*

*- Señoría, non nos atreviamos: ameazaban con matarnos e degolarnos se nos queixabamos. Son ruíns e non teñen conciencia ningunha pois non hai un só deles que non sexa ladrón. E mais como non o habían ser se andan o día enteiro a se roubaren entre eles?*

*Cando o mariscal ouviu esas falas botouse a rir e despois calou; daquela chamou aos máis notabeis da cidade e tan axiña como chegaron mandoulles facer o xuramento de que habían manter a cidade de Ourense para o duque de Lancaster por sempre endexamáis, do mesmo xeito e maneira que as outras cidades de Galiza se renderan. Eles xurárono e o mariscal nomeou e renovou os oficiais, collendo entre os*

*da cidade. E, de que todo estivo rematado e os xuramentos todos feitos, e cando el e os seus soldados tiveron bebido un bo grolo, volveuse cabo do duque e da súa hoste, que estaban acampados baixo das belidas oliveiras -sempre verdes e de tan boa sombra- pois tanta calor ía que nin homes nin cabalos ousaban exporse ao sol dende a hora de terza ata ben entrada a de vésperas, nin ousaban cabalgar nin iren á forraxe debido ao ardor e a queimura do sol*

*A máis grande ilusión que tiña o duque era que lle trouxesen novas que dixesen “Maxestade, o rei de Castela ven cabalgando contra vós para vos combater”. Pois parecíalle que endexamais había dar acadado a reclamación de Castela nin se daría feito o seu señor non sendo con batalla. El mandaba preguntar coidadosamente, mais dicíanlle:*

*- Señoría, polos peregrinos que veñen de Santiago sentimos dicir que o voso adversario de Castela non está a axuntar xente para se botar aos campos senón que se deixa estar, como en gornición, igual que a súa xente. E que o duque de Bourbon, que ten que vir, aínda non chegou nin hai novas da súa chegada a Castela.*

*Despois de o duque de Lancaster estarse cinco días coa súa hoste na bisbarra de Ourense, decidiu ir diante de Noye para ver se a darían asaltado e darían pasado a ponte do río Douro. Estaba xa de volta o cabaleiro inglés que conducira os bretóns a Villalpando, como lle ordenaran, e preguntáronlle que xente había alá. El respondeu:*

*- Sentín dicir que o señor Olivier du Guesclin parou alí con mil lanzas de bretóns e franceses.*

*Daquela dixeron o condestábel, o mariscal e sir Thomas de Persy:*

*- Señoría, sería ben que fósemos velos e escaramuzarmos con eles. Se cadra saían para fóra pedindo combate, pois hai algúns que o desexan grandemente.*

*- De acordo –dixo o duque- desacampemos e vaiámonos, aquí non temos proveito ningún.*

*Entón ordenaron desmontar o acampamento pola mañá e cabalgar cara a Noye, e de alá a Villalpando.*

*Ocúpase a seguido Froissart do rei de Portugal, que sae do Porto cun gran exército coa idea de entrar en Castela para reforzar ao duque de Lancaster e reunirse alá finalmente con el. Era un importante mais moi lento continxente:*

*Cabalgaban en tres corpos e batallóns, e só podían camiñar ao paso, por mor da xente de a pé que o rei levaba, que eran ben dez mil homes, e das bestas de carga e dos carros, que eran numerosísimos pois medían máis de dúas leguas de longo.*

*Os portugueses andan primeiro por terras de Alcobaça, Ourém e Santarém, tratando de recuperar algunha fortaleza en mans de Castela, mais ante as dificultades, deciden penetrar en Galiza para axudar ao duque de Lancaster.*

Sorprendentemente, Froissart afirma que en tres días -facendo só etapas en Ponte Ferrande<sup>\*42</sup>, na Galiza, e mais no Val de Santa Catarina<sup>\*43</sup>- chegan a Ferrol as tropas portuguesas. Non se entende que unhas tropas tan carregadas e obrigadas a camiñar ao paso desen percorrido nese tempo os seiscentos quilómetros de distancia a partir de Santarem.

## **FERROL**

*Cando o rei de Portugal e a súa xente chegaron diante de Ferrol, atoparon un lugar bastante bo e arrodeárono, dicindo o condestábel e o mariscal que habían atacalo e que a cidade era doada de tomar por asalto. Estivéronse alá dous días sen asaltaren pois coidaban que se había render sen combate, mais non se rendeu pois había dentro bretóns e borgoñóns que dicían que habían resistir. Ao terceiro día ergueron os enxeños e o mariscal mandou resoar as trompetas para o ataque, polo que todas as tropas armáronse e formáronse, achegándose á cidade.*

*Cando os compañeiros que estaban dentro de Ferrol ouviron as trompetas da hoste comprobaron que os ían asaltar. Entón preparáronse, e mandaron prepararse todos os homes aptos para a defensa, e mais tamén as mulleres, que traguían pedras e croios para botar contra abaixo. Pois sabede que en Castela e en Galiza as mulleres son de gran defensa e grande afouteza, tan grande ou en parte igual ca os homes. Alá chegaron a bo paso os portugueses ata os foxos, que eran costentos e profundos, mais sen auga. Entraron neles decididamente e comezaron logo a subir e a gabear cara arriba sen se arredar. Mais aos que subían costáballes moito facelo se non ían ben cubertos e amparados pois os que estaban no alto guindábanlles pedras e croios cos que ferían a algúns. E fixéronos recuar, quixesen que non.*

*Houbo un bo combate entre os de dentro, que lles lanzaban dardos aos da hoste, e os da hoste, que tamén llelos lanzaban aos de dentro. Este asalto durou ata a hora de terza, cando o día quentaba de máis e o sol queimaba tanto que non se daba aturado, e non había vento nin aire. Especialmente os que se meteran nos foxos tiñan tanta calor que lles semellaba que ardían. Daquela, debido á grande fogaxe que facía cesou o ataque, mais os enxeños seguían os seus lanzamentos ao chou dentro da cidade.*

*Retiráronse, entón, os asaltantes portugueses todos, e despois descansaron e atenderon os feridos. Acónselláronlle ao mariscal de Portugal que non seguisse o ataque senón con enxeños, porque asaltaren así representaba moito traballo e dano para a súa xente; irían loitar en escaramuzas ás barreiras, para entreteren os compañeiros e practicaren as armas. Fíxose tal como se ordenara e case todos os días había escaramuza. E dígovos que os de Ferrol (tanto os soldados coma os compañeiros que estaban dentro) se chantaban fóra da cidade entre as barreiras e a porta para pelexaren máis a xeito, o que levou ao mariscal de Portugal, dom Nuno Álvares Pereira, que moita experiencia tiña nas armas, a matinar nese asunto da escaramuza e a lle dicir ao señor Fernandes Pacheco:*

---

<sup>42</sup> Non o damos identificado. Ponferrada?

<sup>43</sup> Non o damos identificado.

- *Estou a ver estes soldados encravárense entre a barreira e a porta; se nós facemos unha cousa que vos vou dicir (collermos cinco centos ou seis centos dos nosos ben montados e viñésemos cun grupiño pequeno ao comezo diante deles, recuando pouco a pouco entrementes eles estivesen dentro das barreiras), penso que, pola cobiza de gañaren axiña, haberían abrilas, e daquela nós sairíamos a toda présa ata elas e as ocuparíamos. Eles non habían sospeitar da emboscada, aparecendo de súpeto os cabalos cargando sobre deles, e cando se decatasen abandonarían as barreiras facendo abrir a porta para se salvaren, co que, quixesen ou non, forzaríamolos tanto que entrariamos na cidade con eles. E se os de dentro non abrisen a porta, cando menos os que ficasen fóra habían ser nosos.*

- *Évos certo –respondeu dom Tomás Fernandes<sup>44</sup>- Collede vós un grupo e eu collerei o outro.*

*E o mariscal dixo:*

- *Vós faredes a emboscada, con Vasco Martins de Melo e Lopo Vasques da Cunha, e eu irei á escaramuza, pois é o meu oficio.*

*Adoptouse esta decisión e preparáronse cinco centos homes ben armados e ben montados para se emboscaren, e durante tres días enteiros non se librou escaramuza ningunha, o que maravillou aos soldados da cidade, e dicíánlles estes aos galegos:*

- *Mirade, xente ruín, vós queriades render a cidade tan axiña como os portugueses viñeron, se non fose por nós. Nós conservamos intacta a honra da vosa cidade, pois habedes ver que finalmente, o rei de Portugal e toda a súa hoste vanse ir de aquí cansos sen conquistaren miga.*

*Ao cuarto día que os portugueses levaban folgando, volveu comezar a escaramuza, coa disposición que antes dixemos. E veu o mariscal da hoste cun grupiño pequeno de xente escaramuzar na barreira, e montaron a gran emboscada atrás deles.*

*Os bretóns, que desexaban moito pillar algún bo prisioneiro pois xa tiñan seis, cando os viron achegarse ás súas barreiras fixeron abrir a porta e deixárona sen pechar para que fose máis doado, pois non confiaban nos da cidade, e así, coa porta aberta, se achegaron ás súas barreiras e comezaron a manexar as armas como pertence a unha escaramuza.*

*Cando o mariscal viu que era o momento, el e os seus compañeiros mudaron o paso, amosando que estaban moi traballados e a piques da desfeita, e recuaron pouquiño a pouco. E os compañeiros de dentro da cidade, ao veren a maneira, coidaron que poderían prender e pillar todos, e abriron de vez as barreiras saíndo para fóra. Botáronse enriba dos portugueses e colleron vinteseis, turrando e puxando deles para os pór a seguro dentro da cidade, e co abalo tan grande que houbo non pensaron en pechar as portas nin as barreiras; tamén o mariscal, que esperaba o*

---

<sup>44</sup> Se quen responde é Fernandes Pacheco, sería João Fernandes, non Tomás, como pon Froissart.

socorro da emboscada perseguíaos o máis que podía. E velaí chegaren os señores João Fernandes Pacheco, Vasco Martins de Melo e Lopo Vasques da Cunha, con ben cinco centos compañeiros ben montados: eran máis ca os bretóns e botáronse ao tempo contra a barreira, apoderándose dela.

Cando os mercenarios bretóns e franceses viron isto, quixeron recuar detrás da barreira, mais non deron porque coa mesma entraron tamén os portugueses. Así se apoderaron decontado da cidade, que foi tomada e gañada, e houbo algúns mortos, non moitos. Os soldados que estaban alá en gornición foron todos presos, non sendo dez ou doce que escaparon por outra porta que fixeron abrir, e fuxiron cabalgando polos campos cara a Villalpando, en Castela, onde estaba en gornición o señor Olivier du Guesclin con máis de mil lanzas francesas. E cando chegaron contáronlles aos capitáns e compañeiros como a cidade de Ferrol, na Galiza, fora gañada polos portugueses, e como estes a puxeran baixo a obediencia do duque de Lancaster, a prol de quen loitaban.

Cando o rei de Portugal ouvíu que os seus cabaleiros traballaran tan ben e vinceran aos seus inimigos púxose tan ledor que máis non podía. E decontado enviou novas ao duque de Lancaster dicíndolle que lle acrecía moito o seu herdo en Castela e que xa lle conquistara unha boa praza, maravillosamente forte, e que el e mais os seus cabaleiros e a súa xente se ían pór ao labor de lle conquistar outras, cousa que aladou moito ao duque a a súa hoste.

## **NOYE**

Coas novas da toma de Ferrol aledouse moito o duque de Lancaster – que xa partira de Ourense e estíbbase achegando a Noye, onde estaban os señores Barrois des Barres, Jean de Chastel-Morant, Tristan de la Gaille, Renaud de Roye, Guillaume de Montigny e outros cabaleiros e escudeiros. Tanto apertou a hoste do duque de Lancaster que albiscou o castelo de Noye. Daquela dixo o mariscal:

- Velaí tedes Noye en Castela<sup>45</sup>. Do mesmo xeito que a Coruña é unha das chaves de Galiza pola banda do mar, o castelo de Noye é pola banda de Castela outra chave, e non é señor de Castela quen non é señor da Coruña e de Noye. Imos ir alá, ver os compañeiros. Dixéronme que Barrois des Barres, un dos máis expertos e nomeados cabaleiros do reino de Francia se mantén alá, imos logo facer á entrada da ponte algunha escaramuza.

- De acordo –responderon os compañeiros que cabalgaban á par del, a saber os señores Maubrun de Linieres e John d'Ambreticourt.

Entón cabalgou a avangarda –na que había ben cinco centas lanzas, toda xente exercitada en armas porque o duque colocara nela unha parte da súa tropa en se achegando ao castelo- para lle facer unha grande mostra aos do castelo, e mais pensando tamén con razón que os seus dous mariscais irían con eles para combater

---

<sup>45</sup> Outras variantes desta frase dan Galiza por vez de Castela na primeira e na terceira das ocasións, o que resulta máis coherente e repite a idea que foi expresada anteriormente (v. páx. 47) e outras mencións de Froissart situando Noye en Galiza.

*se é que atopaban contra quen.*

*Cando a garda da torre maior viu os ingleses achegárense, comezaron a resoar un corno e a bulir que daba xenio ouvilo. Barrois e os compañeiros sentiron decontado que viñan os ingleses por aquela parte e armáronse e formaron todos en axeitada disposición, sendo ben dous centos homes armados, e saíron fóra, ata as barreiras, onde se pararon en boa orde. Había doce pendóns, o señor Barrois era o de máis sona e máis armas, seguido polo señor Jean de Chastel-Morant.*

*Cando sir Thomas Moreaux, marescal da hoste, viu que se atopaban perto abondo da cidade e das barreiras detívose nos campos. Detivose tamén a súa tropa e botaron pé a terra, entregándolles os seus cabalos aos paxes e criados, e despois, todos xuntos e apertados, achegáronse os cabaleiros e os escudeiros ás barreiras, cadaquén coa lanza no puño. Ián camiñando ao paso, e cada seis pasos detíñanse para se aliñaren ben e iren ben xuntos sen se espallar. A dicir verdade, era belido velo.*

*Cando estiveron onde querían estar, detivéronse, e despois, camiñando todo á fronte avanzaron en armas contra as barreiras. Foron acollidos acaídamente e en boa formación, e eu creo que se todos se atopasen en pleno campo tería habido un gran combate, mais non o puido haber ao non se poderen acadar os uns aos outros pois as barreiras estaban chousas e pechadas.*

*O mariscal tiña a súa lanza apuntada contra o señor Jean de Chastel-Morant, e este contra o mariscal, e pretendían mancarse un ao outro, mais non podían porque levaban moita armadura. Igualmente sir Thomas de Percy contra o señor Barrois, e sir Maubrun de Linieres contra o señor Guillaume de Montegny, e o señor Renaud de Roye contra contra sir Eustace d'Ambreticourt, e o señor de Talbot contra o señor Tristán de la Gaille. E así, cada quen co seu par, adiantando e escaramuzanco coas lanzas. E cando se atopaban cansos e traballados, ou demasiado acalorados, mudaban o lugar, entrando a escaramuzar, novos e frescos, outros cabaleiros dun lado e doutro. Alá estiveron nesta lide ata a hora de terza ben cumprida. Pasaran das once cando cesou a escaramuza. Logo, volveron aínda os arqueiros ás barreiras, mais os cabaleiros franceses, temendo as frechas, retiráronse e dispuxeron os seus besteiros e os españois, todos provistos de dardos e escudos contra as frechas dos ingleses. Esta escaramuza, lanzando e botando uns contra os outros, durou ata a hora de nona. Logo chegaron fortes criados para escaramuzaren ata o solpor. Estes atoparon os cabaleiros novos e frescos que regresaron para manteren a escaramuza. Como podedes comprender, empregaron o día enteiro da mañá á noite, cando os ingleses se retiraron ao seu campamento, e tamén os compañeiros e os de Noye para dentro da súa praza forte, onde fixeron boa vixía.*

*Os ingleses acamparon a unha media legua do castelo de Noye, contra abaixo do río, e a auga deste veulles moi ben a eles e aos seus cabalos, pois ata ese momento tiveran moita falta de auga boa. Queríanse refrescar seis ou sete días, e despois iren a Villalpando para ver o condestábel de Castela e as tropas de Francia que alá dentro estaban. Tamén sentiran novas do rei de Portugal que acampaba nas chairas de Ferrol con toda a súa hoste e quería dirixirse cara á cidade de Padrón, en Galiza, que estaba no camiño do duque e dos ingleses. Paréceme que o rei de Portugal e o duque*

*tiñan que se atopar alá e estaren xuntos para tratar da súa cabalgada e saber como podían continuar o seu traballo. Porque xa levaban máis dun mes pola campía e puxeron baixo a súa obediencia o reino de Galiza todo, faltando moi pouquiño, e non ouvían nova ningunha do rei de Castela nin dos guerreiros de Francia, o que os asombraba, pois dixéranlles que o rei de Castela -que puxera en Burgos, onde se mantiña, o seu mando sobre todas as partes de Castela, Sevilla, Córdoba, Toledo, España, Asturias, León, Valladolid e Soria- tiña ben sesenta mil homes e seis mil lanzas só de franceses, e debía estar tamén o duque de Bourbon, pois partira de Francia para se dirixir alá. Por iso querían encontrarse eles e as súas dúas hostes, os ingleses e os portugueses, para se faceren máis fortes un co outro e estaren máis equipados se os inimigos aparecían, porque tiñan por boas e certas todas estas novas que se dicían dos franceses e os españois, e púñanse moi ledos de que os fosen combater -iso pensaban eles- pois parecíalles que non darían rematado o seu propósito, de non ser por medio da batalla.*

Cambia aquí de asunto a crónica de Froissart para recuperar máis adiante o relato sobre o duque de Lancaster, mais, sorprendentemente, muda de xeito radical o que afirmara anteriormente tocante a unha cuestión que puido ser importante no desenvolvemento dos acontecementos: a calidade das augas.

*Cando o duque de Lancaster e a súa xente conquistaron e puxeron baixo a súa obediencia a cidade e o castelo de Ourense, en Galiza, refrescouse durante catro días, porque atoparon ben con que, e despois, no quinto día, partiron e dixeron que querían chegar ao castelo de Noye, como así fixeron, e acamparon durante catro días nun prado largaz ao longo dun río, mais o prado estaba xa todo seco pola grande calor do sol. Tamén a auga que atravesaba este prado estaba toda corrompida, tanto que os seus cabalos non a querían beber, e os que a bebían morrían axiña.*

*Entón ordenaron levantar o acampamento e volver para Ourense e permaneceren naquela bisbarra, porque como dicían os mariscais sir Richard Burley e sir Thomas Moriaux, era imposíbel tomar o castelo de Noye non sendo por un longuíssimo asedio e gran sentido e agudeza, e con moitos enxeños e un eito de aparellos de asalto. Tamén lle chegaron ao duque de Lancaster novas de que o rei de Portugal viña con toda a súa hoste, formada por máis de dúas mil lanzas e de dez mil homes de a pé e de a cabalo, moi boa axuda pois as dúas hostes xuntas serían quen de faceren unha importante proeza, dado que o duque de Lancaster tiña ben mil cinco centas lanzas, cabaleiros e escudeiros e seiscentos arqueiros.*

*Estas novas aledaran moito ao duque e un día levantaron o acampamento de diante de Noye -onde non acadaran nada- e fóronse para Ourense, en Galiza. Alá foron enviadas a duquesa de Lancaster e as damas, pois o duque dicía que agardaría en Ourense polo rei de Portugal, como así fixo.*

*Saberedes que cando o rei João de Portugal ou os seus mariscais tomaron posesión da cidade de Ferrol achegáronse a Ourense para iren cabo do duque de Lancaster, e atoparon no camiño, ou moi perto del, a cidade de Padrón que lles foi rebelde, mais tan axiña como eles chegaron os que a dominaban puxéronse baixo a súa obediencia, e alá se hospedaron máis de quince días o rei e a súa xente na cidade e na bisbarra, comendo a fartar bens e víveres do país aínda que trouxesen abondo*

de Portugal.

*Estaban, logo, eses dous señores coas súas hostes na Galiza e moito empobrecían o país. Este quentábase tanto polo día que dende a terza ninguén ousaba cabalgar polas rúas nin polos camiños por mór da calor do sol se non se quería queimar todo. O duque e a duquesa estábanse en Ourense e a súa xente na campía, que estaba en gran pobreza, perigo e mingua de víveres para eles e os seus cabalos. Nin herba nin dozura ningunha de refresco daba agromado do chan, tan secas, duras e queimadas polo sol estaban as terras. E o que agromaba non daba frutificado pois a gran calor do tempo aburara todo, de xeito que se os ingleses querían ter víveres para eles e os seus cabalos, cumpría moitas veces enviar os seus criados ou forraxeiros doce, dezaseis ou vinte leguas lonxe. Pensade e reparade, daquela, no gran traballo. E os cabaleiros e escudeiros de Inglaterra atopaban tamén os viños ardentes e fortes: crebábanlles a testa, secábanlles a corada e queimábanlles o fígado e os boches. E non sabían como lle pór remedio pois atopaban moi poucas augas boas ou frescas para moderaren o viño ou para se refrescaren. Chegaran ao extremo contrario da súa natureza, pois os ingleses no seu país aliméntanse moi docemente, e aí alimentábanse de queimura e de calor dentro e máis fóra. Tiveron, daquela, moitas coitas e laceiras todos os grandes señores que alá estaban, e falta de comodidade en cantidade moi superior á que estaban afeitos, tantas que ao final se amosaron, como vos hei lembrar en diante.*

*Cando os cabaleiros e escudeiros de Inglaterra viron o infortunio que lles acontecía e o perigo de víveres e a gran calor do sol que seguía a multiplicarse, comezaron a murmurar e a dicir en distintos lugares da hoste:*

*- A nosa cabalgada remata de vez e dun xeito ben ruín pois non imos dar parado en sitio ningún.*

*- É certo –dicían outros- Hai dúas cousas moi contrarias que fixemos: levamos mulleres na nosa compañía e, como sempre piden parada, por un día que elas camiñan queren repousar quince; iso consómenos e seguirá a nos consumir pois, des que chegamos á Coruña, se tivésemos cabalgado todo o país sempre a diante nosa, teríamos conquistado e posto o país baixo a nosa obediencia, ninguén nos tería gañado, mais as longas estadías que fixemos reforzaron os nosos inimigos, que se fortificaron e forneceron de xente armada do reino de Francia que han gardar as súas cidades, castelos e fortalezas, e han protexer e defender as súas pasaxes dos ríos. Hannos derrotar sen dar batalla. Non precisan xa combaternos porque este reino de España non é terra doce nin doada para cabalgar nin traballar, como é o reino de Francia, que está cheo de boas aldeas, fermosas terras, doces ríos, grandes lagos, belidos prados e delicados viños gorentosos para alimentar e refrescar a xente armada, sol e airiño morneiro. Aquí nós temos todo o contrario.*

*- Por que tiña o duque de Lancaster que traer muller e fillas a esta terra se quería facer unha gran conquista? –respondían outros- Foi unha gran dificultade sen miga de razón, pois xa en toda España e fóra sábese ben que el e os seus irmáns teñen os herdos deste país a causa das fillas do rei Pedro, e tocante á conquista ou a facer renderse unha cidade, unha praza forte ou un castelo, as damas aportan moi pouquiño.*

*Cóntovos así as distintas falas que se daban entre eles cabaleiros e escudeiros en diferentes lugares da hoste do duque de Lancaster.*

*Nesas chegaronlle ao duque novas de que se achegaba o rei de Portugal, polo que se aludou todo, e cando o rei estivo a unhas dúas leguas, o duque e os cabaleiros montaron de a cabalo e foron ao seu encontro. Ao se reuniren, moitas caras de ledicia puxeron e moitos acenos de agarimo fixeron, moitas festas se fixeron entre eles o rei e o duque, e tamén os cabaleiros portugueses que alá estaban. Sabede que a hoste de Portugal non se atopaba toda alí pois ficara atrás baixo o mando de seis altos baróns portugueses: Lopo Vasques da Cunha, Vasco Martins de Melo, Lopo Vasques de Azevedo, Gonçalo Vasques de Melo, o mariscal Álvarez Pereira e João Roiz de Sá. João Fernandes Pacheco, João Jeume de Sar\* e Gudes Rodrigues de Sar\*, con varios outros baróns e cabaleiros estaban co rei, que estaba acompañado de tres centas lanzas. Foron a Ourense, onde o rei de Portugal se aloxou segundo a súa condición e segundo a súa comodidade. Todo estaba cheo de cabalos e alá estiveron o rei, o duque e os cabaleiros cinco días e tomaron entre eles varias decisións.*

*A derradeira resolución foi que ían cabalgar e entrar na terra de Campos, indo cara a Villalpando onde se atopaba o señor Olivier du Guesclin, condestábel de España, coa maior gornición francesa, mais non sabían como pasar o río Douro que é traizoeiro e orgulloso por momentos, e máis non vran que no inverno pois o xeo e a neve dos montes derrétense coa calor do sol, en canto que no inverno todo está xeado, polo que os ríos son moi pequenos. Porén, considerado e sopesado todo, decidiron cabalgar cara a esa terra de Campos, que xa habían atopar pasaxe por algures. Comunicáronllo, logo, á hoste, e toda a xente se aludou moito pois estiveran moi anguriados e en moito perigo en Ourense e os arredores, e había xa moitos doentes.*

Atópanse, segundo Froissart, os dous exércitos en Ourense e de alá parten para faceren a entrada en Castela:

*Partiron o rei de Portugal e o duque de Lancaster de Ourense e cabalgaron xuntos, mais as hostes ían separadas unha da outra porque non se entendían entre elas nin se coñecían. E, en parte, tamén fixeron isto para rematar coas discusións e as liortas que se puidesen provocar entre eles, pois os portugueses son árdigos, aferventados e malsufridos, e os ingleses son fachendosos e encarraxados<sup>46</sup>. E sinaláronlles aos condestabeis e mariscais das dúas hostes –e estes aos forraxeiros- terras e bisbarras separadas, para que non foran xuntos á forraxe.*

*Cabalgaron, logo, unha xornada esas hostes, que eran abondo para combateren o rei Juan de Castela e as súas axudas, e tanto fixeron que chegaron ao río Douro que non é de auga doada de atravesar -pois que é moi profundo e de altas ribeiras gornecidas con penedos fragosos nacidos no comezo do mundo- non sendo por algunhas pontes, mais estaban tan desfeitas ou tan ben gardadas que resultaba imposíbel atravesalas. Por iso as hostes andaban a matinar e barallar como darían pasado.*

---

<sup>46</sup> Sobre o temperamento e a maneira de ser que Froissart lles atribúe aos ingleses e os portugueses lémbrese o que dixo máis enriba sobre os ingleses e os “españóis” (ver nota 33)

*E aconteceu que sir John Holland, condestábel inglés, e os mariscais da hoste sir Richard Burley e sir Thomas Moriaux ou os seus forraxeiros que ían cabalgando de diante, atoparon un escudeiro de Castela chamado Domingo Vagor\*. Estaba a cruzar o país e acababa de atravesar ese río; el sabía que as pontes estaban desfeitas mais coñecía ben as pasaxes axeitadas, e entre outras, a dun vao polo que se podía atravesar doadamente a auga a pé e de a cabalo. Mesmamente se dirixía a esa pasaxe. Eles detivérono e apresárono, levándoo diante dos señores, que se aledaron moito. Foi interrogado e o condestábel díxolle que o libraría de rescate e lle había pagar ben se lles amosaba a el e aos seus a pasaxe, pois ben sentira dicir que nese río había un vao moi bó.*

*O escudeiro, ao cobizar a recompensa do condestábel e ser liberado das súas mans, non tomou unha boa decisión cando lles dixo:*

*- Si, meus señores, eu amosareivos un bo vieiro, bo vao e boa pasaxe por onde todo o voso exército e as vosas tropas han cruzar sen perigo ningún.*

*Moito se aledaron o condestábel e os mariscais e cabalgaron xuntos, mandando informar ao duque de Lancaster destas novas e da ventura que tiveran.. Daquela, as hostes seguiron á vangarda e a tropa do condestábel e dos dous mariscais.*

*Tan ben o fixo a vangarda que chegou ao vao do río. O escudeiro español entrou primeiro e amosoulles o camiño, e cando viron que a pasaxe era boa e doada, aledáronse e cruzaron axiña do outro lado. Cada quen cruzaba o mellor que podía, e des que a vangarda estivo da outra beira, acamparon agardando polos outros para lles amosar o paso. E sir John Holland cumpriu a súa promesa e liberou o español, que se afastou deles cabalgando cara a Medina del Campo, unha boa praza forte de Terra de Campos onde estaba o rei.*

*O duque de Lancaster e o rei de Portugal, que cabalgaban xuntos, chegaron á pasaxe que chaman Praza-Ferrada\*por ser alí a area boa e firme e sen perigo. Pasaron por ela as hostes do rei de Portugal e do duque de Lancaster, e no outro día a retagarda. Todos acamparon na terra de Campos.*

*Aos de Roales, Castrojeriz, Medina, Villalpando, Sahagún e as prazas fortes e cidades da terra de Campos e de España, chegaronlles novas de que ingleses e portugueses estaban alén o Douro pois deran coa pasaxe. Maravilláronse todos e algúns dicían:*

*- Houbo traición, porque endexamáis sen o ensino dalgúns do país darían os ingleses e portugueses atopado este vao polo que pasaron. Non hai nada que non se saiba, ou a través de criados ou outramente.*

*Os señores do bando do rei de Castela foron avisados de que Domingo Vagor, galego<sup>47</sup>, fora quen lles ensinara aos ingleses a pasaxe de Praza-Ferrada. Apresárono no intre e sóubose a verdade, tal como el fixera. Foi condenado a morrer e levárono a*

---

<sup>47</sup> Agora, o escudeiro aparece como galego.

*Villalpando, onde lle cortaron a cabeza.*

A entrada das tropas inglesas e portuguesas desconcerta ao rei Juan I, que segue na espera do duque de Bourbon, co groso da axuda francesa, e teme o enfrontamento armado.

*Entón chamou aos señores Gautier de Passac e Guillaume de Lignach e díxolles:*

*- Estou todo sorprendido de que non veña o duque de Bourbon. Os nosos inimigos estánse achegando e vanse apoderar dos campos, sen que ninguén se lles enfronte, e van estragar todo o meu país. Xa a xente do meu reino está a queixarse de que non os combatemos. Aconselládeme, benqueridos señores, que cousa é ben que eu faga.*

*Os dous cabaleiros, que sabían de armas máis que o rei Juan (pois tiñan loitado máis e por esa razón foran maiormente enviados alá dende Francia) responderon e dixeron:*

*- Maxestade, tede por certo que Súa Señoría o duque de Bourbon ha vir axiña, niso non ha faltar. E cando el veña habemos determinar o que cómpre facer, mais ata que el veña non nos imos poñer en movemento para combater os nosos inimigos. Deixádeos ir e vir e cabalgar por onde queiran. Eles dominan os campos e nós as vilas, que están ben gornecidas e abastadas. Eles teñen o sol e a gran calor do tempo e do aire, e nós a sombra e a frescura da brisa. Eles atopan e han seguir a atopar o país devastado, e canto máis anden menos provisións han dar atopado. Por poder acontecer iso no comezo da estación foron condenados a ser demolidos todos os fortes, igrexas e pousas que a vosa xente andaba a fortificar e nos que se quería retirar e gardar os seus bens. Maxestade, foi un sabio consello demoler todo, pois arestora os vossos inimigos terían moitísimo mellor morada da que están a ter na terra de Campos: non han topar nela senón o ardente sol por riba das súas testas e dos seus cabalos, que os ha queimar e matar, podedes estar seguro de a feito.. Todas as vosas cidades, prazas fortes e castelos están ben gornecidos e provistos de adecuada xente de armas. Cremos que aqueles van facer algúns ataques e algunhas incursións, pois tal é a vida e a mantenza da xente de armas. En tais labores cómpre que se entreteñan e pasen o tempo, cabalgando e avanzando pola terra. Mais non teñades medo ningún, que nesa cabalgada non vos han causar gran dano.*

*O rei de Castela confortábase grandemente coas palabras cortesés e amigabeis dos dous cabaleiros devanditos e contentábase ben pois coñecía que lle expuñan dereito e razón.*

En efecto, as duras condicións climáticas, coa calor abafante e a falta de alimento para os exércitos e os cabalos, causan graves estragos e enfermidades, maiormente no exército inglés, pouco afeito a comidas e bebidas tan fortes e afectado polas graves doenzas que traía. O rei de Portugal propón que os ingleses se retiren a Galiza repoñéndose e agardando os meses suaves, mais xa é tarde pois a mortalidade asola as tropas inglesas, sen facer distincións entre nobres e soldados. O descontento ante o señor indiscutido, o todopoderoso e admirado

duque de Lancaster, faise manifesto e a situación sen saída. O duque permite entón que aqueles da súa tropa que desexen regresar a Inglaterra poidan facelo e págalles moi ben. Dende Ourense -onde segundo Froissart se atopaban nese momento o duque de Lancaster e o condestábel- desprázase cabo do rei de Castela unha embaixada para lle pedir autorización de paso polo seu reino, camiño do regreso a Inglaterra, para os feridos e enfermos que o desexen. O rei concédelles paso por Castela e mais permiso para permaneceren entremetres o propio rei non obteña para eles os salvacondutos dos outros reinos (Navarra e Francia) que deben atravesar despois. Naturalmente, coa condición estricta de non guerrearen contra Castela durante seis anos.

O exército do duque de Lancaster esfarélase: el volve, como xa dixemos, para Galiza e unha gran cantidade de soldados e cabaleiros pasa a Castela. Retomemos as palabras de Froissart:

*Na forma e maneira que vos declaro crebou nese momento o exército do duque de Lancaster en Castela, e cadaquén buscaba o mellor para si. Podedes e debedes crer que iso acoitaba moito ao duque, e con razón, pois vía rexeitadas as altas empresas e ilusións, mais como asisado e valente príncipe que era, confortábase boamente porque vía que no presente non podía ter outra cousa.*

*Cando o rei de Portugal viu que as cousas acontecían así e que o seu exército e maiormente o do duque estaban rompidos, deulle licencia a toda caste de xente que viñera servilo, e retivo unhas tres centas lanzas, partindo de Ourense co duque de Lancaster e a súa muller e cabalgando ata a cidade de Santiago, que chaman de Compostela. Des que o rei e o duque chegaron alá, o rei parou nela catro días e no quinto volveuse cara ao seu país con toda a xente que o acompañara, regresando á súa terra e cabo da súa muller que estaba no Porto, unha boa cidade de Portugal.*

*Debedes saber (e eu vóuvolo dicir) o que lle aconteceu a unha multitude de bos cabaleiros e escudeiros que partiran da tropa do duque e se retiraran a Castela espárexéndose por diferentes boas cidade e prazas fortes do país. Os que xa estaban tocados polo mal, por moito que camiñasen e procurasen aire novo e novas menciñas, non deron escapado sen morrer na súa estadía en Villalpando. No entanto que o rei Juan de Castela enviara a Navarra e a Francia na procura dos salvocondutos para atravesaren en paz os ingleses aquelas terras e señoríos como lles prometera -o que levou o seu tempo para daren chegado os enviados- morreron diferentes baróns, cabaleiros e escudeiros ingleses nos seus leitos, o que foi moita perda e enfeblecemento para o seu país.*

*En Villalpando morreron tres grandes baróns e ricos señores de Inglaterra, chamados en primeiro lugar sir Richard Burley -que fora mariscal soberano da hoste do duque, lord Poinings e sir Henry Percy, primo curmán do conde de Northumberland. Na cidade de Noye morreu sir Maubrun de Linieres, pictevino<sup>48</sup>, un moi afouto e experto cabaleiro. Na cidade de Roales morreu un gran barón de Gales que se chamaba lord Talbot, e acá e acolá morreron desa peste doce baróns de Inglaterra e máis de oitenta cabaleiros e de dous centos escudeiros, todos eles nobres.*

---

<sup>48</sup> Orixinario do Poitou.

*Mirade, logo, a gran desfeita sen bater coa arma nin entrar en batalla. E do pobo, arqueiros e outra xente, houbo máis de cinco centos mortos. Lembraaba un cabaleiro inglés chamado sir Thomas Queensburyy, co que eu falei cando do seu regreso por Francia, que dos mil cinco centos homes con armadura e máis de catro mil<sup>49</sup> arqueiros que o duque de Lancaster levava fóra de Inglaterra, non volvera a metade.*

*O mesmo duque de Lancaster caiu en postración e enfermidade moi grave e perigosa na cidade de Santiago, e en moitas ocasións correu en Castela e Francia a sona de que morrera, e houbo ser así.*

*Chega finalmente a Castela cun gran exército francés o duque de Bourbon, mais xa non lle será preciso enfrontarse aos exércitos de Lancaster e do rei de Portugal. Nin precisará mesmo entrar en Galiza para recuperar o territorio perdido por Juan I pois os ingleses e portugueses abandonan vilas e prazas.*

*O duque de Lancaster, como valente e asinado príncipe que era, sufría e aturaba todo, pois tiña que facelo, e tan axiña como deu cabalgado partiu da cidade de Santiago, coa súa muller e a súa filla e mais con todos os seus, pois o rei de Portugal enviou na súa procura o seu condestábel, conde de Navarre<sup>50</sup>, e mais o señor João Fernandes cun total de cinco centas lanzas. Esa tropa encabezábana os señores Lopo Vasques de Cunha, Egas Coelho, Vasco Martins de Melo, Galop Ferrant\*, Álvares Pereira, João Roiz, Pedro Gomes de Silva, João Roiz de Sá e todos os baróns.*

*En compañía destes puxéronse o duque, a duquesa e a súa filla, e partiron un día da cidade de Compostela e puxéronse en camiño e cabalgaron tanto nas súas xornadas que chegaron á cidade do Porto onde o rei e a raíña estaban a agardalos e lles fixeron moi boa acollida. E moi logo de que chegou o duque de Lancaster, partiron o rei e a raíña para Coímbra, a unha xornada de alá.*

*O duque de Lancaster ficou no Porto ben dous meses, e no entanto ordenou os seus asuntos. O rei forneceulle varias galeas ao mando de don Afonso Furtado, patrón maior de Portugal, e mandounas aparelar. Cando viron que o mar estaba bo e que vento era favorábel, o duque, a duquesa, a súa filla e a súa xente entraron nos seus navíos e levaron a áncora botándose mar a fóra e chegando en día e medio ao porto de Baiona, distante ben setenta e dúas leguas. Arribaron, mais non atoparon alá a sir John Holland nin aos ingleses, pois partiran e foran a Bordeus. Entón botouse o duque ao mar e dirixiuse a Inglaterra.*

*Permaneceu o duque de Lancaster en Baiona unha longa tempada gobernando e se ocupando das súas rendas das bisbarras de Baiona e de Bordeus e da terra da Aquitania, que obedecía ao rei de Inglaterra, pois tiña a encomenda de recoller todo o proveito destas terras, das que se titulaba duque e señor.*

*Pon en orde o duque os seus asuntos, e resulta prioritario para el nese momento recompór a súa posición política e económica. Os danos provocados*

---

<sup>49</sup> Iso di aquí o texto de Froissart.

<sup>50</sup> O condestábel era dom Nuno Álvares Pereira, que entre outros títulos tiña o de conde de Ourém. Ese conde de Navarre (que semella o que noutras ocasións aparece como conde de Novaire) será a interpretación de conde de Ourém que fai Froissart?

polas guerras (mesmo os do bando propio) e a xente que sofre disputas alleas e resulta vítima delas son axiña esquecidos polos señores que só se moven polos seus propios intereses. O duque de Lancaster non é unha excepción: en 1388 Xoán de Gante asina co rei de Castela o tratado de Baiona, polo que o duque e a duquesa renuncian aos seus dereitos á coroa castelá a cambio do casamento da súa filla Catarina co herdeiro de Juan I -o príncipe Henrique- e de fortes indemnizacións e rendas vitalicias para os dous cónxuxes.

Casan Catarina, de doce anos, e Henrique, de oito, e non tarda en morrer o monarca castelán co que o herdeiro se converte aos nove anos no rei de Castela que será coñecido como Henrique *el Doliente*. As dúas fillas que Lancaster trouxera de Inglaterra á Península Ibérica convertéranse, xa que logo, en raíñas de Portugal e de Castela. A diplomacia e os intereses políticos e económicos pechan o conflito dinástico.

Resulta curioso o remate desta pugna sucesoria na que Inglaterra asume a defensa do lexitimismo a través de dous fillos do rei Eduardo III. En 1366, o príncipe de Gales e duque de Aquitania (Eduardo de Woodstock) entra en Castela coas súas tropas para defender a Pedro I, e en 1386 o duque de Lancaster entrará tamén -na súa fracasada reivindicación do trono por consorte- e sucederá logo como duque de Aquitania ao seu falecido irmán. O fillo do duque de Lancaster reinará, por outra banda en Inglaterra co nome de Henrique IV ao destronar ao seu curmán Ricardo II, fillo do príncipe de Gales. Findará deste xeito no trono inglés a dinastía Plantagenêt e comezará a de Lancaster. Vida e morte trágica, a de Ricardo II, inmortalizada por Shakespeare no teatro, aínda que non poidamos confundir a peza dramática coa realidade histórica.

O mais sorprendente para nós é que o nome de Galiza volve aparecer no final desta historia: Froissart recolle que unha das condicións pactadas en Baiona é a de que os novos esposos, Henrique e Catarina, herdeiros da coroa de Castela, adopten o título de *Príncipes de Galiza* e vivan na nosa terra. Porén, ningunha cláusula do tratado de Baiona (1388) nin dos preliminares de Trancoso (1387) recollen expresamente esta obriga. Só despois o rei Juan de Castela comunica as Cortes de Briviesca que o príncipe Henrique, como sucesor da coroa de Castela, levará o título de Príncipe de Asturias, do mesmo xeito que o príncipe sucesor da coroa inglesa leva o título de Príncipe de Gales.

Galiza en lugar de Asturias non semella unha confusión de Froissart pois en cinco ocasións repite o cronista a expresión *príncipe de Galiza*. E un erro na súa información -sempre posíbel- contrastaría coa habitual solvencia das súas fontes. O feito de o duque de Lancaster ser durante os dous anos anteriores señor (e rei na práctica) de Galiza aboarí a súa preferencia deste polo título e -coa mesma- explicaría a reticencia e a substitución del polo rei de Castela.

En calquera caso, o nome de Galiza volve aparecer en 1400, nunha das derradeiras crónicas de Froissart: o historiador lembra, con motivo da morte do rei Ricardo II, que el estaba presente en Bordeus no momento en que nacera o

segundo fillo do príncipe de Gales<sup>51</sup>:

*“Estaba eu na cidade de Bordeus sentado á mesa, cando o rei Ricardo, que viu ao mundo unha cuarta feira ás dez horas, naceu<sup>52</sup>. Nese momento veu o señor Richard de Pont-Cardon, daquela mariscal da Aquitania, e díxome:*

*- Froissart, escribide e deixade memoria de que a señora princesa deu a luz un fermoso fillo que viu ao mundo o día de Reis, e é fillo de rei porque seu pai é rei de Galiza. O rei don Pedro deullo e vai seu pai conquistar o devandito reino, polo que se o rapaz provén de liñaxe real é razón que sexa rei.*

*O xentil cabaleiro de Pont-Cardon non mentiu, pois el foi rei de Inglaterra vinte e dous anos<sup>53</sup>.”*

A actualidade política e militar da segunda metade do século XIV relatada nas crónicas de Froissart axuda a espallar por Europa a existencia do noso país: *Galiza, príncipe de Galiza, rei de Galiza*, son referencias que lles resultan relativamente familiares ás cortes reais e á nobreza de Europa. Iso explica que, cando a finais do século XIV ou principios do XV, un autor francés anónimo reescribe e adapta unha obra literaria anterior pense nun heroe galego, o príncipe Ponto, para facer del o rei de Bretaña e de Galiza, modelo de príncipes e nobres de Europa<sup>54</sup>. E a impresionante escadra do duque de Lancaster que asoma na Coruña o 25 de xullo de 1386 –tras partir do sur de Inglaterra e facer escala na Bretaña– renova na *Historia de Ponto* a súa presenza baixo a frota reconquistadora do rei galego.



Como Ponto foi coroado rei de Galiza  
(Guillaume le Roy, *Le Roy Ponthus et la belle Sidoine*, entre 1483 e 1487)

<sup>51</sup> O primeiro fillo, Eduardo, o que Pedro o Cruel promete facer rei de Galiza (v. páx. 12) morre en 1371.

<sup>52</sup> O 6 de xaneiro de 1367, día dos Reis, logo.

<sup>53</sup> *Chroniques*, tomo 16, p. 234.

<sup>54</sup> *Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña*. Tradución de Henrique Harguindey. Rinoceronte Editora, 2016